



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 13

Sesión plenaria
25 de xuño de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-t9uLaRund-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia (doc. núm. 4254, 12/PL-000001)

Publicación da iniciativa e asignación á Comisión, BOPG nº 27, do 21.05.2024

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 38, do 13.06.2024

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación da empresa pública de enerxía renovable de Galicia (doc. núm. 603, 12/PPL-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 05.04.2024

Punto 2. Comparecencia

2.1 1855 (12/CPP-000005)

Da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

Punto 3. Mocións

3.1 5783 (12/MOC-000011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 572, publicada no BOPG núm. 10f1, do 12 de abril de 2024, e debatida en sesión plenaria do 11 de xuño de 2024)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

3.2 5790 (12/MOC-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1343, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida en sesión plenaria do 11 de xuño de 2024)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024



3.3 5813 (12/MOC-000013)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 1945, publicada no BOPG núm. 16f1, do 24 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do 11 de xuño de 2024)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 705 (12/PNP-000060)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que a cidade da Coruña albergue a futura sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

4.2 1593 (12/PNP-000176)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Alén Castro, Gabriel e nove deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que, en colaboración con concellos e deputacións, desenvolva o Plan Pistas Abertas, orientado a poñer á disposición de clubs e familias as instalacións deportivas escolares

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

4.3 3025 (12/PNP-000343)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para lle dar pulo á promoción do deporte feminino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

4.4 4528 (12/PNP-000477)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inicie todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas autonómicas AG-55 AG-57

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f1, do 29.05.2024

4.5 4837 (12/PNP-000504)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de acadar a gratuidade universal dos libros de texto en todas as etapas obrigatorias do ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

4.6 5350 (12/PNP-000555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que encargue no prazo máximo de tres meses os estudos necesarios para coñecer as vías de anulación da prorroga da concesión da autoestrada AP-9 e a viabilidade da xestión directa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37f1, do 12.06.2024

Punto 5. Interpelacións

5.1 2138 (12/INT-000149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

5.2 3863 (12/INT-000254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

5.3 5426 (12/INT-000325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e tres deputados/as máis

Sobre as políticas de apoio aos sectores industriais galegos inmersos nos grandes procesos de cambio de paradigma enerxético ou tecnolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37f2, do 12.06.2024

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 5890 (12/POPX-000009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as medidas que o Goberno galego considera como as adecuadas para mellorar os problemas do sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024



6.2 5891 (12/POPX-000010)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar o financiamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 5121 (12/POP-000682)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as condicións laborais e económicas das letradas e dos letrados da quenda de oficio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f2, do 05.06.2024

7.2 5266 (12/POP-000696)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Martínez, Fabiola e sete deputados/as máis**

Sobre as liñas de axudas que habilitou a Xunta de Galicia destinadas a facilitar a participación dos representantes galegos nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37f2, do 12.06.2024

7.3 5433 (12/POP-000722)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de terreos no parque natural das Fragas do Eume

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37f2, do 12.06.2024

7.4 5881 (12/PUP-000031)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a política que desenvolve a Xunta de Galicia para loitar contra os comportamentos de odio cara á comunidade LGBTI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

7.5 717 (12/POP-000060)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do alcance do modelo de financiamento para Cataluña derivado dos acordos de lexislatura pactados entre o PSOE e Junts

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f2, do 12.04.2024

7.6 5863 (12/PUP-000029)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Rodríguez Martínez, Roberto e dez deputados/as máis

Sobre determinadas declaracións realizadas por responsables do Goberno central no que atinxe aos custos do rescate e da gratuidade da autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

7.7 1997 (12/POP-000314)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa dotación médica do Centro de Saúde do Valadouro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 17f1, do 25.04.2024

7.8 5866 (12/PUP-000030)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a continuidade do Centro de Saúde de Doiras, no concello de Cervantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

7.9 610 (12/POP-000040)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e catro deputados/as máis**

Sobre o impacto visual e paisaxístico que producirían no Camiño de Santiago as instalacións que proxecta a empresa Altri na Ulloa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 11.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 14.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 19.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixaren a súa posición: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 23.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 28.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 30.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación da empresa pública de enerxía renovable de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 36.), *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 37.) e *Sr. Lorenzo Gómez (P)*. (Páx. 41.)

Rolda de réplica: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 44.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e 1 abstención*. (Páx. 45.)

Votación da emenda á totalidades de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e 1 abstención*. (Páx. 45.)
O señor presidente anuncia que, rexeitadas as emendas á totalidade presentadas a este proxecto de lei, continúa o seu trámite parlamentario. (Páx. 45.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación da empresa pública de enerxía renovable: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 46.)

Comparecencia da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)



Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 46.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. López Font (S)* (Páx. 56.), *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 58.) e *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 62.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 65.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 65.)
Nesta rolda interveñen o señor López Font (S) (Páx. 70.), *a señora Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 71.), *a señora Deza Martínez (P)* (Páx. 73.) e *a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 74.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en adiantar o debate da pregunta 7.9. (Páx. 76.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto visual e paisaxístico que producirían no Camiño de Santiago as instalacións que proxecta a empresa Altri na Ulloa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 79.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 83) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 86.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 90.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 94.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 96.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 99.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 100.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Suárez (P)*. (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 105.)

O señor Abalde Alonso (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 107.)

Votación das mocións

O señor Pazos Couñago (P) intervén para solicitar a votación por separado dos dous puntos da moción que se vai votar a seguir. O señor presidente comunica que non se acepta a dita solicitude. (Páx. 109.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galega, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 109.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia: *rexeitado por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 109)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que a cidade da Coruña albergue a futura sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 110.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 113.),

Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 115.) e *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 117.)



A señora Pérez López (P) solicita a palabra por alusións, que lle é concedida polo señor presidente. (Páx. 121.)

O señor García Comesaña (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 120.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gabriel Alén Castro e nove deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que, en colaboración con concellos e deputacións, desenvolva o Plan Pistas Abertas, orientado a poñer á disposición de clubs e familias as instalacións deportivas escolares. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Prieto Perille (P). (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 126.) e Sr. Suárez Fernández (BNG). (Páx. 128.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M). (Páx. 130.)

O señor Prieto Perille (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 132.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para lle dar pulo á promoción do deporte feminino. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 133.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 136.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Suárez Fernández (BNG). (Páx. 138.)

A señora Castro Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 140.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e tres minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, e polo tanto non procedemos á súa lectura.

E, sen máis, entramos na orde do día. O primeiro punto é de textos lexislativos.

Debate de totalidade do proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Deputadas e deputados, chegou o momento de reindustrializar Galicia sobre a base dunha enerxía verde, competitiva e xusta, e de reverter esa riqueza na nosa sociedade. Por iso hoxe é un privilexio presentar perante o Parlamento de Galicia un proxecto de lei único; e digo único porque probablemente non se podería reproducir en ningún outro territorio do Estado que non fose Galicia.

Os seus recursos naturais converten Galicia nunha comunidade extraordinaria, e nós, os seus habitantes, nuns afortunados; e de aí a razón de ser de elaborar unha norma que se ocupe da xestión dos nosos recursos naturais, co obxectivo de aproveitar eses recursos a prol da cidadanía, porque, fronte ao arcaísmo duns poucos, sabemos que Galicia ten a necesidade de progresar e de non quedar atrás.

Señorías, no reto de 2050, de descarbonizar a economía, temos moita tarefa por diante porque unha porcentaxe moi alta da enerxía que utilizamos é importada; algo que non nos podemos permitir nunha comunidade tan rica en recursos naturais, como é a nosa. Por iso, nos próximos anos, o binomio enerxía-industria vai ser fundamental na transformación do noso modelo económico, e, por iso, reverter a riqueza xerada pola natureza na poboación —nos galegos e nas galegas— será de obrigado cumprimento grazas a esta lei.

Galicia atesoura os recursos naturais para camiñar cara á descarbonización, cara á autonomía enerxética, cara á sustentabilidade, cara ao desenvolvemento local, cara ao aforro doméstico e ao fomento da industria. A lei que hoxe presento pon todos estes factores en valor, dunha maneira xusta, ordenada e con visión de país. A abundancia de recursos naturais é



básica para o desenvolvemento sostible de Galicia, pero debemos loitar contra unha serie de barreiras que dificultan a súa valorización, entre outras, que o impacto socioeconómico dos proxectos non sempre está ben definido e que as posibles ganancias e perdas non sempre están ben repartidas. Algúns proxectos, particularmente beneficiosos a nivel socioeconómico ou ambiental, non sempre son rendibles para o investidor. Os beneficios dos proxectos no territorio non son sempre ben percibidos —ou suficientes— polas comunidades locais ao non sentirse implicadas dabondo. Tan absurdo resulta danar o medio ambiente por un uso inadecuado dos nosos recursos como ignorar os recursos naturais cun inmobilismo cego que non nos permita o seu aproveitamento. Neste Goberno non imos facer nin o un nin o outro.

Non poñer en valor a nosa inmensa riqueza natural e non beneficiarnos do que temos sería unha negligencia. (*Aplausos.*) O aproveitamento sostible dos recursos non só é un dereito dos pobos, senón que é unha obriga dos seus gobernos. Noruega, Suecia ou Finlandia, referentes mundiais no coidado da natureza, son líderes na revolución industrial verde e non descoidan os seus montes nin os seus lagos nin os seus ríos. Falamos de potencias mundiais en eólica mariña ou en minaría sostible, cun elevadísimo grao de protección ambiental. Os seus gobernantes souberon aproveitar os seus recursos e elevar, á súa vez, a calidade de vida dos seus cidadáns.

Pois ben, esta lei nace cun espírito transformador e cunha idea moi clara: converter a nosa riqueza natural en riqueza social. (*Aplausos.*) Esta lei quere poñer o noso vento, a nosa auga, o noso sol e a nosa terra ao servizo dos galegos para que esa posta en valor dos nosos recursos se traduza claramente en beneficios para o territorio e para as persoas, con todas as garantías ambientais. Esta lei comprende todos os proxectos de produción de enerxía a través de fontes renovables, tamén as concesións de auga que a propia lei determina e os dereitos, as concesións mineiras e os proxectos de explotación mineira. E ten tres obxectivos básicos: impulsar o desenvolvemento racional e sostible do territorio de Galicia de forma conciliada co desenvolvemento social e económico; acadar a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia; e contribuír para a consecución da neutralidade climática.

¿E como o imos facer? Pois esencialmente a través da incorporación dos beneficios sociais e económicos aos proxectos, como compromisos adicionais que van ter os promotores co territorio; compromisos que teñen que supoñer un impacto positivo na comunidade, esencialmente nas zonas dentro do ámbito de influencia destes proxectos e dos seus habitantes. Isto, na práctica, tradúcese en distintos tipos de acción, fundamentalmente na promoción de novos investimentos e mecanismos de reinvestimento dos beneficios obtidos; no fomento da creación e mantemento do emprego directo e indirecto, tendo especialmente en conta a creación de emprego cualificado na zona de implantación; na participación nos proxectos de investidores locais, de empresas e de administracións da zona onde se sitúe a instalación; na redución dos custos da enerxía e na redución da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e tamén das industrias das zonas; e na colaboración e no desenvolvemento de grupos de investigación vinculados a melloras en aproveitamentos enerxéticos, mineiros, forestais ou industriais vinculados a universidades e a centros de investigación de Galicia.

Señorías, obvia dicir que esta lei é absolutamente garantista para a contorna, para a veiciñanza e para o desenvolvemento agrogandeiro das zonas; de feito, a valoración destes



beneficios económicos e sociais dos proxectos, cuxa autorización sexa de competencia autonómica, integrárase directamente dentro da avaliación do seu impacto ambiental, realizada de acordo coa lexislación estatal ou autonómica aplicable se fose preceptiva. E para iso, establécese na lei unha serie de indicadores do impacto socioeconómico no territorio, así como tamén instrumentos financeiros para apoiar os proxectos. E, no caso de que a avaliación do impacto ambiental non fose preceptiva, entón exixírase ao promotor un estudo de impacto social e económico do proxecto e a súa avaliación no proxecto de autorización.

Xunto coa valoración destes beneficios sociais e económicos dos proxectos, a lei prevé outra serie de instrumentos con todos estes obxectivos: descarbonizar a nosa economía, avanzar na autonomía enerxética nese trinomio entre a industria, a enerxía e a sociedade; e abaratar a factura eléctrica ás familias e ás empresas. Para isto a lei regula a participación da Administración nos proxectos, funcionando como referencia para o resto dos operadores á hora de implementar os distintos instrumentos previstos. Neste momento —saben xa, señorías— está funcionando a sociedade de Recursos de Galicia con esta finalidade, e o que fai esta nova norma é multiplicar as posibilidades de RDG. Recursos de Galicia configúrase como unha solución para abaratar a enerxía dos fogares e das industriais e como un potencial aliado para os axentes que operan no sector dos recursos naturais.

A lei tamén prevé, entre estes instrumentos, o canon á eólica mariña para compensar as afeccións ambientais e socioeconómicas sobre o territorio; prevé un fondo con achegas públicas e privadas destinado a financiar as actuacións de recuperación das zonas afectadas por incendios de incidencia singular; establece unha regulación específica para facilitar o autoconsumo en áreas empresariais; establece unha interpretación das ordenanzas dos parques empresariais en materia de alturas máximas de edificabilidade, e outras similares, de xeito que favorezan a implantación de infraestruturas enerxéticas que fomenten o autoconsumo; e regula tamén, entre outras cuestións, un mercado voluntario de créditos de carbono para monetizar a captación de carbono de determinadas actividades. Con isto contribúese para protección do medio natural, pero tamén fomentamos aqueles proxectos e actividades que permitan reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro ou absorber carbono da atmosfera, ao ser susceptibles de obter unha prestación económica.

Señorías, nesta lei contéplanse todos os aproveitamentos e os beneficios da gran variedade de recursos con que conta Galicia. Estamos nun momento crucial no noso devir. Podemos pechar os ollos, podemos bloquear o futuro ou podemos avanzar cara a unha Galicia que sexa verde, que sexa xusta e que sexa autónoma. Eu o que propono aquí é que progresemos, e que progresemos xuntos, pensando nas xeracións de futuros galegos e galegas; propono que, cando nos examinen as seguintes xeracións —os galegos do século XXII— estean orgullosos do que hoxe empezamos a construír aquí.

E quixera que este sentimento de pertenza a un territorio, que é privilexiado, sexa un sentimento compartido en toda esta Cámara. Temos o dereito, pero, sobre todo, o deber de coídar de Galicia e, consecuentemente, dos seus recursos; pero tamén temos o dereito e o deber de aproveitar estes recursos para os galegos e as galegas.



Con esta lei Galicia liderará en España o aproveitamento dos seus recursos naturais en beneficio dos seus cidadáns e porase na vangarda de Europa á hora de rendibilizar a descarbonización e o abaratamento da enerxía. Por isto, señorías, presentamos un proxecto de lei —tal e como dicía ao comezo— que é único pola natureza diferenciada do noso territorio.

Non quero terminar sen dar as grazas ás preto de oitenta entidades, organismos, institucións, universidades, asociacións do sector industrial, agrario, clusteres, colexios de enxeñeiros, colectivos ecoloxistas... con que mantivemos distintos encontros. Grazas a todas e a cada unha delas pola súa colaboración. Moitas das súas achegas foron incorporadas a este texto, que hoxe debatemos, e no cal os recursos están ao noso servizo. Os galegos temos que ser quen de utilizalos con todo o rigor que o territorio merece, con todas as garantías para o seu correcto desenvolvemento e a súa adecuada protección. É unha obriga coa Galicia do presente e do futuro.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda de defensa das emendas á totalidade.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Bos días a todos e a todas.

Señora Lorenzana, oxalá non convertamos esta lei nunha enorme oportunidade perdida.

Para que non digan que os socialistas galegos non somos conciliadores, permítanme dicirlles que, de entrada, esta lei ten unha cousa boa e outra cousa mala. A boa é o título porque, evidentemente, precisamos regular os recursos naturais de Galicia e precisamos planificar o desenvolvemento dos proxectos renovables na nosa terra; pero o malo é todo o demais porque este texto, que se presenta hoxe aquí, é un despropósito normativo, un sen sentido de técnica legislativa e unha convulsiva sucesión de eufemismos imperdoables. A ver se collendo o bo e modificando o malo podemos chegar a un acordo entre os distintos grupos parlamentarios desta Cámara.

Sexamos serios, esta proposta de lei é unha conxunción de modificacións doutras leis xa existentes, metido todo nun caixón e revolto; é como unha cocteleira. Hai cuestións medioambientais, xestión de biorresiduos, concesións de augas, minas, créditos de carbono, xestión dos montes... Estamos ante unha compilación de materias sen orde que evidencia que a realidade que se pretende é outra, que é colocar en termos de lei o que este Goberno pretende facer, que, en parte, é privatizar os nosos recursos naturais en Galicia. *(Aplausos.)*

É necesario, evidentemente, regular os recursos naturais. Levamos anos os socialistas falando disto nesta Cámara, cunha lexislación ambiciosa, ordenada, planificada e sensata. Ningunha das tres condicións se cumpren; por iso cremos que este é o punto de partida. É



preciso devolver este proxecto e remudalo para afrontar o que é unha necesidade lexislativa, con xeito e con urxencia.

Como dicía, hoxe xa non é cuestionable o cambio climático, é unha realidade. Para os negacionistas da extrema dereita que se cuestionan, evidentemente, o cambio climático, este supón unha ameaza para a humanidade, polo que é unha obriga colectiva e individual loitar para frealo. Sabemos tamén que as medidas para combater este cambio climático deben estar enfocadas non só nun problema medioambiental, senón que deben contemplar ou necesitar o necesario reto social, o reto económico e camiñar cara a unha transición enerxética xusta e a reindustrialización da nosa Galicia.

Hai que converter a industria galega en máis sustentable, pero tamén debe ser máis competitiva nun contexto xeopolítico moi complexo e cheo de incerteza, onde o auxe da extrema dereita está a facer cambalear os dereitos da nosa democracia. E disto vai tamén este debate do cambio climático neste hemiciclo galego e o debate da enerxía verde e a explotación dos nosos recursos naturais.

En Galicia, os socialistas estamos convencidos de que é preciso equilibrio e mesura, señorías, que é necesaria nos tempos que vivimos de posturas polarizadas de si ou non, nunha información que se constitúe a base de tuits de negro ou branco. E mira que non hai unha gama de matices enorme, que invita os socialistas galegos a reflexionaren sobre un axente urxente de construción dun proxecto industrial e enerxético solvente e rigoroso, un proxecto de progreso sustentable co noso territorio.

É preciso mudar o modelo do Goberno galego de transición enerxética pola inacción e a falta de pulo e pola falta de ambición renovable. Estamos ante unha parálise sen precedentes dos proxectos renovables na nosa Galicia, nomeadamente da enerxía eólica, onde uns non asumen a súa responsabilidade de gobernar, de coller o touro polos cornos, e poñer solucións e medidas a ese problema de parálise, e outros sopran e sorben á vez sen saber cal é o modelo que se propón máis alá da pancarta.

É preciso chegar a consensos; estamos de acordo, señora Lorenzana, consensos nesta cámara, acordos. Por iso, os socialistas galegos ofrecemos propostas nun pacto de industria e enerxía, cun proxecto sustentable que permita crear máis e mellores empregos cualificados, con ferramentas de innovación, e un proxecto de progreso no que estou segura de que se senten identificados moitos galegos e galegas.

Para nós, os socialistas, a enerxía verde será o noso punto de partida na construción deste pacto de enerxía e industria. No proxecto de lei non se regula o que é a sustentabilidade ambiental integrada, non aparece mencionada por ningún dos artigos do proxecto.

Evidentemente, os motivos da nosa emenda á totalidade son dous: formais e de fondo.

Os formais. Falaba de oitenta entidades a señora Lorenzana, de que se fixo trámite de alegacións no trámite de información pública, pero faltou —digamos— unha falta de participación pública e social do proxecto, desa escoita activa da xente do común. Faltou iso, señora



Lorenzana. Xa antes do proxecto había partes lexislativas, que xa abusou das leis de acompañamento para modificar as leis de políticas industriais, do sector eólico, usurpando desta cámara o necesario debate parlamentario de sectores tan importantes como é a enerxía renovable ou como son os proxectos industriais en Galicia.

O CES, evidentemente ese ditame do CES, moi crítico con este proxecto de lei, que non se fixo caso omiso das súas alegacións, que non foron incorporadas ao texto do proxecto.

Un proxecto deste calado requiriría —como dicía— un profundo debate de toda a sociedade galega, non só duns determinados sectores, senón tamén das universidades, dos sectores sociais, dos clústeres do sector, do sector da industria das renovables e tamén da industria que quere investir no noso país, do Observatorio Eólico de Galicia, do Consello Económico e Social, do Consello da Cultura Galega.

Asemade, chámame a atención tamén que nin na exposición de motivos nin no articulado se fai referencia á nova Directiva de renovables, algo tan importante que temos que traspoñer xa no 2025. Evidentemente, unha comunidade autónoma con competencias en materia de enerxías renovables, claro que podemos traspoñer unha directiva que xa hai que poñer en marcha. Esta cuestión nin se menciona. É unha oportunidade de novo perdida. Galicia, no marco das súas competencias, volve non ter ambición renovable respecto das enerxías renovables e respecto da industria sustentable.

Unida á anterior obxección de falta de participación social, hai unha ausencia clamorosa na lei na participación dos concellos e das entidades galegas, de novo silenciadas neste proxecto. Os territorios e a veciñanza, que soportan os proxectos de enerxías renovables, a explotación deses recursos naturais e que teñen que adaptarse á nova lexislación, como a de biorresiduos, ou as entidades locais non son escoitadas.

O Goberno aproveita este texto legal para facer un atallo e para establecer un novo canon á xestión dos biorresiduos e opta sen ningún proceso de diálogo polo aproveitamento dos residuos municipais para a produción de biogás, fronte a outras alternativas que son máis sustentables e adaptadas á realidade galega. E, curiosamente, cando se está a tramitar o Plan de xestión de recursos municipais de Galicia, o lóxico, evidentemente, era esperar e non meter nesta lei toda a xestión e a lexislación de biorresiduos.

Deficiente técnica lexislativa, como dicía ao principio. Esta lei é un *totum revolutum* de regulación de materias que deberían ser obxecto de lexislación sectorial específica e separada. E pretende tinguir de cor verde a xestión dos recursos naturais de Galicia, pero o que amosa é que o Goberno neste eido está moi verde.

Por tanto, formais: falta de participación pública neste proxecto, tamén de parte dos concellos, e tamén moi cuestionable a técnica lexislativa utilizada.

De fondo. ¿Que hai de fondo neste proxecto? Hai unha falta de planificación e ordenación das zonas onde se poden implantar os proxectos de enerxías renovables ou se poden explotar os recursos naturais, como as minas, no noso territorio. ¿Por que? Porque faltan criterios de sustentabilidade ambiental.



Despois de anos de parálise do sector das enerxías renovables, o Goberno galego apostou —podíase apostar por outra cousa— por un desenvolvemento desordenado e masivo de proxectos, utilizando a xustificación xeral e sen adaptarse á realidade galega, que non é Castela e León nin é Aragón, pois temos dispersión xeográfica, núcleos de poboación espallados por todo o territorio en Galicia. Non se escoitou a xente e a veciñanza.

Este camiño andouse sen a debida planificación. Despois de anos de admiración provocados pola anulación do concurso eólico do Goberno progresista presidido por Emilio Pérez Touriño.

Entendemos os socialistas que o camiño máis adecuado que debería tomar o Goberno galego é a regulación rigorosa das zonas aptas e non-aptas con criterios de sustentabilidade ambiental onde se poderían instalar estes proxectos. Planificación que non se fala en ningún sitio do articulado da lei. E volvo recordar ás señorías que estamos cun Plan sectorial eólico do ano 1997. ¡Mira que non choveu desde entón!

A planificación, señora Lorenzana, é o primeiro paso para dar seguridade xurídica aos investidores na nosa terra. É que xa o fixeron outras comunidades autónomas. Xa o fixo tamén o Miteco coa zonificación de zonas aptas e non-aptas. Evidentemente, antes que legislar hai que planificar.

En segundo lugar, motivos de fondo. A falta de avaliación rigorosa dos efectos medioambientais así como dos efectos socioeconómicos deberían avaliarse por separado. Entendo que a execución de proxectos debe procurar o maior beneficio social e económico nas terras onde se implantan. Entendemos que cando se fala na lei de integración do impacto social económico o que se quere dicir é que nas avaliacións de impacto ambiental, que xa teñen lexislación propia, e que onte tamén se anunciou unha nova lei de simplificación ambiental no Consello da Xunta, teñen necesariamente que avaliarse por separado, señorías. Polo tanto, non estamos tampouco de acordo con esta forma de proceder.

A sociedade Recursos de Galicia. Evidentemente, houbo opacidade na creación da sociedade Recursos de Galicia, incumprimento da Lei de réxime financeiro e orzamentario, da Lei de patrimonio de Galicia, da Lofaxga. Fíxose pola porta de atrás. Os socialistas evidentemente que estamos de acordo coa creación dos fins da sociedade, pero non se fixo ben, señora Lorenzana, pois houbo opacidade e falta de transparencia.

Non estamos tampouco de acordo co desenvolvemento desa participación que se fai no proxecto, que pretende darlle o halo de legalidade a unha sociedade que xa leva en funcionamento seis meses, e entrou a tramitación do proxecto de lei nesta cámara hai dúas semanas. Entón, non estamos de acordo coa forma de proceder na forma e na creación na lei da sociedade Recursos de Galicia. Nós, os socialistas, apostamos por unha empresa pública cen por cento, que sexa vehículo para participar societariamente en proxectos enerxéticos estratéxicos, ben de maneira integramente pública ou ben en modelos mixtos, co obxectivo de obter a subministración enerxética para o tecido empresarial galego máis barata e o consumo eléctrico de proximidade.



Evidentemente, o CES tamén dixo que podíamos incluso aproveitar outros instrumentos e unha axencia como o Inega, que é cen por cento público, para mudar as súas competencias e funcionalidades, pero polo que opta o Goberno galego é facer unha sociedade economía mixta, que se dicía que non a unha sociedade de economía mixta, onde o trinta por cento da participación é da Xunta de Galicia. Por certo, o Consello de Contas dixo que estaba no ámbito de control material do sector público autonómico, porque hai coincidencia do Consello de Administración, do domicilio social, de Impulsa e da sociedade Recursos de Galicia. As dúas, a sociedade Impulsa e a sociedade Recursos de Galicia, están baixo o control material do sector público autonómico.

Hai unha regulación deficiente e pouco ambiciosa das comunidades enerxéticas. Este proxecto é unha oportunidade perdida de novo. ¿Por que? Porque non se regula o que é o consumo enerxético de proximidade. En todo, en xeral, nas comunidades enerxéticas só se aposta polas zonas industriais, que tamén nese sentido estamos de acordo, pero podíamos ser un pouquiño máis ambiciosos e apostar por incrementar ese nivel de abastecemento e diversificación enerxético galego, e así aproveitar a rebaixa da factura eléctrica non só para as empresas a través dos contratos PPA, senón tamén para os consumidores finais afectados nese territorio para a implantación de proxectos de enerxías renovables.

A explotación mineira en Galicia. Historia de xigantes con pés de barro. De novo no proxecto hai unha ausencia absoluta de falta de planificación e de ordenación dos recursos mineiros en Galicia. Como se está a amosar coa pena de Penouta, que dixo o Tribunal Superior de Xustiza a semana pasada que había insuficiencia de avaliación ambiental. Fíxose a explotación mineira en cota cero de Rede Natura, afectada pola protección da Rede Natura en pena Trevinca. Claro que os socialistas galegos estamos cos traballadores, sempre imos estar ao seu lado, pero corresponde ao Goberno galego aportar un plan de viabilidade deses traballadores da mina de Penouta, que se anulou a autorización de explotación, señorías, por motivos medioambientais.

Tras anos de traballo, tras as reunións de traballo que tiveron hai dúas semanas como voceira da Comisión 6ª, ata coa Cámara Mineira de Galicia, por esa parte do labor de escoita activa con distintos colectivos, si que me puxeron de manifesto a necesidade urxente de que se faga un censo mineiro, no que se active en tempo real os dereitos mineiros en Galicia, as concesións dos permisos de investigación, as concesións dos permisos de explotación en todo o territorio galego, tanto os vixentes, señoría, como os caducados. O concurso de dereitos mineiros caducados en Galicia non se convocou desde o ano 2011.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora IGLESIAS REY: Destes lodos, evidentemente, é o que está a pasar.

En definitiva, señorías, entendemos os socialistas que o Proxecto de lei de recursos é unha grande oportunidade perdida para o noso país. Chega tarde, mal e arrastro.

Máis nada, señorías, e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

«O demoño dispón dun amplo gardarroupa e non só viste de roxo». Isto que dixo Eduardo Galeano describe perfectamente este proxecto de lei, señora conselleira. Un cabalo de Troia que colle do gardarroupa un disfrace de beneficio para o país e que en realidade agocha un caixón de xastre de políticas contrarias a este país, contrarias á preservación dos nosos recursos naturais e estratéxicos e contrarias tamén ao desenvolvemento económico e social de Galiza.

Sobre a teoría, señora conselleira, nós poderíamos asinar toda esa palabrería bonita que nos vendeu ou poderíamos asinar incluso a exposición de motivos da lei. ¿Que acontece? Que debaixo dese exercicio de literatura de ficción, que é como apelar á paz mundial, que sobre o papel todo o mundo pode estar de acordo, o problema é o contido que agocha, porque debaixo da primeira capa desa matrioska, de palabras bonitas, agóchase unha sucesión de medidas que unha tras outra afonda, señora conselleira, no rumbo do Partido Popular máis neoliberal, máis antibiodiversidade e máis antigalego de toda a historia deste país. (*Aplausos.*)

Medidas pensadas para máis desregularización, máis privatización dos recursos e máis discrecionalidade dunha Xunta entregada ao servizo de grandes intereses económicos, sen diálogo, sen consenso, ignorando, ademais, as recomendacións científicas de loita contra a crise climática. É un cabalo de Troia, en definitiva, para entregar máis aínda Galiza como colonia enerxética.

En resumo, amosa un Goberno que está definitivamente convertido no problema máis importante deste país, que non protexe os intereses dos galegos e das galegas. E por iso, ao igual que a maioría social deste país, que o ecoloxismo, que o sindicalismo agrario, que a maioría sindical, que numerosas voces que nestes meses contestaron esta lei, nós, desde o BNG, damos un non claro e rotundo a un proxecto que só pode traer máis caos, máis desprotección e danos irreparables a este país. (*Aplausos.*)

Opoñémonos na forma, nas formas e no fondo. E referireime a cinco grandes razóns para pedir a devolución deste texto. Facémolo porque chega despois dun proceso de elaboración fraudulento; porque non resolve os retos industriais e económicos deste país; porque non ordena nin cambia o modelo enerxético, senón que afonda no espolio e no descontrol; porque non protexe o medio e afonda na depredación, e porque é un caixón de xastre que mestura, ademais, ámbitos que deberían contar cunha regulación específica.

Quero insistir en que chega despois dun proceso que temos que dicir que foi fraudulento en termos democráticos. E este proxecto —hai que recordar— nace dunha necesidade, pero non da necesidade do país, nace dunha necesidade do Partido Popular. O Partido Popular tiña a necesidade de tecer unha coartada para una política económica que estaba sendo cada vez máis contestada, tiña a necesidade de ter unha coartada, un *green washing*, para poder seguir facendo o mesmo.



Sabe vostede perfectamente que esta lei nace porque a vostedes se lles multiplicou a oposición ao seu modelo, singularmente no enerxético, desde todos os ámbitos: do ecoloxismo, do agrarismo, do sindicalismo, da propia universidade, de elementos como o Consello da Cultura Galega, da vida municipal, de concellos de todas as cores políticas, cada vez máis levantados singularmente contra o *boom* eólico depredador do Partido Popular. E ao tempo sabe vostede que, ademais, hai neste país cada vez máis unanimidade arredor dunha idea, que é que Galiza non pode pagar unha transición enerxética mal entendida, simplemente como un cambio ao peso dunhas tecnoloxías por outras. E sabe, ademais, que hai na sociedade galega cada vez unha opinión máis maioritaria de que este país ten que beneficiarse do seu papel produtor e líder en renovables; unha opinión cada vez máis maioritaria, que non é do nacionalismo galego, que é da sociedade galega e tamén de sectores como o propio empresariado.

E por iso, nun contexto de datos obxectivos, ademais do seu fracaso, e non hai un só dato que avale a súa política económica, desde o emprego industrial a outras cuestións como o índice de competitividade, nun contexto tamén de sentenzas xudiciais que sinalan a desprotección medioambiental e a falta de participación social, cuestionado e acurralado, o Partido Popular tiña a necesidade e facer unha lei deste tipo, e sacou esta lei Frankenstein da chistera. E sacouna da peor maneira posible: confundindo ter maioría cun absolutismo absoluto.

Vostede dixo unha verdade na súa intervención, que esta lei era única. Iso si que temos que recoñecerllo. É única e constitúe o peor exemplo de falta de participación social, de rigor técnico procedemental de toda a historia da Autonomía galega. (*Aplausos.*) ¡Claro que é única!

Representa un desprezo á sociedade sen participación real, un desprezo ao máximo organismo estatutario de diálogo social e asesoramento económico que ten este país, que é o Consello Económico e Social. Non estaban xa vostedes contentos con montar un pseudodiálogo social paralelo, porque non lles gusta a maioría sindical deste país, que é nacionalista de clase, non lles chegaba con iso, senón que enviaron esta lei ao CES e despois fixeron o posible por inserir a súa man escura dentro do Consello Económico e Social para perverter o ditame orixinal que aprobara a Comisión de estudo específica, para intervir así no ditame final. E aínda así o ditame é absolutamente demoledor. Pero quedará para a historia deste país como o Goberno galego, como persoas concretas do Consello da Xunta presionaron colectivos deste país para perverter ese ditame. (*Aplausos.*)

E supón tamén un desprezo a este Parlamento, porque hai que recordar que antes do parón electoral tramitaron vostedes unha Lei de acompañamento sen informes e sen participación que constituía unha nova lei de industria e que colide con este texto normativo. E non só iso, é que en novembro do ano pasado aprobaron vostedes un dos instrumentos que crean nesta lei. É que xa é a tomadura de pelo máis absoluta, pois menten e crean o instrumento antes da lei. Esa *fake news* que vostedes chaman «empresa pública», que en realidade é unha empresa privada. É difícil ter unha actitude máis impresentable desde un Goberno. E o propio CES sinala que iso é insuficiente e que habería que apostar como fan outros países por unha empresa pública de enerxía.

Ese negacionismo que vostedes teñen da recomendación desta e doutras do CES ilustra ben un aspecto fundamental polo que nos opoñemos a esta lei, que é que non soluciona os retos



económicos e industriais de Galiza. Está claro e o propio CES advirte de algo moi grave, que é que esta lei pode ter un impacto negativo no emprego, na poboación e no territorio. Xa teñen vostedes aquí unha lei, traen a este Parlamento unha lei que o CES lles di que pode ser un perigo para o emprego, para o territorio, para a poboación. ¡É alucinante! O CES pide estudos socioeconómicos previos. Por suposto, non os fixeron. Hai neste país universidades, foro de estudos, pero ¿para que consultalos? Eu supoño que vostedes chamaron á señora Bea Mato ou a Carlos del Álamo, a esas portas xiratorias que teñen vostedes no Ibex35. *(Aplausos.)*

Resultado: afonda nos erros do pasado, na barra libre iniciada coas leis 5/2017 ou 9/2021, que resolveron exactamente nada neste país e que trouxeron inseguridade xurídica. Hai que recordar que, por riba, son vostedes uns chapuzas, pois a lei do 2017 xa leva corenta e un cambios a través de seis normas; a do 2021, dezasete en tres normas, e o último argumentando que había que simplificar a Lei de simplificación administrativa. Pero non están vostedes contentos, e onte no Consello da Xunta anunciaron unha lei de simplificación da tramitación medioambiental. A este paso xa a van disolver. *(Aplausos.)*

É difícil facelo peor. Señora conselleira, falou de negligencia, e supoño que estaba definindo o seu propio Goberno. O problema son vostedes, non ese TSJ, nin eses maxistrados que tanto lles preocupan e que tanto se esforzan en criminalizar.

E o CES apunta tamén falta de definicións, que cómpre avaliar o saldo neto de emprego que deixarían os proxectos, que hai que avaliar de forma independente e separada os criterios cuantitativos e os criterios de impacto económico, e que, por suposto, iso non pode ser a coartada para reducir exixencias ambientais.

Recomenda tamén cuestións que levamos anos debatendo, como que hai que protexer as actividades previamente existentes nos territorios no ámbito económico, singularmente as do sector primario e singularmente a produción de alimentos, algo que é estratéxico e que xa o vimos na pandemia. ¿Recolleron algunha destes propostas vostedes? Non. Tampouco algunhas tan elementais e que gozan de unanimidade, como que, evidentemente, hai que vincular as axudas públicas con compromisos antideslocalización amplos de máis dunha década.

En definitiva, non aceptan estouras propostas, porque aceptalas implicaría amosar unha mínima vontade de querer facer realidade algún deses obxectivos tan bonitos que anuncian no papel pero que non queren aplicar.

Por iso, esta lei nin ordena nin cambia o modelo enerxético e afonda no espolio e no descontrol. E dio claramente o CES; sinala claramente que non se planifica, que se mantén un plan sectorial eólico que é papel mollado, que está obsoleto e sen tramitación ambiental, e que non se resolve un dos problemas máis importantes deste país, que é a fragmentación artificial de proxectos. Propón tamén reformar o canon eólico ou cuestións como a de engadir plans de desenvolvemento industrial e recuperar a liña de traballo —aquí estaría ben inserir un redobre de tambores— do Goberno bipartito, recuperar a liña de traballo que o BNG impulsou desde a Consellería de Industria, que vostedes tanto demonizan. *(Aplausos.)* Quince anos despois, despois de perder oportunidades, despois de perder recursos económicos, pos-



tos de traballo etcétera, constátase que, efectivamente, Galiza perdeu e perdeu moito con vostedes e coa súa política enerxética. (*Aplausos.*)

Polo tanto, deberían facer dúas cousas: a primeira, pedir perdón, e a segunda, rectificar, pero van na dirección contraria.

E o CES dá na clave ao apuntar o principal perigo desta lei, que é que aumenta a discrecionalidade do Consello da Xunta, dese Consello da Xunta que onte, contra todas as recomendacións científicas e medioambientais e contra o pobo, aprobou a dedo seguir adiante con ese proxecto de Touro. (*Aplausos.*) Iso é o que queren vostedes: máis mans libres para decidir no Consello da Xunta a dedo que é o que se pode autorizar ou non neste país. Como se isto fose o medievo e vostedes señores feudais. Capitalismo de amiguetes, como se ve na cuestión das PPA ou na cuestión do artigo 17. Porque para ser vostedes tan defensores do libre mercado, ao final o que queren é ter unha man para desde o Consello da Xunta decidir quen se implanta neste país e quen non, e branquear así políticas lesivas. (*Aplausos.*)

Polo tanto, o proxecto afonda no espolio, agora coa minería. Este proxecto salta polos aires a Lei de minería deste país, que xa vostedes estiveron pervertendo nestes anos, e crea un novo marco para que Galiza sexa territorio de sacrificio ante a busca de minerais estratégicos. Desde logo, o que pretenden é evitar outro Corcoesto e impedir que a sociedade participe e opine, como están intentando impedir con esa bomba ambiental que supón neste país Altri.

En definitiva, este proxecto non protexe a biodiversidade, afonda na depredación e na discrecionalidade dunha administración que está entregada aos grandes intereses económicos. O propio CES sinala a baixa protección dos nosos recursos naturais e a colisión das normas vixentes, e tamén todo o que fan vostedes para sortealas.

E, por último, tamén quixera insistir nunha cuestión importante. Esta lei é un caixón de xastre que mestura ámbitos que deberían ter unha regulación propia, unha lexislación específica. É algo que tamén recolle o Consello Económico e Social. E fano cunha intencionalidade clara: intentar mesturar nun batiburrillo outras cuestións para seguir afondando nesa desregulación absoluta que nos levou a esta situación de caos e descontrol, e poñerlle una pátina verde por riba.

Así, por exemplo, o CES especificamente alerta sobre a situación da eólica mariña, que debería ser obxecto dun ámbito específico e que sabe, ademais, vostede que están por esa vía intentando sortear un debate que hai neste país arredor da cuestión, simplemente facer que están facendo unha proxección de beneficios nese ámbito.

Fala o propio CES de que non se entende a creación dun fondo de incendios cando nin se define que é un incendio singular, e prevese tamén tramitar —anunciárono vostedes e fixeron un borrador— unha lexislación específica. Ou, por exemplo, aborda a cuestión dos créditos de carbono. E xa advirte de que vai quedar obsoleto o propio texto legal da Xunta. E aínda así disolveron vostedes o Parlamento, tiveron a oportunidade de rectificar minimamente a lei, e cóntanse cos dedos dunha man os cambios que introduciron.



É que non se pode escoitar menos, non se pode escoitar menos este país, non se pode escoitar menos o Consello Económico e Social, non se pode escoitar menos organismos do ámbito do sector primario, que teñen vostedes da súa man e que poden ser un foro de diálogo e debate co sector. Simplemente mesturan todo onde non corresponde.

Pola contra, non atenden outras demandas que son absolutamente necesarias, que levan moitísimo tempo enriba da mesa neste país, como, por exemplo, facer os cambios necesarios para que as comunidades de montes deste país poidan actuar como comunidades enerxéticas. Teñen vostedes aquí, por exemplo, en Tameiga, un exemplo que vén xente de todo o mundo ver, de todo o mundo, menos o Goberno galego, que non lle interesa saber que é o que fan os sectores máis avanzados na nosa sociedade.

En conclusión, señora conselleira, estas son as razóns —a min fáltame tempo, non me sobra como a vostede— polas que resumidamente o Bloque Nacionalista Galego di un non claro e rotundo a este proxecto, que é camaleónico, que aparenta o que non é.

Falaba vostede antes de que algúns intentan bloquear o futuro neste país. Señora conselleira, este é un debate entre os que queremos que este país avance cara ao futuro e quen quere facer o que vostedes, que é bloquear que este país teña un futuro. Por iso pedímoslle que paren, pedímoslle ao Goberno que retire este proxecto, que asumamos todos e todas como mínimos as recomendacións do Consello Económico e Social, esas recomendacións que xa están coartadas, pero asumamos esas recomendacións, e coloquemos Galiza á vangarda da loita contra o cambio climático, á vangarda dun novo modelo enerxético, da ordenación do territorio e da protección do medio.

Vostedes teñen dúas opcións: facer un cambio e poñerse do lado de Galiza ou estar unha vez máis do lado do *lobby* enerxético. Nós temos claro cal é o lado correcto da historia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupos non emendantes.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

¿Señor Ojea? (*O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, declina.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, dende hai quince anos as placas conmemorativas que a Xunta de Galicia instala en cada novo edificio ou dotación pública recollen unha lenda que expresa a motivación que leva o Goberno galego a impulsar esas distintas actuacións ao largo e longo do territorio galego. Unha expresión que ao meu entender tamén serve para definir con absoluta precisión



o espírito do texto legal que hoxe debatemos, que reza literalmente así: «Das galegas e galegos de hoxe para a Galicia de mañá».

Fago esta afirmación dende o convencemento persoal de que a Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, a lei que hoxe nos ocupa, é algo máis que un texto normativo. Sen dúbida, tamén pretende ser un legado de prosperidade para as xeracións futuras, un legado que garanta que a riqueza natural de Galicia se converta en benestar social para as galegas e os galegos do mañá.

Por iso, eu quero comezar esta intervención felicitando o Goberno galego por traer a esta cámara un texto que transcende a nosa xeración e que aspira a asentar as bases da Galicia do futuro. Decía o chanceler Bismarck que a diferenza entre un político e un estadista está en que o primeiro pensa nas próximas eleccións e o segundo nas próximas xeracións. A lei que hoxe nos ocupa acredita que dende un Goberno autonómico tamén se pode facer política de Estado. (*Aplausos.*) Por certo, nun momento político no que os que teñen a responsabilidade de facer esas políticas de Estado parecen dispostos a todo, a supeditar absolutamente todo á súa propia supervivencia política, reconforta saber que Galicia ten un Goberno que só se supedita aos intereses xerais de Galicia. Para este grupo parlamentario, isto é un gran motivo de orgullo. (*Aplausos.*)

Señorías, un texto desta importancia non podía ser redactado só por un Goberno ou por un partido, por iso resulta imprescindible escoitar e incorporar as achegas da sociedade galega, que, unha vez máis, respondeu a esa chamada e arrimou o ombro para enriquecer esta lei. Eu non podo deixar de agradecer o traballo e a xenerosidade de todas e cada unha das entidades que puxeron o mellor de si ao servizo de Galicia.

Quero expresar o noso recoñecemento ás tres universidades galegas, á Fegamp, señorías; aos sindicatos; ás distintas asociacións do ámbito forestal, dende a Organización Galega de Montes en Man Común ata os representantes da cadea transformadora da madeira; aos seis colexios galegos de enxeñeiros. Quero dar as grazas ás asociacións e federacións ecoloxistas de Galicia; ao Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; ás escolas técnicas de enxeñaría; ás cinco autoridades galegas portuarias; á Asociación Galega do Hidróxeno; aos clúster do naval, das enerxías renovables, da biomasa, da automoción, da loxística; aos xestores de solo industrial de todas as administracións públicas; ao Consello Galego da Pesca... E así ata as máis de setenta organizacións de todo tipo que participaron dunha e doutra maneira na elaboración desta normativa e que a enriqueceron a través das sesenta e sete alegacións incorporadas ao texto ou, simplemente, permitindo a clarificación de conceptos e de interpretacións. A todas elas, supoño que representantes tamén da xente do común, quero expresarlles o noso sincero agradecemento pola súa contribución. (*Aplausos.*)

Señorías, que un texto cos obxectivos que degraue a conselleira na súa intervención —con este nivel de participación e que acabo apenas de esbozar— reciba dúas emendas de totalidade só se pode entender dende un enfoque no que o partidismo prima sobre o interese do país e o curtopracismo prevaleza sobre a visión de futuro que debería guiar calquera actividade lexislativa. A ninguén se lle escapa que un texto desta natureza pode suscitar discrepancias ou diferenzas de matiz cando aborda aspectos concretos, pero custa entender que



non se compartan os principios xerais que o inspiran, que non son máis que a adaptación á realidade galega de modelos que se amosaron exitosos en países que —como sinalaba a conselleira— son referentes mundiais no coidado da natureza ao tempo que se converteron en líderes da revolución industrial verde.

Este grupo garántelles que se deciden formular emendas parciais a esta lei se estudarán con espírito crítico, coa máxima atención e con todo o respecto, pero tamén lles anuncio que as súas emendas de totalidade non son un bo antecedente. Pedir prudencia e moderación ao tempo que se afirma que o único que se aproveita da lei é o título non é un bo antecedente. Pretender a devolución dunha normativa desta importancia con argumentos tan disparatados e falaces, como os que hoxe escoitamos, acredita que vostedes redactaron as súas emendas seguindo o exemplo de Groucho Marx cando afirmaba aquilo de «estiven tan ocupado escribindo a crítica que non tiven tempo de sentar e ler o libro».

Señorías, as emendas de totalidade que hoxe debatemos son unha mestura de tópicos arcaicos e de burdas manipulacións e, nalgún caso, tamén dun preocupante descoñecemento da lexislación vixente e incluso dos principios básicos de calquera democracia. No apartado de tópicos, ningún máis definatorio que o do Bloque Nacionalista Galego cada vez que se intenta regular calquera actividade industrial en Galicia. Xa perdín a conta dos proxectos lexislativos que foron cualificados de «espoliadores» ou «depredadores». Un clásico do nacionalismo galego que o mesmo serve para descualificar calquera intento de reducir a burocracia que para aplicar a calquera modelo de aproveitamento enerxético que non sexa o seu.

O problema que subxace na súa crítica, señorías, nesa crítica permanente a todo, é que nin saben cal é esa suposta alternativa que levan pregoando décadas. Falan vostedes na súa emenda de necesidade de «procurar o desenvolvemento integrado e complementario de todo o mix enerxético». Completamente de acordo, señorías. O que me gustaría saber a min —estou seguro de que tamén a moitísimos galegos— é que enerxías integrarían ese mix. Están vostedes en contra da enerxía nuclear, están en contra —por suposto— das centrais hidroeléctricas, das térmicas, das de ciclo combinado, das instalacións fotovoltaicas, da eólica mariña e, por suposto, de todas e cada unha das estruturas eólicas deste país, agás das que instalaron durante o seu Goberno.

Señorías, eu de verdade, escóitoos afirmar que están vostedes pola eliminación dos combustibles fósiles, pero o certo é que parecen traballar vostedes para eliminar calquera posibilidade de competencia a eses combustibles. (*Aplausos.*) Non son vostedes o BNG, son o BnoG, o Bloque Negacionista Galego. É unha cousa tremenda, de verdade. Afirman vostedes que están en contra das grandes empresas enerxéticas, pero se queren recordamos quen foron os adxudicatarios dos parques eólicos durante o Bipartito, dese goberno que hoxe nos acusa de privatizar os nosos recursos. Xa lle digo eu que para as cooperativas e as pemes nin un só megavatio, ¡nin un, eh!

Afirman vostedes tamén estar pola industrialización do noso país, pero opóñense a todas e cada unha das iniciativas industriais que pretenden instalarse en Galicia. En todos os anos que levo neste Parlamento —xa son uns cantos— xamais lles escoitei apoiar unha soa iniciativa industrial. Para ser xustos, cunha única excepción: Altri, «Altri si». Porque, non se



sorprendan, señorías, o BNG non só apoiaba o proxecto de Altri, senón que ademais exixía que se instalase nun concello da Mariña lucense, preferentemente gobernado polo Bloque Nacionalista Galego. Si, señorías, non dubidaban en acusarnos a nós, ás señorías do Partido Popular, de falla de compromiso porque non nos atreviamos a garantir e a exixir que o proxecto se instalase na Mariña. Como non hai nada que xustifique ese cambio de postura, agás a propia incoherencia do BNG, fixeron con Altri o mesmo que hoxe queren facer con esta lei: mentir e manipular.

No caso de Altri, menten afirmando que descoñecían os elementos substanciais do proxecto, que, por certo, xa aparecían detallados nunha proposición non de lei rexistrada polo PSdeG e debatida nesta cámara meses antes das eleccións, incluída a produción e a porcentaxe que se dedicaba as fibras téxtiles. ¡Que o temos por escrito, señor Bará! ¡Non me faga xestos, home! Vostedes abstivéronse ademais nese debate, pero só porque non se establecía obrigatoriamente a instalación de Altri na Mariña, non foi por ningunha outra razón. Hoxe o que para o nacionalismo galego era unha fonte de riqueza para toda unha comarca mutou ata converterse nunha especie de praga bíblica capaz de estender a súa pérfida influencia a territorios insospeitadamente lonxanos.

O máis sorprendente desta transmutación é que nin sequera tiveron que esperar a coñecer os resultados dos estudos técnicos, bastoulles con coñecer o resultado das pasadas eleccións autonómicas. (*Aplausos.*) Por certo, tamén lles recordo que foron vostedes os que converteron as eleccións europeas nun plebiscito sobre Altri. O resultado de Palas de Rei foi: o BNG, o 14,4 por cento; o PPdeG, o 60,22 por cento. Iso si que é unha maioría social ampla, señorías. (*Aplausos.*) Por certo, señora Presas, opinar opinan os galegos, o que pasa é que vostedes non os escoitan.

Se falamos desta lei, hai un idéntico *modus operandi*: as polémicas innecesarias, a manipulación dos feitos, a absoluta falta de rigor. Polémica, por certo, como a relacionada co informe do CES, que emitiu un ditame positivo aprobado por ampla maioría: 30 votos a favor e 5 abstencións. Exactamente igual que antes decidiu devolver o texto elaborado pola comisión sectorial correspondente: 22 votos a favor da devolución e 12 en contra, porque o consideraban inadecuado por ampla maioría. Polo tanto, señorías, o ditame do CES é froito do funcionamento democrático deste órgano, e talvez iso explique as dificultades do BNG para entendelo e asumilo.

Tamén parece importante sinalar que a elaboración dese ditame superou amplisimamente o prazo previsto para a súa emisión, que era de trinta días e emitiuse dous meses e medio despois. Esa circunstancia, por certo, permitía ao Goberno galego dar o trámite por cumprido sen necesidade de agardar polo ditame, pero a Xunta decidiu esperar. Iso acredita a vontade de transparencia do Goberno coa mesma nitidez que amosa a vontade do BNG por enredar e manipular, señorías. A partir de aí, por certo, coincidindo co PSdeG en moitos aspectos, hai unha serie de críticas baseadas na manipulación do texto da lei, nas que se afirma que non contempla cuestións que aparecen nela de xeito explícito, ao tempo que se lle imputan intencións que nin se sustentan nel nin estiveron xamais no ánimo do Goberno ou deste grupo parlamentario.

Ambos espallan dúbidas sobre as garantías medioambientais contempladas neste proxecto de lei. Cando a realidade é que non se reduce nin unha soa exixencia para a instalación de



calquera industria no noso país, nin unha soa, señorías. Por certo, establecendo tamén unha clara diferenza co Goberno do señor Sánchez, ese Goberno ao que ambos grupos apoian, que si exime os macroproxectos eólicos de garantías medioambientais ou que aproveita a Lei da paridade para eliminar trámites de información pública.

Vostedes espallan dúbidas sobre os beneficios sociais contidos no proxecto e afirman falazmente que se vincula a explotación de recursos naturais unicamente á tecnoloxía e ao investimento. ¿Pero vostedes que texto analizaron? Dende logo, o que hoxe debatemos non, porque nese texto contémplanse beneficios relacionados coa cohesión social e territorial, coa mellora da calidade da vida da poboación, coa neutralidade climática, co mantemento e a creación de emprego, co desenvolvemento da economía local, coa redución do prezo da enerxía para os consumidores e as industrias locais, coa redución do prezo da enerxía para eses consumidores ou coa recuperación de zonas afectadas por incendios forestais, entre moitos outros. Beneficios que deben ser avaliados a través dun novo informe establecido por esta lei, que avalía precisamente o impacto socioeconómico de cada novo proxecto e que, en contra do que se está afirmando, ten un carácter totalmente complementario. Ningún proxecto se instalará en Galicia se non cumpre as condicións medioambientais e ningún proxecto se aprobará sen un informe socioeconómico favorable. Ningún deses informes prevalece sobre outro. Polo tanto, establécese unha dobre exigencia e, consecuentemente, unha dobre garantía. Polo tanto, eu teño que pedirilles aquí formalmente que deixen de enganar a xente, deixen de mentirlle. *(Aplausos.)*

Ademais, este texto senta as bases dun novo mercado voluntario de créditos de carbono, pioneiro en España, que parece que lles moleste, que permite a monetización das boas prácticas medioambientais e que democratiza os beneficios para que alcancen, por exemplo, as comunidades de montes ou os nosos agricultores e gandeiros. ¿Non sei que lles molesta disto? Un mercado de carbono que adapta á realidade galega iniciativas similares desenvolvidas con éxito en países nórdicos, en Francia, en Portugal. Vostedes aspiran a competir con esas grandes democracias europeas aplicando o modelo propio das «repúblicas bananeras». Iso, señorías, simplemente é imposible. Como a continuación vai ter lugar un debate sobre a necesidade dunha empresa pública de enerxía non me estenderei nas súas críticas á sociedade Recursos de Galicia, pero si que quero facer dous apuntes:

En primeiro lugar, é rotundamente falso que esta lei sirva para amparar legalmente Recursos de Galicia, fundamentalmente porque non precisa máis amparo que o que lle outorga a lexislación vixente. Realizar esta acusación, e máis nunha emenda á totalidade en negro sobre branco, amosa unha total ignorancia da lexislación mercantil do noso país ou unha mala fe dificilmente comprensible, ou une esa dicotomía entre ignorancia ou mala fe. Deixo que decidan vostedes cal lles produce menos vergoña.

En segundo lugar, a falaz comparativa que realizan entre Recursos de Galicia e o Ente Vasco da Enerxía amosa que non entenderon o modelo galego, que non entenderon o modelo vasco ou que non entenderon ningún dos dous modelos. Señorías, vostedes xa amosaron durante a tramitación da Lei do litoral que o que no País Vasco lles parecía unha grande idea en Galicia merecía un ataque desapiadado. Eu agardo que a sentenza do Tribunal Constitucional, e se non a contundente sentenza do pobo galego nas pasadas eleccións, os axude a reflexio-



nar para que, nesta ocasión e polo menos por unha vez, se poñan vostedes do lado de Galicia.

Remato xa, señorías. Eu creo que é o momento de deixar de lado o dogmatismo, o sectarismo e os plantexamentos partidarios ou curtopracistas. Esta lei plantexa un novo e mellor modelo de participación social nos beneficios que pode xerar un aproveitamento sostible, racional e ordenado dos nosos recursos naturais, dos recursos naturais do noso país. Este é un modelo que se basea na creación dunha alianza entre todos aqueles actores chamados a desenvolveren o inmenso potencial dos recursos naturais galegos; unha alianza entre o local e o global, entre o público e o privado, entre empresas e traballadores. En definitiva, é unha alianza, señorías, entre a Galicia de hoxe e a Galicia do futuro e que, sen dúbida, vai contar co respaldo do grupo que recibiu a confianza maioritaria das galegas e dos galegos. Para o «non» irracional a todo xa se bastan vostedes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Señor Pazos, a vostede gústanlle as frases grandilocuentes: «Non se pode escapar da responsabilidade de mañá evadindo os problemas do presente», Abraham Lincoln. (*Aplausos.*) Non podemos comprometer o futuro das novas xeracións, cuestión que, por certo, non se contempla para nada na exposición de motivos.

As socialistas galegas tendemos a man para chegar a acordos con todos os grupos parlamentarios no noso ofrecemento de pacto de enerxía e de industria. Xogámonos moito como país, polo tanto miremos con luces longas, con mesura, con equilibrio e con rigorosidade; é importante. Os socialistas galegos dicimos tamén ben alto «non» ao desenvolvemento indiscriminado das enerxías renovables no noso país, como se fixo ata o de agora, e «non» ao ostracismo sen aportar solucións realizables. Podemos mirar por riba dos intereses dos partidos; o que queren todos os actores implicados son solucións e unha harmonía entre as comunidades e as súas xentes, o territorio, a biodiversidade, os ecosistemas e o sector primario, así como cos sectores empresariais das enerxías renovables e da industria asociada que queren investir en Galicia e teñen unha grande inseguridade xurídica no momento actual.

Hai unha parálise no sector da eólica; máis de cincuenta parques eólicos paralizados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos deles por non ter en conta os criterios de sustentabilidade ambiental integrada. Esa é a realidade. Se queren poden botar balóns fóra, pero tocoulles gobernar, polo tanto poñan o gorro e asuman a responsabilidade de goberno; poñan o gorro e asuman que esta parálise do sector é por culpa do Goberno galego. Levan quince anos no Goberno, xa vai sendo hora de que aporten medidas para que os investidores veñan á nosa terra.



O BNG séntese ben na oposición, pero non son capaces de aportar unha proposta de enerxía renovable realista e viable, tamén tendemos a man nese eido ao BNG. Para os socialistas galegos, a defensa do noso país e do noso autogoberno é unha máxima, así se amosou tamén durante o Goberno progresista presidido por Emilio Pérez Touriño, xa que foi durante eses catro anos que estivemos cando transferiron máis competencias de autogoberno. Agora, coa única competencia, coa Lei do litoral, chegamos ao litixio co Tribunal Constitucional. Nos quince anos que levan de goberno solicitáronse cero competencias ao Goberno de España.

Evidentemente, tendémoslles a man e temos presente, ademais do autogoberno, a solidariedade da socialdemocracia, tan importante entre a diversidade dos territorios que conforman España. A rede eléctrica non só é que non sexa española senón que xa falamos dunha rede eléctrica europea, como nos amosou tamén co tema da crise enerxética na guerra de Ucraína, na que Rusia tomou a crise enerxética como unha arma contra Europa. Cremos tamén, nese sentido, nunha Europa federal da socialdemocracia.

Señorías do PP, haberá tempo de discutir longo e tendido sobre esas emendas parciais que imos presentar ao proxecto de lei. Aí vaise evidenciar se o PP pasa a apisoadora da maioría absoluta como está acostumado a facer ou se está disposto a chegar a acordos de país, ofrecemento que —como digo— lles ofrecemos a todos os grupos parlamentarios.

En resumo, a nosa emenda na totalidade creo que se xustificou na primeira parte expositiva; o proxecto é un *totum revolutum* de materias que tiñan que estar en lexislacións sectoriais específicas, teñen un cero en técnica lexislativa. Ven pasar o tren, pero non asumen responsabilidade política. Falta a participación social, da de verdade, da de falar coas comunidades, cos territorios, cos sectores e coas empresas. Evidentemente, os socialistas galegos, nestes catro meses que levamos de lexislatura —que son poucos—, xa falamos cos sectores, coa EGA —a Asociación Eólica Galega—, cos grupos ecoloxistas, co sector e co clúster das enerxías renovables. Crédeme, señorías do PP, que amosan unha preocupación máxima por parte de como o está a facer o Goberno galego. Por iso, repito e reitero, son necesarios o equilibrio e a mesura e é necesario dar solucións ao problema das enerxías renovables e da industria que vén investir no noso país.

Insisto na falta de planificación e de zonificación, cun Plan sectorial eólico do ano 1997; clasifiquen e mapeen as zonas en aptas e non-aptas, porque así, evidentemente, se outorgará a seguridade xurídica ao sector e ás empresas de enerxías renovables, xa que saberán onde se poden implantar. Esta planificación, evidentemente, ten que someterse a unha declaración ambiental estratéxica, que é o que lles está dicindo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos autos de medidas cautelares. Oian o que lles están dicindo, se non esta batalla xudicial vai continuar, é evidente. ¡Oian o que lles están dicindo!

Sobre a opacidade na creación da sociedade de Recursos de Galicia teremos tamén oportunidade de debater. Nós apostamos por unha empresa pública cen por cento, de accionariado cen por cento público, que pode ser vehículo para participar en proxectos de enerxías renovables mediante a participación pública. Pero non apostamos pola empresa que, evidentemente, é privada, cun trinta por cento de cartos públicos, que vai desenvolver o Goberno galego, de trinta millóns de euros...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Evidentemente, nós non apostamos pola falta da avaliación rigorosa de efectos medioambientais.

En definitiva, da socialdemocracia sempre viñeron os avances en dereitos sociais, nos dereitos da muller e tamén na transición enerxética. Iso si, hai presidentas como a da Comunidade de Madrid que reciben a líderes, presidentes, dunha república que negan o cambio climático e din que «a socialdemocracia é o cancro do mundo»...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir retomando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Máis nada pola miña parte.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de réplica do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Para estarmos nun Parlamento, igual o voceiro do Partido Popular podía repasar un pouco as definicións de que supón escoitar, porque, señor Pazos, escoitar non é que cheguen as achegas do proceso de participación pública, que se envíen á papeleira de reciclaxe sen telas en consideración e que logo poidan dicir que unha longa lista de entidades fixeron as súas achegas. Señor Pazos, sabe vostede que pasaron as achegas da sociedade civil organizada polo mesmo sitio que pasaron as achegas do Consello Económico e Social: polo forro. (*Aplausos.*) ¡Polo forro!, señor Pazos. Isto é como cando no trámite de emendas parciais se corrixe algunha errata do Goberno e logo vénsenos aquí dicindo «tivéronse en conta moitas achegas da oposición hoxe».

De verdade, acusa vostede de manipular, ademais para cuestións que foron literalmente recomendacións do Consello Económico e Social, que di literalmente que este proxecto de lei pode causar un grave prexuízo á poboación, ao territorio e ao desenvolvemento económico. Eu nin sequera defendín aquí moitas cuestións do voto particular do sindicalismo nacionalista de clase e do sindicalismo agrario que respaldamos e que introducimos nas nosas emendas parciais —por certo, que xa están rexistradas, debe estar vostede un pouco despistado—; non me referín ás propostas de máximos nin a moitas que defendemos desde o Bloque Nacionalista Galego. Defendín e referínme ás propostas que son tan de sentido común —e que levan quince anos bloqueadas neste país— que son defendidas polo Consello Económico e Social, pese á manipulación que fixeron dese organismo. (*Aplausos.*)

Pero, claro, tivo vostede que falar de Altri para non falar destas propostas. Supoño que como demostrou que non leu a emenda de totalidade tampouco debeu ler a lei. Eu volvo insistir neste Parlamento: vostedes con esas propostas que chegaron polo Portal de transparencia e



por outras vías teñen moi fácil darlle ao botón de envialas á papeleira do lixo, pero van ter que escoitar as propostas que nesta materia vai defender aquí o Bloque Nacionalista Galego. Imos seguir estando do lado da xente que sinala o que é Altri, que non é esa fábrica revolucionaria que se nos vendía, esa fábrica vangardista e para pechar ciclos produtivos no país; é outra cousa, é unha bomba ambiental. Sábeno vostedes perfectamente e sábeo a xente que non se deixa enganar, e nós imos facer de altofalante neste Parlamento de toda esa sociedade civil. *(Aplausos.)*

Pero, claro, é que o seu enredo chega a tal nivel que debeu traspapelar as notas do seguinte debate, porque aquí ninguén falou do Ente Vasco da Enerxía. Igual non atendín nese preciso momento. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero vostede falou da emenda do Bloque. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Non dialoguen.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, en todo caso, esa cuestión específica... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Si que lin atentamente esa emenda, ademais agradezo que o Partido Socialista cambiara de opinión e, por fin, apoie unha empresa pública cen por cento galega. *(Aplausos.)*

Volvendo á cuestión, señor Pazos, en todo caso, sobre o Ente Vasco da Enerxía e sobre unha empresa pública de enerxía —da que falaremos no seguinte punto, porque, efectivamente, o Bloque Nacionalista ten propostas, e moitas, en materia enerxética—, vostede ten razón en algo e é que é algo completamente diferente ao de Recursos de Galiza, hai algo totalmente diferente. Unha cousa é un Goberno ao servizo dun país, que é o exemplo vasco, e outra é o exemplo do Goberno galego, que é un Goberno centrado en meter recursos públicos para beneficio privado e poñerlle o apelativo de «público» cando ten un papel minoritario. *(Aplausos.)* Claramente son modelos diferentes e desde o BNG temos moi claro con cal estamos.

Falaba a conselleira de se no século XXII se mirará cara ao século XXI e cara ás decisións que hoxe tomamos, e eu tomo esa reflexión para facer outra que temos feito moitas veces nesta cámara: miremos os erros que cometemos, ou que nos fixeron cometer, ou que nos impuxeron máis ben, no século XX e que estamos pagando no século XXI; vexamos como lle foi a Galiza sendo territorio destinado á produción enerxética e sen ter beneficios directos dese papel. Eu veño de Ourense, as comarcas de Ourense teñen o cincuenta por cento da grande hidráulica deste país, e agora quere implantarse aínda máis. ¿Para que nos serviu iso?, ¿para ser a parte do Estado, xa non só de Galiza, que está á cola dos indicadores económicos?

Polo tanto, está claro que Galiza xa cambiou e que cada vez hai máis persoas aí fóra, unha maioría social, que entenden que Galiza ten que beneficiarse dese papel produtor e que non vale vendernos a transición ecolóxica a calquera prezo, porque iso simplemente é «poñerlle verde» aos intereses económicos das empresas. Polo tanto, temos a oportunidade de rectificar este camiño e o que pedimos nós é corrixir eses quince anos que, tal e como recolle o propio CES, foron un erro para este país e que supuxeron unha perda de control público e unha perda de recursos económicos e de oportunidades de desenvolvemento... Cómpre parar este proxecto, retíralo e que partamos todos e todas desas medidas que propón o Consello



Económico e Social; desas medidas que son absolutamente necesarias e uns puntos básicos neste momento histórico.

Se queren facer iso, se queren respectar minimamente ese organismo estatutario que tanto perverteron, pois fagan iso; se queren respectar minimamente este país e este Parlamento, fagan iso: retiren o proxecto, asuman como punto de partida esas reivindicacións do Consello Económico e Social, e nós seguiremos traballando por este país e facendo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Tes que ir rematando.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...propostas específicas ao respecto. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Peche do Goberno, se o solicita. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Continuamos, entón, co seguinte punto da orde do día.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación da empresa pública de enerxía renovable de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para facer a súa presentación, por tempo de quince minutos, ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don José Manuel Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Presidenta.

Señorías.

Bo día a todas e a todos.

«*La riqueza hidráulica proporcionará un rápido crecimiento industrial a la región*». Estas foron as palabras pronunciadas, en presenza do ditador Francisco Franco, polo que daquela era o ministro de Economía do Estado español, Laureano López Rodó, no discurso de inauguración do encoro de Belesar, aló polo 4 de xaneiro de 1963.

Segundo López Rodó, o impacto que había de ter na nosa economía a existencia dunha fonte de provisión de enerxía eléctrica a baixo custo sería un vector de transformación industrial. Sesenta anos máis tarde, aquela empresa que poñía en marcha o encoro de Belesar ten a súa sede social en Madrid, conserva menos de seiscentos postos de traballo na nosa terra e, pola contra, mantén activos centros de produción que xeran máis de catro mil xigawatts por hora de enerxía eléctrica anualmente. Velaí resumido en dúas escenas o famoso cartel do Estatuto de Castelao, no cal rezaba aquilo de: «*Nós alimentamos a vaca que outros moxen*». (*Aplausos.*)



Atopámonos, pois, ante un caso típico colonización interna, como os analizados polo profesor Beiras na súa publicación *O atraso*. Observamos como os inmensos réditos xerados polos saltos de auga galegos, construídos durante a ditadura, son explotados por empresas foráneas maioritariamente participadas por fondos de investimento especulativos. Repítese unha e outra vez a escena debuxada por Castelao. Nós poñemos o vento, nós sacrificamos a nosa terra, o noso xeito de vida, a cambio de nada. Este modelo mantense ata os nosos días, xa que, con data de hoxe, aínda temos case setenta concesións hidráulicas que, ou ben seguen explotadas no fin da súa concesión, ou ben están nunha especie de limbo mentres se resolven expedientes ou directamente se inicien; este limbo non é positivo para ninguén, dado que as instalacións se paralizan, sufrindo un abandono sistemático. A Xunta de Galiza, como xestora das augas continentais, ten unha clara responsabilidade para que estes activos de xeración pasen á titularidade pública en perfecto estado de uso, tal e como indica a Lei de augas.

Fóra da propia enerxía eléctrica, o modelo de desenvolvemento que está levando o Goberno da Xunta, no caso da enerxía eólica, non fai máis que afondar na imaxe da vaca muxida por outros. As sucesivas leis de depredación —e repito—, de depredación do territorio, xunguidas ao Proxecto de lei de beneficios, que se acaba de debater, a medias, nesta Cámara —porque non houbo réplica—, non son máis que hai un conxunto lexislativo que favorece a industria de enclave. Un exemplo claro son os mecanismos que permiten instalar parques eólicos en zonas con protección ambiental, baixo a premisa de estar ligados a un proxecto industrial de interese, cun contrato PPA. Esta é unha mostra do desleixo que a Xunta ten en materia de custodia do territorio e —¡como non!— dos intereses das galegas e dos galegos.

Neste senso, cando menos, ten que resultar alarmante a forte contestación social que os novos proxectos de enerxía eólica teñen na Galiza. A sociedade civil autoorganizada está a lanzar unha mensaxe moi clara a toda a clase política; só fai falla escoitala e entendela. Igual de preocupante ten que ser a paralización que están sufrindo, por vía xudicial, máis de corenta e nove proxectos eólicos; e, se a isto sumamos as numerosas indemnizacións que a Xunta tivo que facer fronte debido á derogación do Decreto eólico do Bipartito, coa que van pagados aló máis de tres millóns de euros e están pendentes algo máis de corenta e seis millóns, o que temos é unha parálise sectorial provocada polas ansias e polas présas que a Xunta de Galiza ten en poñer o noso país á disposición dos grandes grupos enerxéticos. Cómpre, por tanto, lexislar no senso contrario ao cal agora se vén facendo; cómpre dar un xiro ao temón, socializando os réditos que se derivan da explotación dos recursos enerxéticos galegos; cómpre tomar nota dos erros pasados; cómpre contextualizar o momento actual para dar resposta a toda esta parálise; pero tamén cómpre ter en conta as reivindicacións sociais —reivindicacións xustas, por outra banda—, que piden moitas máis cousas que afastar os muíños das vivendas ou non esmagar o terreo produtivo e non ter que reinventarse —ou como queira que se chame agora— ante o feito de ter que buscar a vida fóra de onde un vive.

Dicía que é preciso contextualizar. E se poñemos o foco no contexto europeo da transición enerxética —transición que se resume en electrificar consumos que ata agora estaban reservados a combustibles fósiles—, contar con recursos para a xeración eléctrica renovable é un valor engadido que pode levar o noso país a unha posición de vantaxe competitiva fronte



a outras partes do Estado e, mesmamente, dentro da propia Europa; unha vantaxe competitiva que ten que deixar na sociedade galega un incremento da calidade dos servizos públicos e un abaratamento da enerxía eléctrica.

Este novo escenario exige unha altura de miras que permita acadar os retos que temos por diante coa observancia e co respecto da sostibilidade. Xestionar os recursos enerxéticos é fundamental para chegar a sermos un referente nesta materia. Cómpre despregar unha nova ordenación do territorio que delimite claramente en que zonas podemos implantar proxectos de xeración e en que zonas quedan excluídos, sempre —claro está— primando a protección do medio e das persoas. Un futuro baseado na enerxía renovable será un futuro ligado ao almacenamento enerxético en todas as súas formas. Galiza nisto ten moito que dicir, sempre e cando se poñan en marcha plans de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías de almacenaxe, con menor curva de aprendizaxe, e de como esta se pode implantar dentro do noso territorio.

O transporte e a distribución de enerxía eléctrica son outro factor clave no contexto da transición enerxética nunha economía altamente electrificada. A flexibilidade, que as novas redes precisan para acomodarse aos picos de demanda en períodos de exceso de xeración, vai levar implícita a aplicación de novas ferramentas de xestión, como pode ser a tecnoloxía *blockchain* ou a intelixencia artificial. Unha vez máis tamén precisamos investigación e desenvolvemento para esta distribución eléctrica que teña en conta as singularidades do territorio galego. A dispersión de poboación, que ata agora foi sempre unha eiva para o sistema eléctrico —ou, polo menos, isto era o que nos viñan contando—, pasará a ser unha fortaleza nun novo sistema de enerxía distribuída. Un dos sectores en que a transición enerxética vai ter máis incidencia será o da mobilidade. A electrificación do parque móbil ou a penetración do hidróxeno como vector enerxético son realidades xa presentes, nas cales a Administración galega ten que exercer a súa potestade para ordenar e planificar. Temos un longo camiño que andar dende o actual modelo ata ese futuro renovable; cómpre dar os pasos necesarios na boa dirección.

Señorías, unha vez feita esta introdución, paso a describir a proposición de lei que hoxe sometemos á consideración desta Cámara. Traemos hoxe unha proposta para a creación dunha empresa galega pública de enerxía renovable.

É unha empresa de titularidade cen por cento pública que será a encargada de xestionar todo o sistema eléctrico galego. Así, esta empresa pública galega terá entre os seus principais obxectivos participar activamente no desenvolvemento de proxectos de xeración de enerxía renovable, priorizando a sostibilidade ambiental, cultural e paisaxística; tamén tomará parte nos proxectos de distribución eléctrica asociados a estes proxectos de xeración ou a outros existentes, co fin de crear unha rede de distribución enerxética galega. Esta nova ferramenta comercializará a enerxía renovable, incrementando a protección a colectivos vulnerables. Igualmente, contribuirá para avanzar na innovación e no valor engadido ao impulsar proxectos de almacenamento enerxético en calquera das súas formas, así como sistemas de recarga do vehículo eléctrico, hidrolíneas ou calquera outro sistema de aprovisionamento enerxético que as novas formas de mobilidade precisen. No marco da recuperación para o público dos elementos estratéxicos no ámbito enerxético, terá un especial polo de traballo



na recuperación das concesións hidráulicas que cheguen á fin da súa explotación concesionaria. Así mesmo, neste contexto de transformación enerxética, a xeración distribuída será un obxectivo para cumprir, para o cal a empresa poñerá un especial empeño na distribución territorial dos proxectos de xeración, de forma que se facilite un acceso máis seguro e de menor impacto á rede. A democratización da enerxía a través de ferramentas dispoñibles, lexislativa e tecnicamente, como poden ser o autoconsumo e as comunidades enerxéticas, será outra das áreas de traballo da empresa pública galega. Ademais, como elemento estratéxico para o país, esta empresa estará aberta á participación da Administración local de Galiza, dando entrada a concellos na participación dos proxectos que se desenvolvan no seu territorio. Do mesmo xeito, terá unha especial sensibilidade nas relacións e na participación das comunidades de montes veciñais en man común, como axentes tractores e xestores de boa parte do noso territorio.

Finalmente, cómpre engadir que con esta iniciativa lexislativa se exerce a nosa capacidade de decisión nun momento transcendental para a nosa historia; un momento en que os poderes públicos non poden permanecer alleos a unha transformación social, na cal a enerxía é a protagonista e na cal é preciso fortalecer o papel das administracións públicas para garantir que o potencial enorme que ten o noso país e os seus recursos naturais revertan directamente no desenvolvemento social e económico, e coloquen Galiza á vangarda da transformación enerxética.

Debemos aclarar que a participación pública no sector enerxético —ao contrario do que poida parecer— non é ningunha rareza, de feito, vén sendo unha constante a nivel internacional. Segundo o documento da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos, a OCDE —ese documento co título de *As empresas estatais e a transición baixa en carbono*—, a propiedade estatal prevalece en todo o sector enerxético; os gobernos seguen sendo propietarios dos activos da produción; as empresas estatais seguen a ser importantes no sector eléctrico, mesmo en varios países da OCDE. Estas empresas estatais representaban ao redor do sesenta e un por cento da capacidade eléctrica global total instalada en 2016, e preto do cincuenta e dous por cento da capacidade actualmente prevista ou en construción.

Aquí temos varios exemplos desta participación pública en proxectos de enerxía, como poden ser os exemplos da norueguesa Statkraft, con parques eólicos na Galiza con máis de cento corenta megawatts de potencia instalada, ou de, mesmamente, Energy Power, unha empresa enerxética eléctrica propiedade do Estado de Italia que, á súa vez, é propietaria de Endesa. E permítanme unha curiosidade con respecto a Endesa, que na súa orixe foi a grande empresa eléctrica do Estado español, sometida a un proceso de privatización que comezou aló polo ano 1978, baixo un Goberno socialista de Felipe González, e rematou dez anos despois, cun Goberno do Partido Popular presidido por José María Aznar. É moi curioso o periplo desta empresa mercantil, que pasou de ser pública española a pública italiana en pouco máis de dez anos.

Os motivos da propiedade estatal varían entre os países. Nas economías en desenvolvemento, nas cales hai unha parte importante da poboación que aínda non ten acceso á electricidade, pode proporcionar un desenvolvemento interno; é un factor clave. Os gobernos tamén poden utilizar as empresas como medio para controlar as cadeas de subministración de enerxía



estratexicamente sensibles, e as empresas enerxéticas estatais poden proporcionar importantes ingresos públicos.

Son varios os exemplos dentro do propio Estado español; son varios e son moi diferentes dependendo da autonomía do espírito que as levou a crear. Un caso significativo é o Ente Vasco da Enerxía, o EVE, onde ten unha participación industrial altamente cualificada. Resulta tamén moi salientable o caso catalán, que conta cunha empresa pública que desenvolve o proxecto de xeración e comercialización de enerxía eléctrica de orixe renovable, e tamén desenvolve unha loita contra a pobreza enerxética, baixo o nome de *La energética*, e que comparte boa parte do espírito da iniciativa que hoxe traemos aquí. É digno de mención tamén o caso das Illas Canarias que, aínda sen ter desenrolada a propia empresa de enerxía eléctrica, si que conta, dentro da súa lexislación autonómica, coas competencias en distribución e planificación eléctrica. Por tanto, non cabe dúbida de que a nosa iniciativa ten un perfecto encaixe legal. O único que fai falta para isto é vontade e espírito construtivo. *(Aplausos.)*

Atopamos reforzada a nosa iniciativa co Ditame que o Consello Económico e Social, o CES, emitiu respecto da Lei de beneficios que recentemente se acaba dirimir, no cal formula claramente a proposta de crear unha nova empresa ou de transformar algunha axencia xa existente, como pode ser o Inega, para promover a participar societariamente en proxectos enerxéticos estratéxicos xunto co sector privado, co obxectivo de ter unha subministración enerxética para as empresas galegas.

Logo, tendo en conta o sinalado no artigo 5 da Lei 6/1995, pola que se crea o Consello Económico e Social, no cal se di que para «emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo» sería desexable ou sería necesario acadar unha maioría nesta Cámara.

Señorías, todas e todos sabemos que a enerxía é un elemento estratéxico e esencial para a actividade económica e social dos pobos. De todas e de todos nós depende convertelo en realidade; por iso pido o seu apoio para a toma en consideración desta proposición.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda do resto de grupos parlamentarios.

Señor Ojea, ¿vai intervir? ¿Si? *(Asentimento.)*

Ten vostede dez minutos.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Non, serei moi breve.

Apoiaremos a proposta do BNG porque, efectivamente, nos parece que a enerxía é un ben público que debe estar xestionada, en xeral, polos poderes públicos.



Estas empresas ás cales, ás veces, lles queda o nome de «empresa» grande porque non funcionan realmente cos criterios empresariais habituais de tomar uns recursos da natureza, transformalos, entrar en competencia entre elas para ver cal é a que mellor produto ou servizo ofrece á sociedade para que a sociedade poida escoller... Estas empresas non funcionan desta maneira; estas empresas funcionan como verdadeiros monopolios, tomando uns recursos que —digamos— son da sociedade, isto é, recursos tan importantes como a auga ou como o vento, ou como a enerxía do sol... Estas empresas o que fan, unha vez —digamos— que asumen a xestión, é poñer a man; poñer a man e cobrar. E, desde unha posición de forza e desde unha posición de control sobre amplos aspectos da sociedade, permítense unha serie de abusos que non son difíciles de cuantificar.

É unha postura que, desde logo, mantemos sempre con relación a esta clase de empresas. Efectivamente, na provincia de Ourense coñecemos ben o que é o uso duns recursos, neste caso, hidroeléctricos xa desde o pasado. Por certo, entre hoxe e mañá creo que van facer unhas probas destas sirenas dos embalses para ver se funcionan ben etcétera.

E bueno, efectivamente, non sei se esta proposta do BNG se aprobará; desde logo, a curto prazo estou seguro de que non; pero eu estou seguro de que a medio ou a longo prazo a enerxía será xestionada polo Estado do xeito que propón o BNG.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Patricia Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Bos días de novo.

Ben, parécenos —aos socialistas galegos—, cando menos, inaudito ou curioso que a conselleira de Economía e Industria non pechase o debate sobre un Proxecto de lei de recursos de Galicia, que era o proxecto estrela e o proxecto único para Galicia. ¡Inaudito!

Que Galicia teña unha empresa pública de enerxía é unha idea que moitos levamos defendendo moito tempo. Sexa no formato legal que sexa máis axeitado, é innegable que a participación pública na xestión enerxética é moi importante. Isto xustifica o noso voto a favor da toma en consideración da proposición de lei do BNG. ¿Quere dicir isto que imos validar esta proposición de lei como se presenta? ¡Pois non! Cremos que a idea non está ben desenvolvida, e, por tanto —cremos—, non sería o modelo máis eficiente. A participación pública debe ter máis obxectivos que o mero plan de combater o capital privado, e non se trata de armar unha empresa pública contra ninguén nin tampouco facelo por convicción militar —¡non!—; trátase de ter un fin, un obxectivo, que é camiñar cara á transición enerxética e cara ao obxectivo da descarbonización que nos marca Europa.



As socialistas cremos que Galicia ten un enorme potencial enerxético e que debe participar, evidentemente, publicamente na xestión da enerxía que produce, pero dificilmente —cremos— vai ser viable xerar, distribuír, comercializar toda a enerxía pola vía pública; por tanto, a participación pública debe estar presente para garantir todo o proceso e que ese proceso teña repercusión no noso territorio.

O aproveitamento enerxético de Galicia debe estar suxeito a dous piares básicos. O primeiro, debe haber máximo control ambiental e garantía da enerxía verde e limpa; e o segundo, debe haber vinculación co territorio e beneficio para a comunidade social en que exista unha implantación destes proxectos renovables ou unha implantación industrial. Baixo estes dous principios, a nosa visión segue sendo a de promover as potencialidades de Galicia, isto é, avanzar. Temos vento, auga, minas..., pero debe sacudirse o problema xerado pola indefinición do Goberno galego, que é máis áxil para facilitar a entrada de empresas privadas que xestionar e tomar a estratexia na xestión dos nosos recursos naturais. Fronte a iso tampouco debemos situarnos —cremos nós— en posicións dogmáticas e monolíticas, que estiman que todo o que soe a avance está mal. Con iso tampouco estamos de acordo os socialistas galegos. Por iso queremos unha empresa pública de enerxía para que os galegos e as galegas sexamos parte da gran potencia que Galicia pode ser e que está esperando por políticas ambiciosas e valentes.

¿Cal é a situación enerxética de Galicia? Os socialistas seguimos insistindo en que a transición enerxética non é unha opción; é unha obrigaón. Creemos que non podemos permitirmos o luxo de perder este tren, como o está a perder Galicia nos últimos quince anos do Goberno do PPdeG. Sabemos que Galicia ten —como dicía— unha gran riqueza, recursos enerxéticos e naturais autóctonos, pero debemos poñer os medios, atraer inversión e, sobre todo, contar coa cidadanía, coas comunidades locais, cos sectores xa implantados para que, co aproveitamento destes recursos, se respecte escrupulosamente o medio e a biodiversidade. Vai ser imprescindible tamén —cremos os socialistas— apostar polo sector da innovación —que é importante— e polas novas tecnoloxías, atopar sinerxías coas actividades xa implantadas e que todo repercuta nun beneficio para os galegos e as galegas.

Segundo o Inega, no ano 2023 o 79 por cento da enerxía primaria importada foi procedente de combustibles fósiles, aínda que unha parte se destinou a xerar produtos petrolíferos destinados á exportación; pouco máis dun 20 por cento correspondeu a produtos enerxéticos autóctonos, como a enerxía hidroeléctrica, a enerxía eólica, a biomasa, os biocarburantes, o biogás, a solar e a eólica. Con todo, a porcentaxe que representou o consumo de electricidade, sobre o consumo total de enerxía final, situouse nun 22 por cento; isto indica unha baixa electrificación da demanda e unha forte dependencia aínda dos combustibles de orixe fósil.

É certo que Galicia foi sempre un dos territorios con maior capacidade de xeración en España; jiso é certo! Antes dos anos noventa o seu potencial procedía do carbón e das centrais de Meirama e das Pontes, e da produción hidráulica, pero, coa chegada da eólica, nos anos noventa, e con esa transición enerxética, o panorama mudou moito nos últimos anos, xa coa central de Meirama derrubada e coa das Pontes fóra de servizo no ano 2024. O carbón deixou de ter a relevancia que agora debería ocupar a eólica; enerxía eólica que, no momento actual



— todos sabedes, señorías —, está nun estado de *shock*, de parálise, pola inacción do Goberno galego do PPdeG.

Non se pode botar balóns fóra e botar toda a culpa ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Iso non é facer política con maiúsculas. Tamén somos críticos — os socialistas galegos — con aquelas forzas políticas que non son capaces de definir o seu modelo enerxético máis alá de afirmar que todo é espolio eólico.

Continuamente neste Parlamento, temos que lembrar ao PPdeG que son eles os que gobernan, e levan quince anos gobernando — nin máis nin menos —, ¡quince anos! E son ás señorías do PP ás que lles toca buscar solucións políticas que doten de seguridade xurídica o sector das renovables e da industria asociada que quere investir e asentarse no noso país.

O Goberno galego — como dicía na miña intervención, ao principio, sobre o Proxecto de lei de recursos naturais de Galicia — chega mal e a rastro, e pouca ou ningunha solución real propón para acabar co caos da xestión no desenvolvemento das enerxías eólicas no noso país; segue sen ter en conta os criterios de sustentabilidade ambiental integrada, que é o que vén dicindo Europa na nova Directiva de renovables; e segue sen escoitar as comunidades, os concellos e as súas xentes. Comunidades — sobre as cales non nos cansaremos os socialistas galegos de repetir — que teñen que ser compensadas con beneficios concretos polo seu impacto.

O PP non ten unha estratexia para o desenvolvemento enerxético en Galicia. Cando Feijóo chegou ao poder no ano 2009 mandou parar a enerxía eólica por criterios puramente partidistas, sen mirar polo interese xeral do país, que é o que lle corresponde a un presidente da Xunta de Galicia. E, dende entón, non hai unha boa planificación do seu potencial enerxético, e esa falla de modelo trasládase a toda a economía industrial galega, que crece, pero moi, moi paseniño, por debaixo da media de España e lonxe de alcanzar un vinte por cento do PIB industrial en Galicia.

A paralización do concurso eólico non só deixou fóra 2.325 megawatts — que se di pronto —, senón que tamén os galegos e as galegas tiveron que pagar as indemnizacións millonarias de responsabilidade patrimonial por dano emerxente e polo lucro cesante desa suspensión partidista. ¡Esa é a realidade! Un concurso que, por certo, avalou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que dixo que era un concurso eólico plenamente legal. E, dende entón, hai caos e inseguridade xurídica — caos e inseguridade xurídica —.

O Goberno non se pronuncia sobre como avanzar no futuro da enerxía eólica terrestre, da mariña flotante, dos proxectos de hidróxeno verde, dos proxectos de biometano, do autoconsumo de proximidade, xa que o Proxecto de lei só se refire ao solo industrial. A Xunta do PP está desconectada da realidade europea en asuntos enerxéticos e de transición ecolóxica. Unha proba clara é que o PP votou no Parlamento Europeo en contra da Directiva de renovables que, precisamente, establece a planificación e a zonificación das zonas; o PP votou en contra desa directiva proposta polos socialistas no Parlamento Europeo.

E falamos de empresa pública. Como dicía, apoiamos unha empresa pública de capital cen por cento público, sobre todo, se o comparamos co modelo polo cal optou o Goberno galego



do PPdeG. Vemos unha opacidade absoluta na creación da sociedade de Recursos de Galicia. Como xa dixen ao falar do proxecto de lei, hai unha falta de respecto polo funcionamento democrático desta institución na creación, que se fixo —diría eu— de forma espuria, faltando —digamos— á transparencia, eludindo a Lei de patrimonio de Galicia, a Lei de ordenación do sector público, da LOFAXGA, incumprindo e dicindo que era unha sociedade mixta público-privada, pero o certo é que o trinta por cento do capital que ten que desenvolver o Goberno galego ata 2027, isto é, 30 millóns de euros que ten que desenvolver, non se fixo con criterios de transparencia. Esa creación foi absolutamente opaca, o que amosa unha privatización dos nosos recursos naturais.

E respecto das dúas sociedades —como dicía tamén na miña intervención— no proxecto, fronte á sociedade Impulsa, chamada —digamos— a ser tractor de proxectos de captación dos fondos Next Generation, a sociedade Recursos de Galicia semella ser irmá xemelga. Se imos aos seus estatutos, hai unha conxunción e unha coincidencia nos nomeamentos dos CEO das compañías nun momento determinado; hai unha coincidencia do domicilio social, que está na sede do Igape; hai unha coincidencia na composición dos consellos de administración de Impulsa e de Sociedades de Galicia —respecto das dúas sociedades, como dicía—..., e aquí non pasa nada. En consecuencia, o que viñemos dicindo os socialistas de Galicia na pasada lexislatura, xa o dixo o Consello de Contas de Galicia: que estas dúas sociedades pese a ter un trinta por cento de accionariado de capital público, deberían estar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: ...baixo o control material da Xunta de Galicia na rendición das súas contas e no funcionamento da súa actividade.

E, ¿cal é a nosa proposta? Como dicía, unha empresa cen por cento pública co obxectivo de obter a subministración enerxética para o tecido empresarial galego e tamén —digamos— de establecer, entre as súas funcións, a transición ecolóxica, a participación do conxunto da cidadanía nos seus beneficios, a formación, prezos xustos para as expropiacións de proxectos renovables, o almacenamento enerxético, a reciclaxe dos concellos no novo modelo de xestión de biorresiduos, a eficiencia enerxética...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor,.

A señora IGLESIAS REY: ...o fomento do autoconsumo de proximidade coa rebaixa da factura ás empresas e á veciñanza e a planificación do estudo e a diversificación de investimento nas zonas afectadas polo peche das centrais de Meirama e das Pontes, e de facilitar esa transición.

En definitiva, as socialistas galegas, coa nosa proposta de empresa pública de enerxía, teremos como obxectivo principal esa democratización da enerxía —de que a OCDE tamén vén falando—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora IGLESIAS REY: ...no noso país, baixo criterios de sustentabilidade ambiental e beneficios para a comunidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Lorenzo Gómez

O señor LORENZO GÓMEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos, señorías.

Señora Igrexas: ¿a proposta é súa ou é do BNG? Porque máis alá de que acaba de dicir que é súa —ás caras dos deputados do BNG, era para sacarllles unha foto—, vostede quedou co título: «empresa galega cen por cento pública. Imos votar que si, e agora vou dedicar a miña intervención a azoutar o grupo maioritario da Cámara».

Señorías do BNG, miren, cando un o dá todo para acadar un obxectivo e non o acada, a frustración é moi dura e difícil de xestionar, e máis, se cabe, cando un se vacía e ata traizoa os seus principios e abandona toda a coherencia coa ilusión de acadar a meta. Todo, absolutamente todo, estaría xustificado se chegasen ao Goberno, pero, unha vez máis, os galegos fuxiron do modelo de atraso económico e social que subxace nas propostas destrutivas do Bloque. ¡Asúmano dunha vez!: vostedes están na oposición. (*Aplausos.*)

Galicia non quere cambiar; Galicia quere seguir avanzando. E con esta proposición de lei que presentan hoxe —un tema xa debatido nesta Cámara—, queda en evidencia que vostedes non o asumiron aínda. O que deberían facer, tendo en conta que acabamos de debater unha lei que comparte a mesma finalidade, é —vostedes, os grupos da oposición— traballar para enriquecer Galicia, porque vostedes están máis cómodos no enredo permanente dicindo «non» a todo e, cando semella que o obxectivo é común —como ben acaba de dicir agora a súa portavoz no anterior debate—, vostedes saen con un «así non».

No BNG son especialistas en discursos simplistas, facendo ver á cidadanía que todo se arranxa con soberanía independentista e o autogoberno. Vostedes van a contracorrente nun mundo que, cada vez máis, debe ser pensado dun xeito global. A diferenza de vostedes, nós si que lemos as súas iniciativas e o certo é que esta iniciativa atende máis a unha serie de ficción que a unha proposición de lei sería á altura do que merecen os galegos. En primeiro lugar, chama moito a atención que propoñen que o capital social da empresa pública cen por cento galega —iso quedoulle moi claro á señora Iglesias— sexa de 50.000 ou de 60.000 euros —non queda moi claro se son cincuenta ou sesenta—. Desde logo, debemos entender que posteriormente se ampliará o capital, pero deberían explicar como; e tamén deben explicar como, con 50.000 euros, pretenden poder optar á participación en proxectos enerxéticos ou a desenvolver proxectos enerxéticos. Miren, a participación da Xunta na sociedade mercantil Recursos de Galicia ten actualmente 15 millóns de euros de capital social, e a participación pública —como dicía— é do trinta por cento. É unha empresa que ten a capacidade



de financiar proxectos mediante pancas financeiras cun importante investimento, e o BNG non explica nesta proposición como se vai facer.

En canto ao obxecto e á finalidade, non teño nada que sinalar. É que son obxectivos aliñados co que promove a nova lei, sobre a cal acabamos de debater. De todo os xeitos, resulta contradictorio criticar o proxecto de lei e, logo, defender unha empresa que persegue o mesmo fin. Propoñen a recuperación das concesións hidroeléctricas rematando o período concesionario, pero o que propoñen está en contra do libre mercado. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pódelles parecer a vostedes moi gracioso, (*Murmurios.*) pero é que están en contra do libre mercado. (*Aplausos.*)

Moitas grazas. Miren, unha vez remate ese período concesionario, ao constituír unha empresa pública, que é o medio propio da Administración, a realidade é que si que se podería encomendar tal competencia, dun xeito inmediato, á empresa pública, pero semella máis razoable o modelo de Recursos de Galicia, no cal é unha empresa a que compite no mercado, o que lle dá certa transversalidade que garante un maior éxito, con independencia de orientacións políticas.

En canto á participación de axentes locais, esta tamén é unha cuestión incluída no propio Proxecto de lei de recursos naturais de Galicia. Como semella que non leron a lei, eu explícolles: poden atopar no artigo 4, desde os puntos f) ao l), como o beneficio social e económico vai ser prioritario para a instalación deses proxectos. Pero, paradoxalmente, a esta lei, que contén os puntos que acabo de mencionar, presentan vostedes —PSdeG e BNG— sendas emendas á totalidade. Así é moi difícil que o grupo maioritario da Cámara os tome en serio; pero, ¿saben o que é máis difícil?: que os tomen en serio os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

Miren, teñen como referencia —aquí xa se mencionou varias veces—, por unha banda, o ente vasco de enerxía, que non é máis que o Inega, que se creou en Galicia no ano 1999, e, por outra, un vehículo de participación pública en activos estratéxicos da enerxía; algo que a Xunta tamén leva facendo desde o ano 2000. Primeiro, a través de Sogama, a través de Augas de Galicia e a través de Reganosa, e agora, a través de Recursos de Galicia.

Vostedes propoñen, na súa disposición adicional terceira, a creación dunha rede de oficinas comarcais. Isto suporía incrementar o gasto público en persoal, cunha utilidade ínfima; algo que dista moito do aproveitamento dos recursos e dunha xestión coherente. Ademais, isto supón atentar contra a simplificación administrativa. Con todos os respectos, señorías, a proposición de lei é, lexislativamente, unha chapuza (*Murmurios.*) na súa maior parte, sobre todo, porque estamos a falar de que é unha norma en branco, baleira de contido e con simples remisións á normativa de aplicación ou aos seus estatutos. E eu preguntolle, señora Iglesias: ¿cal é o seu criterio? Porque cualifica de *totum revolutum* a lei que acabamos de debater e agora vostedes acaban de anunciar que van votar a favor. A miña conclusión é que vostede só quedou co título de «empresa cen por cento pública». (*Aplausos.*)

O que si que queda claro son os órganos de goberno da Administración, que os establecen nesa lei sen atribuírlles función ningunha, salvo a do Consello Asesor; pero todo pinta, máis ben, como un servizo de colocación, máis que dunha empresa útil para os galegos e as ga-



legas. Miren, por non saber non saben nin como se chama a Asesoría Xurídica da Xunta; chámanlle «avogacía». ¿En serio? Isto é un corta e pega mal feito, moi mal feito. Pero isto xa é para nota, miren: establecen un prazo de aprobación dos estatutos nun ano e, por outra banda, as disposicións establecen diversas obrigas que a empresa ten que cumprir no prazo dun ano; é dicir, están establecendo obrigas á empresa cando aínda non vai ter os estatutos. ¿Este é o seu modelo, señores do BNG?; ¿é este o seu modelo? Isto non é unha proposición de lei; isto é unha irresponsabilidade, tratándose do principal grupo da oposición deste hemiciclo.

Señores do PSdeG, menos mal que non están de acordo cos que cualifican de espolio calquera iniciativa empresarial en renovables para Galicia. E vostedes apelan ao rigor. Xa o estamos a ver: tiñan vostedes a oportunidade de posicionarse con Galicia ou continuar da man do BNG máis radical.

Miren, o grupo maioritario da Cámara, que sustenta o Goberno, si que ten un proxecto claro, señorías. Apostamos pola Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais e tamén pola sociedade de Recursos de Galicia; un proxecto de todas as galegas e os galegos, non só da esfera pública ou exclusivo da esfera privada, e sempre respectando o ordenamento xurídico.

Señorías, no Partido Popular non imos impedir aos galegos que poidan ser donos do seu futuro, que poidan construír o seu porvir, que sexan copartícipes desta aventura apaixonante; non imos pechar a porta da participación, nos proxectos de aproveitamento dos recursos naturais, nin aos grandes empresarios, nin ás pemes, nin aos pequenos investidores, nin aos mariñeiros, nin ás comunidades de montes, nin ás agrupacións veciñais; non lle imos dicir que non a Galicia. Ao contrario: ímoslle dicir que si e ímoslle ofrecer unha gran vantaxe competitiva.

Señorías —xa vou rematando, presidente—, poden continuar con este discurso caduco e polarizador de bos e malos, tan afastado da realidade e ao cal levan agarrados, ao igual que a súa lideresa está agarrada ao seu escano. Por certo, xa se ve a importancia que lle dá a súa lideresa a esta lei tan importante para Galicia. *(Aplausos.)*

Afortunadamente, a sociedade galega —esa de que se autoproclaman voceiros unha e outra vez— non lles compra o discurso, señorías. Poden seguir vivindo desa serie de ficción, que xa ten unhas cantas tempadas, pero, de verdade, están en tempo de retirar as emendas á totalidade presentadas á Lei de recursos naturais de Galicia, sobre a cal acabamos de debater. Súmense a aportar —dun xeito sensato e realista— a este texto, que nos fará avanzar para contar cunha lexislación de referencia no aproveitamento dos nosos recursos naturais, e que permita seguir dando pasos na transición cara a unha economía máis sustentable.

Como ben dicía a conselleira, temos unha oportunidade de converter a nosa riqueza natural en riqueza social. Aplíquense ese espírito construtivo e esa vontade de chegar a acordos a que fai alusión, señor Golpe. A man tendida do noso grupo quedou máis que clara esta mañá. Avancemos xuntos para acadar un éxito colectivo que será de todos ou, polo contrario, estarán en risco de quedar atrás, unha vez máis.



Este grupo, e este Goberno, teno claro: os nosos recursos ao noso servizo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, o señor Golpe.

O señor GOLPE ACUÑA: Si, señor presidente.

Señor Lorenzo, ¡para importancia a que lle dá a súa conselleira, que non está presente no hemisiciclo cando estamos debatendo! (*Aplausos.*) — ¡Home, vaia por Dios!— ¡En fin, o que hai que oír!

Pero atentos, que Keynes está agora mesmo revolvéndose na súa tumba (*Risos.*) escoitando que crear unha empresa pública de enerxía vai en contra do libre mercado. ¡Pero, ¿que me está vostede contando?! (*Aplausos.*) Imos preguntar ao Goberno de Aragón; (*Murmurios.*) imos preguntar ao Goberno de Aragón ou ao Goberno de Navarra, que levan recuperadas máis de trinta concesións hidráulicas do Pireneo (*Aplausos.*) cando vostedes deixan morrer no soño dos xustos case setenta concesións caducadas. E podo numerarllas.

¡Home, señor Lorenzo!, ímonos poñer serios; imos falar ben as cousas como son. ¡Si, si!, e como di esta presidencia: «non dialoguemos»; dialogamos despois cando saiamos.

En fin, di vostede algo que me pareceu moi significativo, algo hai dentro das nosas emendas, das nosas disposicións, que é que as oficinas comarcais van orixinar un gasto. Isto é lóxico. Non somos tontos, sabemos que se poñemos en marcha un novo organismo, algún custo vai ter. Pero é que estamos creando unha empresa que vai xerar beneficios para o erario público, (*Aplausos.*) branco e en botella.

Señor Lourenzo, o máis grave do que dixo vostede nesa intervención é que esas oficinas ían ter escaso valor engadido, escasa aportación, unha oficina de información á cidadanía. E voulle facer unha pregunta moi concreta, señor Lourenzo: ¿entende vostede a súa factura da luz? Na bancada do Partido Popular, ¿entenden vostedes o seu recibo do gas, a súa factura da luz? ¿Si? Así me gusta, aplicados. Ben, pois que saiban vostedes que segundo un estudo recente da Fundación Naturgy pouco propensa ás teses do nacionalismo— máis do oitenta por cento da poboación non entende os seus recibos. Se nós queremos artellar un mecanismo, e dinos que é escaso valor engadido... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vou seguir cando calmen. (*O señor presidente bisbea.*) Se nós propoñemos un mecanismo coa axuda da poboación para ter coñecemento e vostedes veñen aquí e din que teñen pouco valor engadido, vano ter que explicar con unha nota de prensa, xa llelo explico eu. (*Aplausos.*)

Señora Iglesias, señores do Partido Socialista de Galicia, benvidos á cordura, grazas por apoiar esta iniciativa. Despois das voltas todas que lle deron, estamos no bo camiño.

Dicía vostede na súa intervención (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que debería apoiarse en dous piares fundamentais: máximo control ambiental e beneficio para o terri-



torio. Benvidos tamén ao que nós chamamos «a tarifa eléctrica galega», porque é o único retorno posible de todo isto. (*Aplausos.*) Si que é un pouco contraditorio escoitalle falar disto cando na comarca da que eu veño, na comarca de Ferrolterra, hai unha vaga de parques eólicos xunguidos ao nó de explotación xusta das Pontes, que practicamente están chantando os eólicos a escasos cen metros das vivendas, eólicos de douscentos metros de altura. E estes veñen baixo o amparo do Ministerio de Transición Ecolóxica. Miren por aí, que o tema da sostibilidade está un pouco comprometido.

E igual co que falaba vostede da transición enerxética, ¿onde está a transición? Vaiamos preguntarlles ás veciñas e aos veciños das Pontes que é a transición enerxética. Pecharon a central que estaba en produción cando non hai unha alternativa clara nin no territorio nin próxima a el. Non compartimos esta visión.

E xa por último, para rematar, grazas polo seu apoio, señor Ojea. Tenme que perdoar, que non trouxen os datos frescos, pero unha iniciativa que presentou o noso grupo na Deputación de Ourense a respecto de algo moi parecido ao que estamos debatendo, vostedes votaron en contra. Pero, aínda así, tamén benvido á cordura.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematados os debates dos textos lexislativos, procedemos á votación deles.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as emendas á totalidade, de devolución, presentadas ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Votamos, en primeiro lugar, a emenda de devolución do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidades de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37; abstencións, 1.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Entón, rexeitadas as emendas á totalidade, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de creación da empresa pública de enerxía renovable.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación da empresa pública de enerxía renovable.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Agora continuamos co segundo punto da orde do día.

Abran as portas, por favor, xa, terminou a votación.

Comparecencia da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para a comparecencia, ten a palabra a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue. Cando queira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor presidente, señores deputados, comparezo por petición propia nesta cámara co obxectivo de afondar nos principais retos desta Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, unha carteira de nova creación, que precisamente dá idea da importancia que o presidente Alfonso Rueda concedeu a cuestións que son fundamentais para o noso desenvolvemento, como sociedade e como país. Cuestións como a vivenda, co obxectivo que nos fixamos de seguir ampliando o acceso a unha vivenda digna a prezo accesible; como as infraestruturas viarias, que nos permitan seguir construíndo unha Galicia máis vertebrada, máis sostible e máis cohesionada; coa execución de novas infraestruturas sanitarias en colaboración coa Consellería de Sanidade, especialmente cun programa de obras de ampliación de hospitais, que non ten precedentes na súa ambición, e co urbanismo, que é un apelido moi importante que leva esta consellería, porque a ordenación do territorio é a chave do desenvolvemento dun país e a folla de ruta do seu futuro. *(Aplausos.)*

Este Goberno da Xunta de Galicia e esta conselleira asumen a construción dese futuro baixo o compromiso de avanzar nun territorio máis ordenado, trazando un futuro de Galicia con



criterio e garantías e baixo a firme vontade de construír un urbanismo responsable, que permita que todos os concellos de Galicia se doten dun planeamento de calidade nun prazo razoable. Obxectivo no que xa estamos encamiñados grazas ao traballo da Dirección Xeral de Urbanismo, que avanza na dotación de plans de ordenacións municipais adaptados á Louga a través da aplicación do Plan básico autonómico, que foi aprobado polo Decreto 83/2018 como unha ferramenta que nos permite dotar de ordenación básica a totalidade dos concellos de Galicia, como un paso intermedio imprescindible para a elaboración dos plans básicos municipais para aqueles concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan con instrumento de planeamento.

Actualmente, son trinta e oito os concellos que se atopan nesa situación, aos que destinamos este ano 2,5 millóns de euros co obxectivo de dotalos dun instrumento urbanístico básico que lles ofrezca seguridade xurídica.

O obxectivo é seguir sumando municipios cun instrumento de planeamento xeral, como os que veñen de aprobar os seus plans básicos municipais: Trabada, Riotorto, Ribeira de Piquín e O Páramo, mentres temos avanzado noutros seis, que proximamente contarán tamén cun plan básico municipal: Cartelle, Porqueira, Padrenda, Triacastela, San Xoán de Río, Viana do Bolo e Dozón.

Para a aprobación de todos estes plans traballamos sempre en colaboración cos concellos. Unha colaboración que tamén é fundamental para o desenvolvemento eficiente dos plans Urbe, postos en marcha no ano 2010, para apoiar as entidades locais con actuacións que humanicen espazos públicos e que promovan o reequilibrio territorial, co obxectivo de procurar a mellora das condicións de vida dos galegos. Unha colaboración que mediatizamos e materializamos mediante axudas ou acordos de cooperación cos concellos, destinados a cofinanciar infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados aos servizos municipais, nos que a Xunta de Galicia cofinancia cunha achega por parte dela dun setenta por cento e os concellos o trinta por cento restante.

No marco dos plans Urbe, entre o ano 2010 e 2024, desenvolvemos 423 actuacións nos concellos galegos, que supuxeron a mobilización de case cento sesenta e oito millóns de euros para o seu financiamento. Estas actuacións están permitindo avanzar na humanización das vilas, tanto en grandes como en pequenas, e dos núcleos rurais; estamos permitindo frear o despoboamento e potenciar infraestruturas, servizos e equipamentos para, en definitiva, mellorar o benestar e a calidade de vida da nosa poboación.

Un traballo este ao que tamén se unen entidades adscritas a esta consellería, como o Xurado de Expropiación de Galicia, que é — como sabedes — un órgano colexiado e permanente da nosa comunidade autónoma e especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa. Ou a APLU, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que é un instrumento de colaboración entre a Xunta e os concellos para velar por un uso racional do solo conforme a normativa urbanística territorial e do litoral, especialmente — como sabedes — no ámbito do solo rústico e na servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. *(A señora conselleira amosa un mapa de Galicia en cores.)* Unha entidade á que actualmente se atopan adheridos noventa e catro concellos, que delegaron as



súas competencias municipais de inspección, supervisión, tramitación e resolución de expedientes de reposición da legalidade urbanística e mais de tramitación e resolución de expedientes sancionadores, así como o restablecemento da legalidade urbanística.

Ambas as dúas, o Xurado Galego de Expropiación e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, entre as súas liñas de actuación, teñen a de mellorar a calidade e a eficacia da disciplina urbanística ao servizo dos cidadáns, a través da redución dos tempos de tramitación dos expedientes de prezo xusto, no caso do xurado, ou da loita contra os fortes impactos paisaxísticos no medio, no caso da APLU, garantindo obxectividade e imparcialidade na súa actuación, así como avanzar na concienciación da importancia dun uso sostible do medio no que cohabitamos xeracións presentes e futuras baixo a máxima dun organismo sempre responsable.

Uns obxectivos que se traducen en resultados. No caso da APLU, ao longo do ano 2023, resolvéronse trescentos un expedientes de disciplina urbanística en solo rústico en materia de costas e cento cincuenta actuacións de reposición da legalidade urbanística. Quero destacar tamén que un 89,7 por cento das sentenzas ditadas no ano 2023 confirmaron a validez das resolucións ditadas pola APLU. E mentres, no caso da Dirección Xeral de Urbanismo, reducimos á metade o tempo de tramitación dos expedientes de aprobación do planeamento municipal. De feito, fomos pioneiros á hora de centralizar na Dirección Xeral de Urbanismo a recollida dos informes sectoriais autonómicos; unha simplificación administrativa que temos que demandarlle tamén o Estado.

Temos aprobado dende o ano 2009, dende hai quince anos, noventa novos PXOM, o que fai que Galicia teña xa un corenta por cento da súa superficie ordenada, mellorando a calidade de vida dunha porcentaxe de poboación semellante. Esta porcentaxe esperamos vela pronto incrementada de xeito notorio cando aprobe o Concello de Vigo o seu labor de planificación.

Pero non nos conformamos porque temos diante grandes retos, que teñan por seguro que abordarei dende unha planificación rigorosa e realista, con prazos e con orzamentos, que é como traballa este Goberno.

Sen dúbida, un destes retos é a vivenda, porque queremos que todos os galegos teñan acceso a unha vivenda de calidade. Por iso, nesta lexislatura, reforzaremos as políticas de vivenda co obxectivo de facilitar solo para construír 25.000 novas vivendas, 20.000 das cales serán protexidas e 5.000 libres. E tamén co obxectivo de duplicar o número de vivendas públicas nesta lexislatura ata acadar as oito mil vivendas. Un reto que implica a construción ou rehabilitación de preto de tres mil quingentas novas vivendas nesta lexislatura, das que a maior parte serán vivendas de nova construción, cun investimento estimado de quingentos cincuenta millóns de euros. *(Aplausos.)*

Delas, (A señora conselleira amosa un gráfico.) xa temos en execución un total de 808 vivendas de promoción pública, das que 784 son de nova construción e 24 rehabilitadas, no marco do Programa Rexurbe, cun investimento de 14,0 millóns de euros. Ademais, xa temos programadas outras 823 vivendas en solos propiedades da Xunta de Galicia, cun investimento aproximado de cento corenta e cinco millóns de euros. E xa estamos a negociar a cesión do solo



con varios concellos onde existe demanda acreditada de vivenda para programar a proxeción doutras 1.457 vivendas de promoción pública, que requirirán un investimento de 270 millóns de euros.

Ademais, con este mesmo obxectivo de incrementar o parque público de vivenda neste mesmo ano, adquiriremos aproximadamente cento setenta e cinco vivendas por un importe de 10 millóns de euros. Estas vivendas serán adquiridas a particulares que dispoñen de vivenda cualificada como pública en venda, polo que serán adquiridas polo IGVS ao prezo máximo de venda para pólas de novo á disposición do rexistro de demandantes.

E tamén adquiriremos vivenda da Sareb, sempre e cando o Goberno sexa quen de aclararnos a situación dos inmobles que esa sociedade ten en Galicia.

Ademais, e como complemento a este incremento do parque público de vivenda, acabamos de aprobar no Consello da Xunta de Galicia a nova Estratexia de desenvolvemento de solo residencial, folla de ruta para o desenvolvemento de 25.000 novas vivendas. Unha estratexia que foi presentada hai unhas semanas e que é froito dunha fonda análise urbanística e de mercado, analizando as proxeccións de crecemento da poboación e as posibilidades de desenvolvemento dos novos solos para a construción de vivenda protexida. Análise da que obtivemos unha previsión inicial co reparto orientativo de 25.000 vivendas (*A señora conselleira amosa un gráfico.*): 9.200 vivendas para a área urbana de Vigo, 5.400 vivendas para a área urbana da Coruña, 2.500 vivendas na área urbana de Santiago, 2.200 vivendas na área de Pontevedra, outras 2.000 vivendas en Lugo e Ourense respectivamente, 1.200 vivendas na área urbana de Ferrol e 500 vivendas na área urbana do Salnés-Vilagarcía de Arousa.

Porque, señorías, unha parte importante da resposta á crise da vivenda está no incremento do mercado da oferta. Un obxectivo que acadaremos, como non pode ser doutro xeito, coa colaboración pública e privada na construción das vivendas e cunha maior seguridade xurídica nos plans xerais de ordenación municipais.

É precisamente o que estamos a facer dende esta consellería, con traballos de negociación, de planificación, de adquisición de solo, de redacción de proxectos, que executaremos nunha primeira fase no período 2025-2028, cun orzamento inicial de 43 millóns de euros. O que nos permitirá planificar de xeito áxil e flexible o desenvolvemento do solo a través dos PIA, dos proxectos de interese autonómico, promovidos e aprobados pola Xunta de Galicia, e adquirir máis de 3,3 millóns de metros cadrados de solo a través do sistema de expropiación.

Nestes momentos xa estamos a falar cos concellos incluídos nestas sete grandes áreas urbanas e O Salnés, para delimitar eses ámbitos por desenvolver, xa que queremos buscar a súa colaboración e implicación dende o primeiro minuto para acadar os obxectivos fixados.

Nunha segunda fase faremos o correspondente concurso público de adxudicación do solo, ao que poderán concorrer promotores e cooperativistas, e no que lles daremos prioridade ás propostas para construír vivendas en alugueiro accesible.



Deste xeito, poderemos ver as primeiras urbanizacións no ano 2028, avanzando de xeito paralelo na construción de vivendas de promoción pública polo IGVS e na promoción de vivenda protexida de nova vivenda construída por estes promotores e por estes cooperativistas, que deberán facer a edificación nun prazo de tres anos dende a compra ou adxudicación do solo.

A estas dúas opcións de incremento de vivenda temos que sumar por último as que impulsen os propios concellos, que poderán participar por suposto nesta estratexia, achegando financiamento e obtendo o solo urbanizado en pago. *(Aplausos.)*

Pero é que, ademais da incorporación de vivenda pública e ademais do desenvolvemento de solo residencial para vivenda protexida, un terceiro dos nosos grandes eixes de traballo na política de vivenda é o noso completo programa de axudas orientadas a dar resposta ás necesidades habitacionais dos nosos cidadáns, con especial coidado dos colectivos máis vulnerables, que teñen máis dificultades no acceso ao alugueiro ou á adquisición de vivenda; situacións que afectan especialmente a xente máis nova, que busca o seu primeiro fogar.

Por iso, dende esta consellería despregamos axudas orientadas á adquisición de vivenda. Neste ano 2024 destinamos 3,45 millóns de euros. Temos axudas para a adquisición en concellos de menos de 10.000 habitantes para mozos de ata 35 anos. Temos axudas para a compra de vivenda en centros históricos. Temos axudas para a compra de vivenda para mozos de menos de 35 anos que sexa a vivenda protexida. A isto sumamos os 5 millóns de euros de subvención que estamos a pór á disposición dos nosos mozos para asumir ata o vinte por cento do prezo de adquisición, o coñecido como «aval mozo». *(Aplausos.)*

A maiores das axudas á adquisición, temos axudas destinadas ao alugueiro, tanto para a poboación xeral como para os colectivos máis vulnerables, para o que este ano destinamos case trinta e un millóns de euros, 20 millóns de euros destinados á poboación en xeral e 10,7 millóns de euros para colectivos máis vulnerables, o denominado «Bono alugueiro social» ou o Programa de mobilización de vivendas baleiras. Aos que temos que sumar unha nova liña de axudas a promotores e cooperativistas para a creación ou rehabilitación de vivendas en alugueiro, dotada con 14,7 millóns de euros, que vén de abrir o seu prazo precisamente onte tras a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ademais destas accións encamiñadas a incrementar a oferta de vivenda no mercado e facilitar aos cidadáns a adquisición e o alugueiro de vivendas e tamén, por suposto, a paliar os efectos da suba dos seus prezos, o noso programa de axudas complétase con axudas para a rehabilitación de vivenda, tanto as xa construídas como as que están en proxecto ou en edificación, e abertas tanto a particulares como a comunidades de propietarios. Nelas temos tanto axudas para a mellora da accesibilidade, cun orzamento de 9,5 millóns de euros, como axudas dirixidas á rehabilitación enerxética en edificios e en vivendas, ás que destinamos 37 millóns de euros coa seguinte distribución: 3 millóns de euros para a redución do consumo enerxético en vivendas, 27 millóns de euros para a redución da demanda enerxética en edificios e 2 millóns de euros para o libro de edificio para proxectos de rehabilitación edificatoria. Ademais das axudas para vivendas unifamiliares ou rehabilitación enerxética do denominado Programa Barrios, no que temos 32,6 millóns de euros para executar este ano.



E tamén as axudas de rehabilitación a través das áreas de rehabilitación de carácter supra-municipal, ao que destinamos un millón de euros.

Ademais, seguimos a dar continuidade ás axudas para que os concellos poidan acometer actuacións de rehabilitación a través de tres programas: mellora das infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, rehabilitación de vivendas de titularidade municipal con destino ao alugueiro social en concellos de menos de 20.000 habitantes e o Fondo de Cooperación para a Rehabilitación en concellos de menos de 50.000 habitantes.

En resumo, preto de cento corenta millóns de euros que estamos a pór á disposición este ano para axudas, subvencións e programas que dan resposta á necesidade de vivenda en Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías, sabemos que a vivenda é un problema de Estado de primeiro nivel, pero temos claro que non existen receitas milagrosas a curto prazo. E por iso desenvolvemos unha política de vivenda áxil, que bebe da experiencia das feitas pola Xunta con grande éxito ata o de agora, ao tempo que incorporamos ferramentas e iniciativas que nos permiten responder a estes novos retos. Retos que estamos a analizar con todos os axentes implicados no ámbito do urbanismo e da vivenda, para ver as posibles adecuacións das diferentes normativas que afectan estas materias e que nos permitirán axilizar as actuacións por realizar nestes ámbitos. Unha análise de conxunto que nos permite estar en condicións de empezar a acometer os axustes precisos na Lei do solo, na Lei de ordenación do territorio, na Lei de vivenda autonómica, na Lei de rehabilitación ou nas normas do hábitat, para conseguir que os procedementos de desenvolvemento de solo e de execución ou rehabilitación de vivendas se realicen en prazos razoables, garantindo sempre a seguridade xurídica e atendendo ás necesidades e demandas dos usuarios finais destas edificacións.

Ademais, anúnciolles que acabamos de rematar o proceso de escoita previa para a regulación das Ecom, das actividades de entidades de certificación de conformidade municipal, que nos permitirán incorporar ao urbanismo unha ferramenta cun alto grao de especialización técnica para optimizar os recursos da Administración local, xa que a Ecom, tras a autorización previa do concello, terá capacidade plena para certificar, verificar, inspeccionar e controlar a veracidade e conformidade das actuacións urbanísticas coa normativa de aplicación do ámbito municipal, facilitando así que se outorguen licenzas urbanísticas o máis axiña posible e que as comunicacións previas urbanísticas poidan producir efectos inmediatos logo xa da súa presentación. *(Aplausos.)*

Avanzamos e avanzaremos así na desburocratización baixo principios de eficiencia e de seguridade xurídica. Algo que tamén aplicaremos á Lei do solo, que tanto a autonómica como a estatal representan a columna vertebral sobre a que se apoia o desenvolvemento urbanístico dos nosos territorios. Unha lei que debe ser forte, sólida e ben fundamentada. E por iso promoveremos a súa modernización para facer dela e da súa normativa unha ferramenta áxil, que permitirá ás administracións públicas contar con planeamentos municipais e territoriais adaptados ás exixencias actuais da sostibilidade ambiental, social e económica, e que permita a obtención de terreos finalistas sobre os que promover vivenda.



E non quero rematar este capítulo destinado a vivendas sen falar do Pacto pola vivenda 2021-2025, que é o noso documento estratéxico onde se recollen todos os programas para desenvolver neste período. Un acordo que foi elaborado conxuntamente cos representantes de todos os sectores que participan na vivenda, que vai sendo revisado periodicamente como resultado dos estudos e das análises que se realizan no seo do Observatorio da Vivenda de Galicia, e do que acabamos de facer un novo balance, do que se extrae que actualmente temos cumpridas ou en execución o noventa e tres por cento das medidas incluídas no pacto.

Así e a modo de exemplo, durante os tres primeiros anos de execución deste pacto, no período 2021-2023, concedéronse máis de douscentos oitenta e seis millóns de euros en axudas en acceso á vivenda e á rehabilitación, con preto de cincuenta mil unidades familiares beneficiadas; adxudicamos máis de quíntas vivendas públicas, a maior parte delas en alugueiro; cualificamos máis de catrocentas vivendas protexidas, e visamos máis de mil douscentos contratos de vivenda protexida en alugueiro. *(Aplausos.)*

Ademais, o vindeiro ano comezaremos a traballar no seo do Observatorio da Vivenda de Galicia co novo pacto de vivenda para o período 2026-2030. Esperamos que como o de agora vixente, poida ser aprobado pola unanimidade de todos os representados no mesmo, porque esa é a nosa forma de entender o deseño e aplicación das políticas públicas, dando participación a todo o sector, escoitando as propostas, buscando acordos e consensuando medidas eficaces, sempre dende a colaboración de todos os axentes implicados. Por iso, quero aproveitar tamén esta comparecencia para tenderlles a man a todas as administracións e a todos os grupos de goberno desta Cámara para traballar de forma e a favor para dar unha resposta á cidadanía, lonxe de titulares e lonxe de miradas curtopracistas.

E se falamos de ordenación e de planeamento, non podemos esquecer as infraestruturas viarias. A especial orografía de Galicia e o espallamento dos nosos núcleos poboacionais fan deste obxectivo todo un reto. Temos preto de 5.500 quilómetros de estradas autonómicas ao noso cargo, que vertebran a nosa mobilidade e o noso transporte. De feito, Galicia é unha das comunidades con maiores ratios de quilómetros de estrada por superficie e habitante, moi por riba da media nacional. Esta rede é tamén o motor da dinamización socioeconómica do noso territorio e por iso incrementamos ano a ano o número de quilómetros das vías de alta capacidade, porque son estradas máis seguras.

No ano 1989 en Galicia había 138 quilómetros de vías de alta capacidade; hoxe temos preto de 1.500, entre as do Estado e as da Xunta de Galicia. Ese mesmo ano 1989 rexistrábanse nas nosas estradas 484 falecidos; o ano pasado, 88, un 80 por cento menos. Hoxe o 85 por cento da poboación galega vive a quince minutos ou menos dunha vía de alta capacidade. Fitos aos que este Goberno contribúe decisivamente. Contamos con 220 quilómetros máis de vías de alta capacidade autonómicas libres de peaxe que no ano 2009.

Estamos considerados como un referente en seguridade viaria, xa que conseguimos baixar un 60 por cento a sinistralidade cando actuamos nos treitos de concentración de accidentes.

Hoxe, en definitiva, temos unha rede viaria autonómica máis extensa, máis segura e máis económica para os galegos. Desgraciadamente, non foi sempre así, e durante moito tempo



estivemos en menor medida, seguimos pagando as hipotecas do Bipartito, uns compromisos de gasto a futuro por importe de 4.100 millóns de euros no momento de cambio do Goberno do 2009. A pesar de ter amortizado moito destas hipotecas, aínda supoñen que catorce anos despois o Goberno galego ten que destinar en 2024 ata 58 millóns de euros para pagar esas débedas, hipotecas que foron froito da execución de obras a crédito no momento no que a Xunta de Galicia contaba con maiores recursos económicos, na autoestrada Santiago-Ourense e na Sociedade Pública de Investimentos (SPI) utilizada para pagar obras a crédito; coa liberación da peaxe de Rande e A Barcala, que correspondía ao Estado, pero para a que o Bipartito acordou que se pagase parte a parte a metade, e coas concesións mediante pago aprazado nas autovías do Salnés, do Barbanza ou da autovía da Costa da Morte, nas que non foron capaces nin sequera de avanzar.

Hipotecas en forma de peaxes en sombra polo anterior Goberno da Xunta de Galicia e tamén en forma de subas anuais das peaxes da AP-9 e da AP-53 polo Goberno do Estado e polas que seguimos loitando para acadar un trato igualitario en Madrid para as estradas en Galicia pero sobre todo para conseguir unha AP-9 galega e libre de cargas. (*Aplausos.*) Hipotecas que forman parte do pasado e que agardamos que deixen de ser sombra para o desenvolvemento da Galicia do futuro.

E con todo iso seguimos e conseguimos, aínda así, que as autoestradas dependentes da Xunta de Galicia foran as máis baratas de España, evitando a implantación de novas peaxes aos usuarios e volvendo conxelar este ano as peaxes existentes nas nosas autoestradas de titularidade autonómica (A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona), para o que destinamos un investimento de 5,5 millóns de euros.

Incrementamos nun 70 por cento os quilómetros en vías de alta capacidade, aos que destinamos este ano 40 millóns de euros para o seu desenvolvemento, e nos que seguiremos traballando, avanzando na conversión de corredores en autovías, como fixemos coa autovía do Morrazo, 55 millóns de euros de investimento para 11 quilómetros libre de peaxe, ou coa autovía Nadela-Sarria, da que a comezos deste mes dabamos un paso máis para executar un seguinte tramo comprendido entre A Proba de San Xiao e Nadela, cun investimento de 35 millóns de euros, que nos permitirá converter este tramo de corredor en vía de alta capacidade, beneficiando preto de cen mil usuarios, así como os tráfico de Ourense ou de Lugo ou das comarcas de Valdeorras e A Ribeira Sacra, que verán acurtados os tempos de conexión coa capital lucense, ademais de mellorar claramente a seguridade viaria.

Planificamos, xestionamos e sobre todo melloramos, e así o seguiremos a facer este ano, as condicións de uso das nosas autoestradas galegas e as nosas estradas galegas, garantindo o bo estado de conservación, cun investimento de 53 millóns de euros para a súa conservación, con 28 millóns de euros licitados neste primeiro semestre exclusivamente para a renovación e reposición do firme das nosas estradas. Unha mellora de firmes que inclúe completar a renovación completa da rodadura do treito autonómico da autoestrada Santiago-Ourense, que constitúe un bo exemplo da diferenza do traballo entre a Xunta de Galicia e o Estado no mesmo viario. O ministerio mantén a autoestrada máis cara de Galicia e é a única sen bonificacións de España, cun mantemento mínimo, e a Xunta terá completamente renovado o



firme a finais deste ano na súa autoestrada libre de peaxes, cunha actuación planificada con tempo e de máis de 5 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Seguindo criterios técnicos, seguiremos ampliando, na medida en que sexa orzamentariamente posible, a conversión dos corredores en autovías, poñendo en servizo novas vías de altas prestacións libres de peaxe. Tras o éxito da anterior estratexia de actuación 2016-2020, que nos permitiu actuar en 52 puntos negros, coa redución dun 60 por cento da sinistralidade, este ano comezamos a desenvolver unha nova estratexia para seguir actuando nos treitos de concentración de accidentes das nosas vías autonómicas. Actuaremos de feito en 21 novos treitos de concentración de accidentes, para os que investiremos 6,5 millóns de euros. E no marco dunha nova estratexia 2024-2027 tamén actuaremos máis aló destes puntos negros para lograr as denominadas estradas que perdoan, mellorando os treitos de alto potencial de mellora, ao longo de 480 quilómetros, nos que investiremos máis de 17 millóns de euros.

Cítolles tamén neste apartado outras medidas que levaremos a cabo ao longo desta lexislatura para seguir a mellorar a vertebración do noso territorio. Serán: execución de variantes nas cidades e vilas como Lugo, Ourense, Carballo ou Ribeira, para facilitar a fluidez do tráfico e mellorar a seguridade viaria dos nosos núcleos urbanos. Melloraremos a seguridade viaria das travesías, favorecendo a súa integración nos núcleos urbanos, con novos deseños nos que gañan protagonismo os peóns, con medidas de calmado de tráfico ou incorporación de áreas verdes que ofrezan sombras. Reforzaremos as vías de alta capacidade, con máis de 250.000 árbores non pirófitas, contribuíndo a mitigar o cambio climático; xa o estamos a facer na vía de alta capacidade do Morrazo. Revisaremos as máis de 1.800 pontes e viadutos da rede das nosas estradas autonómicas, para diagnosticar o estado de conservación e actuar onde sexa necesario dende a prevención. Implantaremos valados nas estradas para reducir atropelos de animais, ao tempo que seguimos a avanzar na implementación de sistemas que nos permitan contar con estradas intelixentes, dixitalizando a documentación e implantando sistemas que ofrecen información ou indicacións útiles para condutores, como incidencias e actuacións na execución ou identificando puntos con maior probabilidade de interrupción de fauna salvaxe.

E outro dos nosos grandes obxectivos será o fortalecemento do noso Plan de sendas de Galicia, que estamos a facer con itinerarios peonís e ciclistas seguros, sostibles e integrados na paisaxe, para protexer e para incrementar a seguridade dos usuarios máis vulnerables das nosas estradas, e para os que xa temos posto á disposición preto de 300 quilómetros de sendas peonís; un programa que seguiremos ampliando nesta lexislatura, coa construción de cando menos outros 150 quilómetros de sendas peonís e ciclistas, para os que investiremos máis de 36 millóns de euros.

Entre estas actuacións que temos previsto realizar avanzo que executaremos a unión entre Marín e Pontevedra da PO-546, a senda na estrada autonómica OU-402 en Reza-Ourense, consensuada cos veciños, ampliando os quilómetros de sendas executadas nas comarcas nas que xa actuamos, como A Coruña, Vigo ou Bergantiños, entre outras, e proxectando novas sendas en novas comarcas como o Baixo Miño, o Deza, o Condado, O Barbanza ou Lemos. Sendas que executaremos tanto nas contornas rurais das estradas autonómicas como tamén



nas zonas urbanas e metropolitanas, co fin de contribuír á descarbonización e á vida saudable, ao mesmo tempo que seguiremos impulsando medidas que favorezan a seguridade tanto de peóns como de ciclistas e de motoristas, aos que diriximos campañas de concienciación dos bos hábitos na condución para reducir os accidentes mortais das nosas estradas.

E non me quero esquecer tampouco da mellora da seguridade e da accesibilidade dun milleiro de paradas de autobús nas estradas autonómicas que estamos a levar a cabo, cun investimento de arredor de 35 millóns de euros, ou das actuacións para a seguridade viaria nos camiños de Santiago, nas que investimos 19,39 millóns de euros.

En definitiva, señorías, despregamos unha estratexia para minimizar a lesividade das nosas estradas en colaboración coas forzas e corpos de seguridade e con outras administracións públicas implicadas, que nos está a permitir mellorar no ámbito da seguridade viaria, capital para o desenvolvemento social e económico do noso territorio.

E seguindo os principios de coordinación, colaboración e especialización, colaboramos con outras consellerías da Xunta de Galicia para levar adiante actuacións de gran calado en materia de infraestruturas, como, por exemplo, o Centro de Ciberseguridade de Galicia, de San Cibrao das Viñas, ou o novo edificio administrativo de San Caetano.

E, por suposto, quero destacar o traballo que estamos a facer no ámbito das infraestruturas sanitarias, onde Galicia tamén está a ser unha referencia, ademais de estar ampliando infraestruturas sanitarias con varios centros de saúde, como Vilagarcía, Abegondo, A Rúa ou A Milagrosa en Lugo, o CIS de Lalín e o Olimpia Valencia, en Vigo. Estamos avanzando nos novos hospitais nun conxunto de actuacións que non ten parangón no resto de España en canto a volume e en canto á complexidade. Un salto adiante nas infraestruturas, pero sobre todo un salto adiante na calidade asistencial, que permitirá mellorar a calidade e a amplitude da asistencia sanitaria que se presta.

Traballamos simultaneamente co Gran Montecelo, en Pontevedra, nas ampliacións do Hospital de Ourense, de Santiago e de Ferrol e estamos xa iniciando o novo CHUAC, cun orzamento mobilizado a día de hoxe de case 400 millóns de euros nas obras en execución e que case se duplicará coa obra principal do novo CHUAC, para o que estamos redactando xa o proxecto de execución.

En definitiva, estamos despregando un amplo abano de actuacións, que abarcan todos os aspectos que afectan a seguridade e o incremento da calidade no desenvolvemento urbanístico e socioeconómico do noso territorio, implicando diferentes departamentos da Xunta e traballando para facer unha Galicia máis segura, unha Galicia máis cohesionada, unha Galicia onde sexa máis doado crear un fogar e desenvolver un proxecto vital. E para iso seguiremos facendo como mellor sabemos: planificar, xestionar e dar solucións ás necesidades reais da nosa poboación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Rolda dos grupos parlamentarios.

Empezaría a rolda o representante do Grupo Parlamentario Mixto, que me informa que renuncia ao turno de intervención.

Continuamos co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Carlos López Font. Ten vostede dez minutos.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Conselleira, en primeiro lugar, moitas grazas pola súa comparecencia. Era necesaria para coñecer que liñas pensa seguir este novo goberno en materias tan importantes como as que lle competen a vostede, sobre todo porque a súa presenza nesa bancada do Goberno obedece ao fracaso do seu partido e ao Goberno do PP nos quince anos precedentes. Se a política de vivenda e as infraestruturas en Galicia tivesen un bo balance, non estaría vostede aquí dirixíndose a este Parlamento en calidade de conselleira. E isto é importante telo en conta como punto de partida.

Todos coincidimos en que a vivenda constitúe hoxe unha das maiores preocupacións dos nosos representados en xeral, especialmente os mozos, e por iso deberíamos buscar acordos. Deberían vostedes facer o posible por un gran pacto. Falaba de titulares; pois debería buscar un gran pacto, ao que parece que todos estamos dispostos pero que corresponde a vostedes como Goberno logralo con medidas que satisfagan o conxunto da sociedade.

Estou un pouco mareado con tantos proxectos e actuacións que nos enumerou. O problema é que a letra desa canción xa a escoitamos aquí noutras ocasións e non se cumpriu. Non son vostedes un exemplo de cumprimento, pola súa baixa execución orzamentaria e pola súa falta de ambición. Tamén lle imos dar datos. En 2022 deixaron de investir 7 de cada 10 euros orzados para vivenda; desde 2010 deixáronse de executar 470 millóns, o que permitiría construír 4.700 vivendas. Entre 2012 e 2022 construíronse unha media de 102 vivendas ao ano, señora conselleira; en 2023 construíron 25 vivendas públicas; a Xunta pasou de construír 10.000 vivendas na lexislatura de Touriño a 600 na lexislatura pasada.

Mire, todo proxecto debe ir acompañado de partidas orzamentarias, e, a pesar das boas intencións que transmiten para o orzamento de 2025, deben comprender, por todo o anterior, a nosa incredulidade. Foi moi ampla a súa intervención e día a día a súa xestión será un exame sobre o que hoxe desenvolveu aquí. E nós, na liña marcada polo noso voceiro, garantimos que faremos unha oposición construtiva pero rigorosa.

O primeiro que lle pedimos é lealdade e colaboración institucional. Moito falou dela, pero debe practicala de verdade. Lealdade co Goberno de España, tendo en conta os fondos que achega o ministerio a Galicia, dos que non falou, engadindo actualmente os fondos europeos e que en anos anteriores foi practicamente a única política deste goberno. Falou de moitos millóns. ¿Por que non fai referencia aos 470 millóns transferidos polo Goberno de España?



E colaboración cos concellos de Galicia. Os seus antecesores non se prodigaron nesta cuestión, que é, sen dúbida, a base do éxito na política de vivenda. Quero entender que non se prodigaron polo escaso peso municipal que teñen vostedes, sobre todo nas grandes cidades. Por poñer como exemplo, na cidade máis habitada de Galicia, Vigo, non é de recibo as trabas e obstaculizacións que nestes últimos anos o Goberno da Xunta puxo á aprobación do PXOM. Recordo aquí a indignante decisión do seu Goberno de non achegar un euro ás infraestruturas —das que vostede falou moito— que desenvolverán o PXOM de Vigo, cando, señora conselleira, no anterior PXOM, a Xunta comprometeuse a 200 millóns de euros. Sería bo que tamén vostede revisase isto e sería un magnífico xesto corrixir este despropósito cando aínda estamos a tempo.

Sínalolle só algunhas das nosas preocupacións en xeral, por non dispoñer do mesmo tempo que vostede.

Que este goberno dea resposta ás 18.000 solicitantes de vivenda pública en Galicia, aínda que seguro a realidade é maior. Necesitamos un plan efectivo de rehabilitación de vivenda baleira. Necesítase un mapa galego de vivendas inacabadas, para coñecer a magnitude do problema. É necesario que asuman a súa responsabilidade á hora de delimitar as áreas tensionadas e limitar prezos dos alugueiros, dado que a variación anual en Galicia do prezo é do 11,2 por cento, a quinta de toda España. E tamén deben asumir a responsabilidade que lles corresponde na limitación de prezos turísticos, en coordinación cos concellos. Tamén deben de incidir en axudas, cando menos do 100 por cento, para a mellora da eficiencia enerxética.

Dado o pouco tempo, pasamos en materia de infraestruturas a lembrar que no ano 2009 se anunciaba o Plan Move, que comprometía que o 80 por cento da poboación estivese a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade no ano 2015, plan reiteradamente incumplido, e o propio Feijóo, co horizonte da finalización en 2020, recoñecía que o 70 por cento do plan estaba incumplido e dicía que era culpa do Bipartito, como vostede tamén fixo; produce certamente rubor.

Mire, en materia de infraestruturas a realidade nas catro provincias corrobora estes incumprimentos. Ano tras ano —e vostede confirmouno—, orzamento tras orzamento, aparecen as mesmas infraestruturas, pero nada avanza. Chegou a dicir aquí que confirmou como novas algunhas das que lle vou referir a continuación. Destaquemos os máis importantes incumprimentos e a súa situación por provincias.

Lugo. Vía de alta capacidade da costa norte, 2 millóns, e no orzamento de 2024 esperando esta mellora; os únicos tramos licitados foron polo Goberno de Touriño. Acceso porto seco de Monforte, orzamento 2024, 500.000 euros, chegou a ter 750.000 euros, nada executado. Plan Paradai, 500.000 euros, vinte e tres anos desde que se asinou o convenio. Rolda leste de Lugo, só para o lucimento da señora Candia. Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, esquecendo a idea orixinaria do corredor Nadela-Monforte.

Ourense. Prolongación da C-31 entre Celanova e a fronteira portuguesa; único tramo inaugurado, o impulsado por Touriño; segundo tramo, no caixón desde hai quince anos.



A Coruña. A autovía da Costa da Morte, trinta anos pendente, nin sequera remataron o tramo Baio-Berdoias. Vía ártabra, proxecto de hai vinte e dous anos, sen rematar a día de hoxe. Referíase vostede á variante de Carballo; o outro día estivemos alí e quéixanse de abandono do Goberno da Xunta nas infraestruturas naquela zona. Variante de Carballo, proxectada por Touriño, paralizada polo PP ao chegar á Xunta. Desdoblamento do corredor Brión-Noia, que dea continuidade á AG-56, que une Santiago e Brión, obra realizada por Touriño a final de 2023, empezaron cos trámites ambientais.

Pontevedra. Vía de alta capacidade Tui-A Guarda, iniciada tamén por Touriño, dado que falan daquelas hipotecas, evidentemente, pero con moitos proxectos. Vía de alta capacidade Tui-A Guarda, bloqueada polo PP, debería estar finalizada en 2013, e claro que si: é unha infraestrutura fundamental para o Baixo Miño. Ampliación da autovía Santiago-A Estrada, AG-59, atraso tras atraso, parece que empezaron a dar algúns pasos.

É evidente que estamos ante unha acumulación moi importante en infraestruturas pendentes, de moitos anos atrás, ás que se unen as novas necesidades ás que vostedes deben dar resposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Alexandra Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Moi bo día, señora conselleira.

Nos últimos quince anos a política de vivenda da Xunta de Galiza caracterizouse pola ausencia. Este é un feito que reconeceu até o propio presidente cando o ano pasado dixo que non fixeran ata o de agora vivenda protexida porque non se deran conta de que existía un problema a respecto da vivenda. E agora pregunto, agora que vostedes se deron conta de que hai un problema, se entón van cambiar de rumbo. Polo de pronto, o que vemos é que este goberno entendeu que, efectivamente, existe unha enorme preocupación, pero, en lugar de ir solucionar o problema, o que está facendo é redobrar os seus esforzos en propaganda. A política de propaganda do Partido Popular en materia de vivenda é un caso de estudo de como unha administración recrea a través da comunicación unha serie de ficción política, de como se logra construír un discurso sobre o baleiro a través da mentira.

E propomos facer hoxe aquí un histórico de casos que así o demostran. O primeiro —pode que o máis escandaloso— é o da vivenda pública. Na anterior lexislatura a súa predecesora no cargo xa trasladou un informe manipulado a esta Cámara sobre a creación de nova vivenda pública no que se computaban segundas adxudicacións. Vostede, no pouco tempo que leva, xa fixo gala de ser boa coñecedora destas malas prácticas, coas que pretende confundir e ocultar a falla de logros deste goberno. (*Aplausos.*)



Mire, *(A señora Fernández Gómez mostra unha fotografía.)* ¿dáse conta, non? Vostede hai unha semana, rodeada dunha chea de cargos políticos, desprázase ao concello da Merca para entregar as chaves dunha vivenda. A nota oficial da Xunta di: «A Xunta fai entrega dunha vivenda de promoción pública en réxime de alugueiro en Parderrubias, no concello da Merca.» E subtítula: «Trátase dunha vivenda unifamiliar rehabilitada, que consta dunha superficie útil total de 91 metros cadrados, distribuída en dúas plantas máis un garaxe e un rocho.» Calquera que lea isto, que vexa semellante pompa para a entrega dunha vivenda, diría que se trata dun gran logro do seu Goberno, do que se senten moi orgullosos. Pero, señorías, é que a conselleira foi entregar as chaves dunha vivenda construída no Bipartito *(Aplausos.)*, que todo ese despregue de medios —voulle dar a explicación de por que se enfada— é porque, entre que recolleron as chaves do inquilino anterior e llas deron ao seguinte, déronlle unha man de pintura á vivenda e arranxaron a caldeira. Moi ben, isto non é unha nova do *Mundo Today*. Si, señorías, é o nivel da nova conselleira de política de vivenda. *(Aplausos.)* A vostede debeulle custar máis mobilizar todos eses cargos políticos, os medios, *(Murmurios.)* si, si, si, que o arranxo que lle fixeron á vivenda.

E temos máis exemplos. *(A señora Fernández Gómez mostra unha fotografía.)* Este é de abril, delegado territorial en Lugo; en Lugo durante estes tempos traballaron moitísimo; maio, *(A señora Fernández Gómez mostra unha fotografía.)* a conselleira entrega chaves; xuño, *(A señora Fernández Gómez mostra unha fotografía.)* o delegado entrega chaves. Todas, todas esas vivendas eran segundas adxudicacións, señora conselleira *(Aplausos.)*. É que imaxinen o conselleiro de Educación indo inaugurar as prazas dun instituto cada vez que comeza o curso, como se fosen de nova creación. Imaxinen a conselleira de Política Social indo a unha residencia de maiores inaugurar as prazas de residencia cada vez que sae unha persoa maior e entra unha nova. Pois vostede o que fai é o mesmo, conselleira *(Aplausos.)*. Tamén pintan os colexios e iso non son prazas novas en colexio, non, non; é que a pintura non converte esas vivendas en galóns do seu Goberno, non.

¿Vostede cre que isto é unha estratexia ética? ¿Vostede cre que esta parafernalia de entregar chaves de vivendas construídas no Bipartito simulando que as acaban de facer vostedes está ben? Agora que lle deixamos a descuberto todo este truco, que vostede quere continuar recreando, vostede ten dúas opcións: ou parar, acabar con esta estratexia patética, ou continuar representando esa función. Nós, sinceramente, pedímoslle que abandone estas prácticas de manipulación da opinión pública. *(Aplausos.)*

Ademais, miren, é certo que vostedes traen promesas novas na carteira, porque antes nin falaban de vivenda e, agora, que perciben que é un problema, traen anuncios. Está ben que se carguen de boas intencións de cara ao futuro, pero, mentres non teñan resultados, o que non poden facer vostedes é parasitar accións de gobernos anteriores. Nós agardamos que esas promesas que traen se convertan algún día en realidade, pero agora o que lles toca é asumir as consecuencias de quince anos de parálise. Asuman que non puideron entregar unha soa vivenda dende que vostede é conselleira e deixen de facer actos *fake* e de simular unha realidade que non existe.

O segundo caso de estudo son as miles de vivendas protexidas que van facer, logo de que a Xunta paralizase completamente a vivenda protexida, tocando chan con apenas dúas viven-



das nun ano, agora que se enteraron de que hai un problema anuncian 20.000. Está ben pasar de 2 a 20.000. Parece que algo está cambiando, pero imos analizar canto hai de realidade e canto de fantasía.

O pasado 10 de xuño o Goberno anunciou a aprobación da Estratexia galega de solo residencial. Antes de nada, cómpre sinalar que desa estratexia non hai ningún documento; o que hoxe parece máis un documento son os «cartelitos» que acaba de traer vostede a esta tribuna, porque o resto son notas de prensa, coma esta que lle vou ensinar da CRTVG (*A señora Fernández Gómez amosa un documento.*) —hoxe convertida no aparato de propaganda oficial do Partido Popular—: «A Xunta promoverá 20.000 vivendas protexidas nesta lexislatura». É un titular da CRTVG. Con este titular estase vendendo a falsa idea de que veremos construídas todas esas vivendas protexidas en catro anos; algo que é falso, xa que a Xunta non puxo data para acadar ese obxectivo. Polo de agora, é unha especie de promesa de prazo ilimitado, e así é doado prometer, señora conselleira, porque non sabemos se será no 2030, no 2040 ou no 2050; non se sabe e vostede non o di.

A realidade é que para esta lexislatura, ademais, non vai haber nada construído porque a letra pequena do seu anuncio di que só se comprometen a abordar a fase inicial de xestión do solo. Isto significa a planificación e a adquisición de solo, pero non sería até anos despois que se comezaría coa execución das obras de urbanización e, despois, coas de construción, que poderían tardar décadas en completarse. Vostede non pon ningunha data. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa, pois entón terá vostede que dicir á CRTVG que corrixa este titular, ¿verdade, señora conselleira? Ademais, vostedes quixeron non estresarse moito e decidiron que esa estratexia vai comezar para o seguinte ano, que este ano non van facer nada. En conclusión, esas 20.000 vivendas para esta lexislatura que nos vendeu a CRTVG é un bulo da Xunta de Galiza pagado con cartos públicos de todos e de todas. (*Aplausos.*)

Todo indica que isto das 20.000 vivendas protexidas ten máis de burbulla mediática que de certo. En todo caso, o que se faga en termos de planificación pode deixar condicionados futuros desenvolvementos, e iso é algo que, certamente, nos preocupa, sobre todo, en dous sentidos. Dunha banda, sobre o modelo de vivenda protexida que se vai desenvolver. Non ten sentido que, co maior número de vivenda baleira de todo o Estado, non se estea priorizando unha estratexia de adquisición de vivenda baleira e de rehabilitación, e, de ser o caso, incluso de proxectos de renovación urbana, antes do que é o desenvolvemento de novos solos, e que se estea pasando por alto a necesidade de ter un debate previo sobre os períodos de protección para evitar que volva pasar o que está pasando agora, que é que dentro duns anos todo ese esforzo de investimento público quede en nada porque esas vivendas pasarán de novo a ser vivenda libre, recuperando o prezo de mercado. Doutra banda, preocúpanos como se van condicionar en chave territorial desenvolvementos futuros. Segundo acaba de explicar vostede mesma agora, só van realizar vivenda nas sete grandes cidades, en contra de toda a lóxica de cohesión territorial. Iso significa que prevé a exclusión dunha parte importante da poboación das políticas de vivenda. ¿Acaso alguén que vive na Mariña, en Carballo, en Muros, na Barbanza, no Baixo Miño, en Lalín, no Carballiño, en Vilalba, en Sarria, en Monforte, en Chantada, na Limia ou no Barco non ten posibilidade de acceder á vivenda protexida? ¿Hai unha parte da poboación que non ten dereito a acceder a esa vivenda pro-



texida ou é que vostedes queren reforzar aínda máis o proceso de concentración de poboación e de despoboamento de parte do país?

Todos estes enclaves que acabo de mencionar son, segundo as Directrices de ordenación do territorio, parte do segundo escalafón na xerarquía territorial de Galicia, o denominado Sistema urbano intermedio. Son ámbitos que teñen un papel fundamental na estrutura territorial galega porque é precisamente aí onde se xoga boa parte das estratexias de integración e de fortalecemento territorial. A súa exclusión das políticas de acceso á vivenda vai en contra das propias directrices xerais e básicas da política territorial do noso país. Quizais é por iso que vostedes decidiron que para sacar adiante esta estratexia de desenvolvemento de vivenda protexida vaian facer uso dese instrumento que crearon, precisamente, para cargarse a ordenación do territorio, que son os proxectos de interese autonómico; este é un instrumento que permite que con só unha bendición do Consello da Xunta se poida reclasificar e recualificar solo sen moito impedimento e de forma exprés.

Se na súa estratexia houberse unha política de planificación territorial, vostedes deberían, primeiro, atender ás directrices de ordenación do territorio, despois, aprobar un plan sectorial de vivenda, —como teñen, por certo, outras comunidades— e despois derivarían de aí os plans concretos, pero vostedes preferiron ir directamente ao final. Precisamente, crearon os proxectos de interese autonómico para poder facer proxectos á marxe de calquera plan sectorial superior e dos plans urbanísticos municipais, como elementos exentos de toda planificación territorial. Cando crearon este instrumento, precisamente, advertimos de que esa era a morte da planificación territorial e así se demostrou. O seu enterro, por certo, tivo lugar na composición do novo Goberno, coa decisión de Rueda de eliminar a carteira de Ordenación do Territorio. Por vez primeira na historia deste país non hai unha consellería de ordenación do territorio, (*Aplausos.*) nin tan sequera hai unha dirección xeral. ¡Home!, vostede acaba de confundir urbanismo coa ordenación do territorio na súa intervención; mellor non falemos diso. (*Aplausos.*)

Vinte mil vivendas protexidas poden condicionar o desenvolvemento urbanístico de Galiza e van facelo sen plan. Dende o BNG temos claro que algo tan serio non pode decidirse a golpe de demanda de mercado; por iso exiximos que poñan en marcha un plan sectorial da vivenda que procure a cohesión territorial e no cal se marque nunha planificación temporal porque existe tamén o risco de que finalmente só se acaben desenvolvendo aqueles solos máis rendibles, é dicir, onde o mercado mande.

Está claro que o Partido Popular e o BNG temos dous modelos contrapostos en política de vivenda, pero tamén temos dúas formas diferentes de facer política. No BNG aválannos os feitos. Un exemplo témolo no Concello de Santiago: onte daba pasos adiante valentes na regulación das vivendas de uso turístico. Estes son feitos. ¿E saben que fai o Partido Popular? O que fai é enganar. Aquí teñen outro exemplo de propaganda e de mentira: esta mesma fin de semana vostede dicía na Radio Galega que a Xunta de Galiza tiña os seus deberes feitos nesta materia cunha normativa pioneira, e isto é falso. O que vostedes teñen é unha norma coadoira que permite que as vivendas ilegais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...se poidan inscribir en turismo. O único que fan vostedes é ser pioneiros na desregulación (*Aplausos.*) en favor da especulación e, coma sempre, na política ficción. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, conselleira, e grazas por explicar a grandes trazos hoxe neste pleno as principais liñas de actuación da súa consellería.

Esta non é a primeira intervención para falar de vivenda que se fai aquí neste foro hoxe. A vivenda é un dos bens máis prezados para todos os galegos e as galegas porque —como re-señou vostede noutra ocasión— dispor dun fogar digno, en propiedade ou en alugueiro, é un aspecto capital para o desenvolvemento vital de todas as persoas.

O certo é que a nivel nacional o problema de acceso á vivenda se incrementou durante os últimos anos e os galegos non somos alleos a esta problemática; de feito, os galegos identifican xa o acceso á vivenda como un dos principais problemas da nosa sociedade, e este afecta, actualmente, a un de cada catro veciños. Por iso, facilitar ás familias e aos galegos o acceso a unha vivenda, sobre todo aos colectivos con máis dificultades —como deixou vostede claro unha vez máis—, é un dos obxectivos fundamentais da Xunta de Galicia. Para dar resposta a esta necesidade o Executivo galego leva anos traballando. Primeiro cun plan, o plan Rehavita 2015–2020, que foi o primeiro plan de vivenda que tivo Galicia, e dende o ano 2021 co Pacto social pola vivenda, aprobado polo Observatorio da Vivenda de Galicia.

Grazas a todo ese traballo —traballo de anos— a política da Xunta en materia de vivenda parte dunha base, e esa base son os cidadáns, e dunha análise, e esa análise son as necesidades que teñen os galegos e as galegas á hora de acceder a un fogar. Iso é algo que contrasta coa política do Goberno central; e aquí debo facer unha especial mención á Lei polo dereito á vivenda —que máis ben parece ser unha lei antivivenda—, que invade as competencias das comunidades autónomas. Isto non o digo eu, senón que xa o dixo o Tribunal Supremo nunha sentenza do pasado mes de maio.

A introdución de medidas de control de alugueiros en áreas consideradas tensionadas por parte das administracións, as imposicións de límites xerais á actualización anual dos alugueiros por baixo do IPC, a imposición de prorrogas forzosas tras a expiración dos contratos, así como a aprobación de certas disposicións que dificultan a recuperación dos inmobles aos seus propietarios en casos de falta de pagamento ou de ocupación acentúan a falta de alugueiro, xa que ocasionan o desprazamento da oferta a outras modalidades de arrendamento, e isto provoca o incremento das mensualidades aos fogares con menos ingresos. Isto vén deixar claro que o verdadeiro problema no mercado da vivenda en alugueiro está na oferta.



E é que, coas medidas adoptadas polo Goberno central, se penalizou aos que poden facer aumentar a dispoñibilidade das vivendas, que son os arrendadores.

O importante é que exista un marco xurídico que aporte estabilidade xurídica e iso é o que, lamentablemente, non fai a Lei de vivenda estatal. En España hai ao redor de 4 millóns de vivendas e, destas, menos do cinco por cento están en alugueiro. Non obstante, o señor Sánchez congratúlase pola súa política de vivenda e vostedes, señor Font, congratúlanse tamén. O señor Sánchez anunciaba, en abril do pasado ano, un plan para mobilizar 50.000 vivendas da Sareb para alugar a prezos asequibles; este anuncio, co paso do tempo, veuse demostrar que non era máis que fume.

Falaba o señor Font de buscar un gran pacto de lealdade e de colaboración institucional. Pero, mire, no pasado 11 de xuño, este grupo parlamentario levaba ao debate desta Cámara, novamente, unha iniciativa para requirir a participación de Galicia na mobilización desas 50.000 supostas vivendas. Así solicitabamos a inclusión da nosa comunidade no programa Viena e a cesión gratuíta á Xunta das vivendas propiedade da Sareb situadas no noso territorio. Pero a pesar dos acordos adoptados nesta Cámara e das múltiples peticións ao Executivo central, este seguiu facendo caso omiso, negando a Galicia o acceso a un parque de vivendas das cales deberían ser beneficiarios os galegos e as galegas, e negándolles, incluso, información sobre as características destas vivendas e o seu potencial para transformalas en vivendas sociais.

Recentemente, o Banco de España emitiu o Informe anual do ano 2023 sobre o mercado de vivenda en España, analizando a evolución recente, os riscos e os problemas de accesibilidade á vivenda. Nel conclúese que a natureza do problema recomenda, entre outras cousas, impulsar a oferta do alugueiro social; fomentar a colaboración público-privada para a promoción do alugueiro; reforzar a seguridade xurídica e a certeza regulatoria; mellorar a xestión dos procesos administrativos relacionados coas políticas de solo e urbanismo; e impulsar a rehabilitación e a cesión de vivendas; estas medidas son compartidas pola política que está a levar a cabo a Xunta de Galicia e están plasmadas na nova Estratexia de solo residencial de que falou hoxe aquí a conselleira e que permitirá facer vivenda alí onde se precise, principalmente onde se concentran a maior parte dos demandantes de vivenda. *(Aplausos.)*

Así se está a traballar —como indicou a conselleira— no obxectivo de cumprir o compromiso electoral de duplicar o número de vivendas públicas nesta lexislatura ata chegar ás 8.000 vivendas; e estase a facilitar solo para construír 25.000 novas vivendas, a que debemos sumarlles preto doutras mil procedentes de rehabilitacións a través do plan Rexurbe, a través das axudas anuais aos concellos para a rehabilitación de vivendas e a través das axudas aos promotores privados para a construción de vivendas que logo reverterán no patrimonio da Administración pública, así como as vivendas adquiridas polo IGVS á banca e á Sareb. Tamén existen axudas, plasmadas no programa de axudas —no cal cómpre insistir— de que falou a conselleira, que están orientadas á mobilización de vivendas baleiras e que contan, nesta anualidade, con 37 millóns de euros para incentivar os propietarios para que saquen a alugueiro os seus inmobles baleiros. Tamén se busca fomentar a construción de vivendas destinadas ao alugueiro accesible, coa liña de axudas aprobada o 3 de xuño polo Consello da



Xunta e para a cal o Executivo galego vai destinar preto de quince millóns de euros, co obxectivo de incentivar os promotores públicos e privados a construír inmobles que contribúan a reforzar o parque residencial en alugamento. Tamén hai axudas orientadas á adquisición de vivendas protexidas en cascos históricos ou en concellos de reto demográfico a través de axudas directas orientadas á adquisición de primeira vivenda co aval mozo —como recordou a señora conselleira— destinadas para menores de 36 anos. Tamén están as orientadas a sufragar o alugueiro a través de axudas directas ou á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal que pasan a ser públicas. Non en van cómpre recordar que, desde o ano 2009, a Xunta destinou 714 millóns de euros para apoiar máis de cento corenta mil familias galegas no acceso, mediante compra ou alugueiro, ou na rehabilitación da súa vivenda, e mobilizou 4.684 vivendas de promoción pública, con nomes e apelidos, señora Fernández.

Non se pode falar de política de vivenda sen falar previamente de ordenación do territorio. Para facer unha boa ordenación é preciso colaborar cos concellos na redacción dos seus instrumentos de planeamento —como indicou a señora conselleira— a través da redución da burocratización, o que permite a axilización da tramitación dos plans xerais. Aínda que, señor Font, o Concello de Vigo non poida ser un exemplo, porque a pesar de recibir axudas directas da Xunta para a elaboración do seu plan, non poden, tras nove anos, aprobar o seu PXOM, paralizado agora —parece ser, segundo as palabras da súa concelleira de Urbanismo— por causa dos informes sectoriais do Estado. *(Aplausos.)*

Mire, señor Font, vostedes aprobaron un PXOM no ano 2008. Decía o seu alcalde que ía durar cen anos, que ía encher Vigo de cidades; e a realidade é que no ano 2015 o Tribunal Supremo lle tombou o seu Plan xeral. ¿E quen saíu ao seu rescate? Pois a Xunta de Galicia cos IOP. Colaboración da Xunta que tamén se traduce, como dixeran, en axudas directas para a redacción dos plans xerais ou na aprobación do Plan básico autonómico, aplicable nos concellos que carecen de plan xeral e que ten carácter complementario naqueles concellos que dispoñen del para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do plan vixente; ferramenta que pode asegurar que xa é imprescindible nos concellos para a tramitación dos expedientes de licenzas. E tan importante é a tramitación dos instrumentos de ordenación como a dos de xestión, que están permitindo aos concellos adquirir bolsas de solo para execución de vivenda pública, ben de forma directa ou ben a través da posta á disposición a Xunta, o que, sen dúbida, permitirá mellorar a oferta de vivenda.

E se de ordenación se trata, esta tampouco pode ser entendida sen unha boa planificación de infraestruturas viarias, como mencionou a conselleira, porque, para unha Galicia mellor conectada, se require vertebración territorial e mellorar a seguridade viaria, construíndo vías de altas prestacións libres de peaxes e tamén, por suposto, apostando pola vertebración do rural e pola conservación e mantemento da rede de estradas autonómicas.

E neste grande obxectivo enmárcanse os investimentos destinados pola Xunta a seguir vertebrar o noso territorio. Como indicou a conselleira, no caso de vías de altas prestacións, este ano destinaranse 40 millóns de euros, e para as melloras das da seguridade viaria e da conservación viaria, 53 millóns de euros. A autovía do Morrazo, a autovía Nabela-Sarria, a autovía á Estrada ou a autovía de alta capacidade en Tui, así como a execución, como mencionei antes, das estradas autonómicas, como a variante de Carballo —que mencionou a conselleira—, a



variante de Ribeira, a rolda leste de Lugo ou a circunvalación oeste de Ourense expresan a vontade do Goberno galego de seguir vertebrado o noso territorio. *(Aplausos.)*

E, como dicía, o Executivo galego tamén ten moi presente a mellora da mobilidade do noso rural Así, xa se mellorou notablemente a mobilidade en comarcas como Ferrolterra, Ortegal e A Mariña, e estanse a impulsar tamén obras nas estradas de Portomouro, Santa Comba, Cerdedo-Cotobade, Campo Lameiro, A Lama, Folgoso do Courel, Palas de Rei, Friol e tamén na Baixa Limia, en Valdeorras e na Gudiña.

Para acadar esa Galicia conectada e sustentable débese tamén fomentar, como dixo a conselleira, unha mobilidade máis verde e reducir as emisións á atmosfera, e por iso a Xunta aposta, co Plan de sendas de Galicia, por unha mobilidade alternativa ao emprego do vehículo particular, pensando no rural e pensando nas áreas urbanas; en definitiva, por unha Galicia amable na que se pode escoller vivir.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor presidente, señores deputados, moitas grazas.

No Goberno galego, a pesar do que pensen algúns, somos moi conscientes da situación na que se atopa o mercado da vivenda en Galicia, fundamentalmente porque coñecemos —e moi ben— o noso territorio e as súas necesidades. Señorías, estamos a despreparar, aínda que semella que non gusta, unha política de vivenda dende a gobernanza —e son totalmente partidaria da gobernanza—, cunha perspectiva ampla e con obxectivos a curto, medio e longo prazo que nos permitirán obter resposta.

Dispor dunha vivenda, como ben dixo a miña compañeira, é un aspecto capital para o desenvolvemento vital de todas as persoas, e por iso e niso levamos anos traballando; traballo que xa se materializou en importantes avances xa realizados, como a posta á disposición de 5.000 vivendas públicas dende o ano 2009, que case a metade foron de nova construción, e cualificando máis de 5.700 vivendas como protexidas. Tamén puxemos en marcha dende o ano 2019 un total de 7 áreas Rexurbe e adquirimos máis de 90 inmobles, nos que se rehabilitarán máis de 160 vivendas no marco do programa Rexurbe.

Ao mesmo tempo, puxemos en marcha moitas liñas de axudas adaptadas aos diferentes colectivos, con prezos bonificados, en atención das circunstancias económicas e persoais, e adaptamos as vivendas ao perfil dos inscritos no Rexistro de Demandantes, xerando vivendas interxeracionais, vivendas para mozos, vivendas de construción en madeira e vivendas de construción modular. Impulsamos tamén a participación dos concellos na promoción de vivendas públicas, adoptamos o prezo dos módulos de vivenda protexida e impulsamos medidas para que as vivendas sexan cada vez máis sostibles, eficiente e enerxeticamente.



Todas estas medidas se atopan nos obxectivos que nos fixamos no Pacto de vivenda 2021-2025, do que teño a satisfacción de destacar que temos executado o 93 por cento destas medidas, o que supón que se concederon axudas polo de agora por preto de 286 millóns de euros, beneficiándose 304 dos 313 concellos que ten a nosa Galicia. Son medidas todas elas que intensificaremos nesta lexislatura e que suporán un reto complexo e ilusionante dentro das miñas competencias como conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas; consellería que, como ben dixen ao inicio da intervención, ten como apelido fundamental a ordenación do territorio e o urbanismo, que é un dos grandes eixos do que falei, aínda que semella que non todos me escoitaron.

Poñemos en valor políticas desagregadas ata o de agora e seguiremos a traballar dende esa ampla perspectiva que permita incrementar o noso parque público de vivenda, cubrindo así as necesidades, como é lóxico, que están acreditadas a través do Rexistro de Demandantes, e facilitando, por suposto, a emancipación da mocidade. Retos que imos vendo que se van convertendo en feitos e non en fume e en palabras; retos que se converten en feitos. *(Aplausos.)*

No referente á vivenda pública —esa da que non lle gusta que entreguemos segundas adjudicacións, e grazas por recordar o traballo que estamos a facer—, xa estamos traballando en 1.229 vivendas, o que supón case un 30 por cento do obxectivo total para o período 2024-2028 —prazos, señoría—. E poño exemplos: San Pau de Navia, de Vigo. Xa temos licitadas máis de 200 vivendas por importe de máis de 28 millóns de euros. Teño que recoñecer o traballo que está a facer o Concello de Vigo e a colaboración que está tendo co Instituto Galego de Vivenda e Solo para conseguir esa reparcelación, urbanización e edificación simultánea. *(Aplausos.)* Ou coas 75 vivendas que imos facer en Pontevedra, e tamén agradezo ao señor Lores a premura que deu para a concesión da licenza municipal; non están a poñer trabas nin moitísimo menos. Ou as 60 vivendas en Santiago, que acaban de anunciar onte mesmo na Xunta de Goberno Local e así trasladou a alcaldesa a concesión desa licenza municipal. Ou as 40 vivendas na Coruña, en Xuxán. Nós queremos gobernanza e colaboración interadministrativa. Ou tamén as licitacións das obras que temos en Ourense, 66 vivendas; no concello de Mos, 20 vivendas, que temos xa en tramitación; 146 vivendas que comezaremos a construír en Garabolos; ou tamén 48 en Ferrol.

E tamén seguiremos intentando implicar os concellos na construción desta vivenda pública, como fixemos no concello da Coruña, que vai construír 50 vivendas, ou no de Vigo, que vai construír 27 vivendas grazas á axuda concedida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. Tamén nos concellos de menor tamaño, coas axudas á rehabilitación de vivenda da súa titularidade para que destinen a un alugueiro social dun prazo mínimo de quince anos.

No que se refire ao desenvolvemento de solo residencial para vivenda protexida, señoría, é solo residencial que permita a construción desas 20.000 vivendas por promotores e cooperativistas. Tamén iniciamos un traballo —que acabamos de iniciar— e xa temos contactado cos representantes desas sete grandes cidades.

Por outra banda, impulsamos a modificación do Plan xeral da Coruña para modificar o uso de varias parcelas no polígono de Xuxán, que permitirán construír 500 vivendas protexidas



máis, e tamén iniciamos a urbanización do segundo polígono de solo residencial de San Pau de Navia, en Vigo, cun investimento de máis de 14 millóns de euros, que permitirá construír outras 700 vivendas protexidas. Todo isto son feitos, non fume. (*Aplausos.*)

Ademais, xa nos reunimos con todos os grandes concellos de Galicia para conxuntamente — colaboran, e moito— delimitar ámbitos de solo residencial —que semella que non gustan a todos— que permitan neste mesmo ano iniciar a redacción deses documentos áxiles e desburocratizados para permitir o seu desenvolvemento. Polo tanto, queda acreditado o traballo realizado neste breve prazo, dende o inicio da lexislatura — tomei posesión un 15 de abril—, e pedimos a máxima colaboración e implicación aos concellos, porque non hai solución posible ao problema de vivenda se non é coa cooperación interadministrativa.

Porque, señorías, a vivenda, en definitiva, vai ser un dos cabalos de batalla non só desta lexislatura, senón das próximas, porque nos xogamos moito en construír unha Galicia viable e habitable, unha Galicia de futuro. Así o anunciaba o noso presidente Alfonso Rueda para esta lexislatura e tamén así se debuxa nos orzamentos para o ano 2025, onde a aposta pola vivenda volverá ser capital para o Goberno da Xunta de Galicia, e así se reflicte no propio organigrama do Goberno autonómico.

A folla de ruta está clara e o obxectivo é incrementar o parque de vivenda pública, e para iso tentamos aproveitar ao máximo posible, como xa o fixemos ata o de agora, os fondos europeos consignados para tal fin. E explícolle, señoría: sempre estamos dando os mesmos datos de execución, pero é que os datos son anuais e as subvencións son plurianuais. Eu vou darlle os datos reais: no ano 2021, o 83,93 por cento dos fondos europeos executados; no ano 2022, o 79,83 por cento dos fondos europeos executados; e no ano 2023, o 94 por cento dos fondos executados. (*Aplausos.*) Son subvencións plurianuais; páganse cando se executan.

Pero o que non podemos facer é pór trabas, limitacións e, sobre todo, inseguridade xurídica a quen vai aportala, ben sexan promotores ou ben sexan particulares, aos que temos que incentivar, porque teñen moitos inmobles que teñen que volver estar no mercado. E isto non se consegue cunha lei de vivenda que impulsa o Goberno central na que amosa un absoluto descoñecemento da realidade do mercado da vivenda actual. Neste sentido, entendemos, ao igual que outras comunidades autónomas, que a Lei polo dereito á vivenda — estatal— ataca directamente o dereito á propiedade e invade as nosas competencias nesta materia, apostando por un modelo intervencionista do mercado do alugueiro que xa se demostrou ineficaz noutros países. E igual que fixemos coa Lei do litoral, pelexaremos nos tribunais pola derogación dunha lei a todas luces contraproducente para o mercado e para os cidadáns.

Tamén seguiremos dando a batalla por un trato xusto para Galicia, como estamos a facer tanto coa AP-9 como co resto das estradas que dependen do Estado. Porque se outras administracións dedicasen a mesma atención e o mesmo esforzo orzamentario que a Xunta ao mantemento e conservación das nosas estradas, non estaríamos ante situacións tan danzescas como a da A-6 ou a do resto de estradas nacionais, que tanto prexuízo están a causar aos intereses xerais dos galegos e nas que a falla de planificación se evidencia en ter que actuar para mellorar firmes con contratos de emerxencia, algo nunca visto. Despois de seis



anos de goberno, señorías, teñen que facer contratos de emerxencia para a mellora dos firmes.

Pola nosa parte, seguiremos avanzando nos eixes de comunicación das estradas que son da nosa competencia. E digo algúns exemplos: na provincia de Lugo, investiremos nesta lexislatura 50 millóns de euros, 12 millóns anuais en obras de conservación, viabilidade invernal ou mellora de firmes en toda a provincia lucense, facendo fincapé nunha maior vertebración do territorio da man de execucións de vías como a autovía Nabela-Sarria, cunha primeira fase en servizo, e prevendo investir máis de 35 millóns de euros para continuar con ela, ou melloras na vía lucense LU-540, apostando polas melloras de comunicación con Ferrol, Ortegal ou A Mariña, con 4 millóns de euros en 2024, e partidas plurianuais por importe de 20 millóns, ou no acondicionamento da LU-651, Folgoso do Courel, dotación —xa o dixen máis veces neste Parlamento— de 3 millóns de euros no 2024, e partidas plurianuais de 11 millóns de euros, ou na estrada lucense 231 Begonte-Friol-Palas, con 2 millóns de euros neste ano 2024; sen esquecer, por suposto, os nosos compromisos coa rolda leste. Son exemplos de que este goberno quere unha Galicia mellor vertebrada para a súa competitividade económica, pero tamén para que haxa oportunidades para todas as persoas e tamén as que viven no rural. E por iso é imprescindible unha resposta axeitada e accesible.

Na provincia da Coruña, onde temos consignados 21 millóns de euros á conservación das estradas, mellora da mobilidade e seguridade viaria, ademais da execución de novas infraestruturas, como a prolongación do primeiro treito da autovía Santiago-A Estrada, ao que destinamos 10 millóns de euros, ou os 8 millóns de euros que nos permitirán avanzar na vía de altas prestacións Costa Norte ou na mellora das vías complementarias como a estrada Ferrol-Ortigueira, sen esquecer os avances que seguiremos a facer no corredor de Brión-Noia ou na autovía da Costa da Morte, AG-55.

Na provincia de Pontevedra, na que seguimos traballando por unha AP-9 galega coa liberación das peaxes da AP-53, e tamén da AP-9, tal e como comprometeron o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista durante a campaña electoral. Pero nela tamén seguiremos incrementando os quilómetros de vías de altas prestacións para unha provincia que é motor económico de Galicia, coa prolongación da autovía AG-59 entre A Ramallosa e A Estrada, destinando unha partida este ano de 10,2 millóns de euros. Avanzaremos tamén na autovía Tui-A Guarda, unha infraestrutura estratéxica para a comarca do Baixo Miño e da que puxemos en servizo este febreiro o enlace coa A-55 e o polígono de Areas, coa aprobación dos proxectos do seu trazado e a preparación de novas obras, que estarán en execución o vindeiro ano 2025.

Na provincia de Ourense, na que daremos pasos importantes para dotar o hospital dunha nova conexión directa coa N-525 e para pechar a circunvalación leste entre Bemposta e a A-52, ou mellorar as comunicacións entre Celanova e a fronteira portuguesa ou entre O Barco e A Gudiña, así como os 6,4 millóns de euros investidos este ano en mellorar os firmes das vías autonómicas desta provincia.

E poderíase avanzar de xeito aínda máis rápido neste traballo se nos consignaran un maior volume de fondos europeos, pero desgraciadamente o Goberno estatal denegóunolo. E vou



pór varios exemplos desa denegación. Impediunos mellorar a accesibilidade do rural, con acondicionamentos propostos para a estrada lucense entre Viveiro e Cabreiros, ou para a estrada ourensá entre Celanova e a fronteira portuguesa, ou na LU-636, entre Sarria e Beceerreá, ou na LU-170, en Xermade. Exemplos todos estes de actuacións que se reclaman neste Parlamento, pero para os cales o Goberno do Estado nega a posibilidade de aproveitar unha oportunidade que sería extraordinaria cos financiamentos destes fondos europeos.

Como tamén se nos impediu mellorar as conexións con polígonos industriais e a Rede transeuropea de transportes. E non porque Europa non quixera, porque Portugal si que o incluíu no seu programa, porque o Goberno de Pedro Sánchez non o quixo, esa foi a razón. E poderíamos ter avanzado e incluso executado actuacións que están na planificación do Estado, como a prolongación do acceso ao polígono de San Cibrao. Incluso se nos impediu ás comunidades autónomas executar actuacións para a humanización de travesías, que o Estado si que se permite a si mesmo na súa rede de estradas, pero non á Comunidade Autónoma galega.

Señorías, a Xunta fai un investimento medio anual de 50 millóns de euros en tarefas de conservación e mantemento; un investimento do que podería tomar boa nota o Goberno central planificando e levando a cabo actuacións. Porque a realidade é que en seis anos non houbo ningún avance material en eixos longamente demandados, como a autovía Lugo-Ourense, a autovía da Mariña, a autovía Ourense-Ponferrada, por poñer algúns exemplos. Seguen sen executar as obras que xa colleron comezadas, como o treito da circunvalación en Pontevedra ou a A-54, Santiago-Lugo, que non estará tampouco en 2024 e coido que tampouco en 2025.

Pero o máis misterioso son as obras que se adxudican pero non comezan, como a variante norte de Ourense ou o nó de bombeiros en Pontevedra, adxudicados hai máis de dous anos o primeiro e case un ano o segundo, e que aínda non comezaron. Non sei se serían tan comprensivos se iso o fixésemos nós.

Por outra banda, escoitamos que se poñen sobre a mesa 400 millóns de euros para o rescate dun treito da autovía do Mediterráneo en Alacante. E mentres en Galicia temos tres autovías estatais con graves problemas. A A-8, con conexión coa cornixa cantábrica, segue con problemas de néboa cos que naceu e sen exercer unha solución definitiva. A autovía da conexión coa Meseta por Ourense, a A-52, para a que anuncian só unha renovación parcial do firme, cando está a ter unha continua restrición de tráfico por mor das obras de emerxencia dos seus viadutos. E seguimos sen ter resolta a situación da A-6, que se mantén no día de hoxe no viaduto do Castro cun só carril aberto dos cinco que había con anterioridade. Un problema para o que nin sequera temos un cronograma fiable.

Ese tamén será un dos nosos obxectivos nesta lexislatura: asegurarnos de que o Goberno de España cumpre cos seus compromisos e coas súas promesas lanzadas polos seus representantes. Teñan por seguro que aquí nos atoparán para buscar un trato xusto e equitativo para Galicia, que non quere ser máis pero tampouco quere ser menos que ningún outro territorio.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día, outra vez.

Decepcionante, señora conselleira. Cando se terminou o guión, cando se terminaron as diapositivas, absolutamente nada. Só nos trasladou boas intencións, poucos retos novos, e ademais a constatación de que nesta lexislatura non imos ter resultados en materia de vivenda.

Falaba de titulares dos demais. O único que buscou vostede foron precisamente titulares. Insisto: mareounos con millóns de euros sen aclarar a procedencia. Sería bo que falase da porcentaxe de determinados millóns do Goberno central en lugar de falar doutras porcentaxes, porque nega moito o Estado. Escoitándoa a vostede parecería como que o Goberno galego non tivera que facer absolutamente nada, e vostede chega cunha lista inmensa de millóns.

Seguen sen asumir responsabilidades. Nada falou de zonas tensionadas; parece que non van con vostedes. Nada falou de pisos turísticos; parece que non van con vostedes. Pois o Estatuto de autonomía marca que a política de vivenda é unha competencia da autonomía.

Falou de axilidade, e non destacan vostedes precisamente por esa axilidade, porque non contestou ao que realmente pasou en gobernos anteriores e ao grao de incumprimento, como para que poidamos fiarnos de vostedes.

Deben de centrarse en atender o tema da vivenda con novas propostas. Hai que traballar en novas propostas residenciais integradas no tecido existente, ben por rehabilitación, construción, reocupación ou cambio de uso. Fíxome moita graza cando falou de feitos. E fala vostede de Navia en Vigo; quince anos sen facer absolutamente nada. Absolutamente sorprendente.

Señora Deza, conviría que vise os antecedentes da tramitación do PXOM en Vigo; levaría moitas sorpresas. E non me estraña que non me contestase a eses 200 millóns dos que falei. Pero, ben, temos unha iniciativa recente, e é que o presidente Rueda acáballe de aceptar ao alcalde de Vigo unha comisión para estudar a vivenda social no concello de Vigo; proba inequívoca do que non se fixo anteriormente.

Conselleira, infraestruturas, absoluta confirmación de que a todos os atrasos que puxen encima da miña intervención non contestou a ningún; atrasos de quince anos, que confirma vostede. O que está claro é que os retos do Bipartito son incumplidos polo Goberno da Xunta.

E logo, claro, o mantra da AP-9. Creo que debería de darlle vergonza falar da AP-9. Primeiro, porque debería dicir cantas bonificacións fixeron os gobernos de Rajoy, e agora que coñecemos que Aznar ampliou a concesión antes de privatizala, debería —insisto— darlles vergoña



falar deste tema. Claro, non falan das dúas autopistas que son de titularidade autonómica. Espero, señora Deza, que vote a favor da nosa PNL de mañá para a gratuidade da AG-57 e AG-55, espero que sexa así.

E, finalmente, fala de colaboración con outras consellerías e fala de colaboración no ámbito sanitario. Pois como non deixa de ser unha infraestrutura, sería bo que se estrease coa gratuidade do *parking* do Hospital Álvaro Cunqueiro; sería moi bo, sería fabuloso que se decretase a gratuidade do hospital Álvaro Cunqueiro, e dime a miña compañeira Paloma que tamén entendo co *parking* do hospital Pontevedra.

Conclúo: é unha comparecencia decepcionante. Faremos o gráfico tamén nós de todo o que comprometeu aquí, de todos os millóns que dixo que ía desenrolar, e se o grao de cumprimento é o mesmo nesta lexislatura que na anterior lexislatura, evidentemente, será un fracaso.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Lamento que pola súa resposta vemos que vai seguir con iso dunha política de vivenda que consiste no *photocall* do pintor, que por cada capa de pintura é un cargo público para a foto. (*Aplausos.*) Cando vostede saca peito de facer estas cousas só demostra o pouco respecto que ten ao cargo que ocupa e á confianza que depositaron no cargo que asume.

Respecto da vivenda protexida, chámanos a atención que vostede siga sen ser capaz de dircirnos para cando van ser esas vivendas protexidas, cando comezarán, que é unha cousa moi distinta de cando concluírán, porque non sabemos cal é o período, non sabemos nin cal é o período onde acaban nin tampouco onde comezan. Porque parte desas promesas de 20.000 vivendas protexidas son anuncios refritos de moi atrás. Por exemplo, esas 1.600 vivendas protexidas en Navia, que levan anos paralizadas polo Goberno do Partido Popular, agora compútanse no anuncio das 20.000 vivendas protexidas. Efectivamente, o día que se constrúan serán vivendas novas, pero non son compromisos novos, (*Aplausos.*) son compromisos refritos ano tras ano que incumpren sistematicamente.

E se vostedes tiveran realmente vocación de ampliar o parque de vivenda protexida, poderían, por exemplo, aumentar as porcentaxes de reserva de solo, incrementar os períodos de protección das vivendas, fixar unha reserva de vivenda protexida en réxime de alugueiro dun mínimo do 50 por cento, axustar prezos da vivenda protexida para evitar que haxa unha interferencia no mercado libre, aumentar a porcentaxe de vivenda de promoción pública respecto dese total de vivenda protexida. Teñen moitísimas ferramentas legais normativas que poderían impulsar, pero é que non queren facer ningunha.

Isto é o que nos fai saltar as alarmas da credibilidade do seu anuncio, porque a pregunta simple que a todos nos atravesa é: ¿como é posible, conselleira, que vostedes digan que que-



ren facer 20.000 vivendas, que necesitarían 3 millóns de metros cadrados de solo, e vostedes non queiran pór en marcha cuestións tan básicas como aumentar esas porcentaxes de reserva de solo? É que o contraste entre esa propaganda e o que fan normativamente é tan grande que o que invita a pensar é que vostedes non están realmente comprometidos cos seus anuncios e que están alimentando unha rolda de anuncios baleiros.

Xa lles adianto que imos traer a esta Cámara dende o BNG unha proposta sobre o modelo de vivenda protexida que temos que impulsar para falar de modelo e para falar tamén desa localización da vivenda protexida, porque ten que estar amparada baixo unha visión territorial do noso país, porque nos estamos xogando tamén un proxecto de país a futuro. Isto non vai só do dereito dos mercados a construír coa axuda do público, isto vai tamén do dereito das persoas a un acceso á vivenda e do país —como digo— que queremos deixar a futuro. *(Aplausos.)*

Se en política de vivenda empregan a propaganda para construír sobre un baleiro, en materia de infraestruturas a propaganda é sistematicamente para reconstruír a historia. O máis paradigmático é o que vostedes fixeron coa AP-9. Fixeron vostedes unha prórroga ilegal. A Comisión Europea está sinalando directamente as súas irregularidades por incumprir unha lexislación europea en materia de contratos, pero o que aínda é máis grave e que estamos coñecendo é que todos eses movementos turbios se fixeron co obxectivo posto nunha futura privatización e en aumentar así o seu valor no mercado. A cuestión aquí é que tiñan vostedes xa posta a cabeza a futuro nos intereses privados, e deulles igual deixarnos aos galegos unha hipoteca diaria nas cabinas de peaxe durante anos. Foron vostedes os que escribiron esa historia da estafa da AP-9. Tamén, a historia dos que agachan a cabeza en Madrid, dos que levan o mandato do seu pobo para devolvernos xustiza e volven con máis agravios.

Conselleira, foi o Partido Popular quen vetou, en tres ocasións, o debate da Proposición de lei da AP-9, alegando motivos económicos. *(Aplausos.)* Decía Ana Pastor, no seu veto, que causaría un impacto económico de 4.750 millóns de euros, inflando claramente de forma premeditada o valor real dese rescate. E agora di vostede —aínda o dixos estes días aí atrás— que non teñen información ao respecto de canto supón ese rescate, que non teñen cifras. Está ben que vostedes fagan un estudo agora, pero ¿e cando gobernaban no Estado?, ¿e cando o vetaban? ¿Non fixeron ningún estudo dende o Goberno galego para defender ese rescate? *(Aplausos.)*

Vostedes agacharon a cabeza ante os argumentos económicos e tamén agacharon a cabeza ante os argumentos políticos; argumentos políticos —de tan pouco peso— como o que escribiu o Goberno de Rajoy cando o seu ministro, De la Serna, dixo «non» á transferencia, porque se non «se desencadenaría un desmantelamiento de la red viaria de todo el Estado», «España se rompe» se transferimos a AP-9. Iso é o que *jaleaban* dende as súas filas.

Neste país, todos entendemos que con ese argumento nos estaban tomando o pelo, todos nos sentimos ninguneados, todos, excepto Feijóo. O presidente da Xunta dixo naquela rolda bochornosa que, efectivamente, que era momento de ser leal a España e que mellor que o tema para un caixón. Non houbo un galego que non entendese que iso era seguir permitindo que sexamos os únicos cunha autoestrada de primeira xeración con peaxes, que iso era soste Galiza como un negocio.



A contribución do Partido Popular nestes anos, no seu paso polo Goberno estatal, foi esta, foi a de boicotear esa lei para acadar unha AP-9 galega, pública e gratuíta, con argumentos como «*se rompe España*» e que habería unha «inflación tremenda sobre as contas dun posible rescate».

Evidentemente, agora, o Estado ten que facer xustiza dunha vez por todas cos galegos e coas galegas, pór fin a unha concesión que é unha auténtica estafa. E nesta cámara hai que depurar responsabilidades, caia quen caia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señorías, o Goberno galego conta cunha política propia de vivenda a través da que está a despreparar a Estratexia de vivenda pública e protexida, aprobada o ano pasado cun orzamento de preto de douscentos cincuenta millóns de euros. Señor Font, son 170 millóns de fondos propios; 58,5 millóns de fondos Next e só 20 millóns do Goberno central de España. (*Aplausos.*)

Aproveito tamén a ocasión para lembrarlles un par de datos obxectivos e verificables: o orzamento do IGVS incrementábase este ano nun 26,4 por cento, ata os preto de cento setenta e oito millóns de euros, practicamente o corenta e cinco por cento dos seus investimentos resérvanse para incentivar as medidas de acceso á vivenda. Triplícanse os fondos para construír 737 vivendas públicas nas sete grandes cidades galegas, ata os 32 millóns de euros: 206 vivendas en Vigo, en San Paio de Navia —si, señor Font, atrasadas polo seu Goberno municipal, polo seu alcalde—, 98 na Coruña, 56 en Santiago, 204 en Lugo, 70 en Ourense, 76 en Pontevedra e 27 en Ferrol.

O Goberno galego é consciente de que a vivenda é unha das principais inquedanzas dos galegos. Por iso, a Xunta fai un grande esforzo para promover ou rehabilitar as vivendas protexidas. De feito, a Xunta é a única administración que está a construír vivendas de promoción pública en Galicia, a pesar de que os concellos tamén teñen competencias, tamén Vigo.

Xa me gustaría poder dicir o mesmo dos concellos nos que gobernan vostedes. O Concello de Pontevedra agardou ata hai unhas semanas para pór á disposición do IGVS o solo para a construción de vivendas protexidas. É unha pena que, dispoñendo dunha parcela cedida de xeito gratuító pola Xunta, na vez de construír as vivendas, o Concello a dedique a aparcamentos, e agora renuncia ás súas competencias para construír as vivendas nesas parcelas e prefire cederlle á Xunta a iniciativa.

Dicía a señora Fernández que o Concello de Santiago era un exemplo. Mire: tampouco é exemplo de nada, xa que dispón de cinco parcelas para edificar 191 vivendas protexidas e, pola contra, prefire vendelas no canto de facer esa promoción de vivendas públicas. Así, podería seguir o exemplo da Xunta de Galicia na Coruña e ofrecer eses terreos en dereitos de superficie para promover pisos para o alugueiro a prezo limitado.



Con respecto ás infraestruturas, para estar en posesión de dar leccións, señor Font, primeiro hai que merecelo e hai que demostralo; vostedes nin o teño merecido nin o teñen demostrado alí onde teñen competencias. (*Aplausos.*)

O estado de conservación e mantemento das estradas de competencia estatal é claramente desastroso, con problemas en distintos puntos da rede: na A-6, na A-52, na autovía Rías Baixas, na N-120 e na N-540. A Xunta incrementa o investimento en conservación, mentres os seus conservación, cero. Así teñen as estradas da súa competencia, cando non se desploma un viaduto, os firmes son una sucesión de fochancas. Fágallelo ver, señor Font, fágallelo chegar se é que alí en Madrid non ven isto, pero vostede fágallelo chegar, por favor.

Cando non estamos falando de problemas de conservación na Rede de estradas estatais, do que estamos falando é do ritmo extremadamente lento que teñen todas as infraestruturas pendentes de execución do Goberno central en Galicia; autovías que debían estar rematadas, e vostedes fálanlle á señora conselleira de prazos, de conservación, de vías, da AP-9, da AP-53... ¡Tela marinera, de verdade! Xa o dixo a conselleira: Galicia ten as estradas autonómicas coas peaxes máis baixas de España grazas ás bonificacións que aplica a Xunta desde o ano 2010. Por segundo ano consecutivo, o Executivo galego conxelou as peaxes das dúas autoestradas autonómicas: A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona.

En canto ás bonificacións, hai o desconto do vinte e cinco por cento da volta e do cincuenta por cento na segunda volta, nas vinte e catro horas posteriores á realización da viaxe de ida; a bonificación do cen por cento da volta para as familias numerosas; a rebaixa do cincuenta por cento en horario nocturno... Ademais, incrementáronse un setenta por cento as novas estradas libres de peaxes, xusto ao contrario do que pasa coas autoestradas xestionadas polo Estado. A AP-9 e AP-53 son as autoestradas de competencia estatal máis caras de toda España, a pesar das bonificacións que se aplican desde o ano 2021. Vostedes falan de que apostan por un avance de cara á gratuidade da AP-9 e da AP-53 e que apoian a transferencia da AP-9, pero en realidade é que o Goberno central di que vai facer, pero non fai nada para cambiar a situación, e vostedes calan.

Despois está o bloqueo da transferencia na xestión da AP-9. O Goberno pódese permitir rescatar —como dixo a señora conselleira— a autopista do Mediterráneo, pero, sen embargo, non pode liberar a AP-9. Levamos catorce anos reclamando a transferencia da autoestrada AP-9 a Galicia, unha reclamación amparada ano a ano por este Parlamento e que se aprobou en Madrid para a súa toma en consideración. Namentres, na Xunta estase a traballar na defensa dos intereses dos galegos e das galegas para lograr unha AP-9 galega.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Presidente, deputados, hai uns días os responsables do Banco de España calculaban



que en España fan falta unhas seiscentas mil vivendas e un investimento de arredor de setenta e cinco mil millóns de euros. O propio director xeral de Vivenda e Solo, do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, elevaba esta cifra ata preto dun millón de inmobles. Non hai dúbida, falla a vivenda, pero non escoitei ningunha solución do Goberno estatal e tampouco a escoitei, por certo, dos grupos da oposición desta cámara.

Claro que gobernar é facer descontentos, sen dúbida, pero tamén é crer que podemos acadar os obxectivos que nos fixamos. Dicía o escritor e Premio Nobel Anatole France que «para lograr grandes cousas non só debemos actuar, senón tamén soñar, e non só planificar, senón tamén crer». Iso, señorías, é o que imos facer: crer, porque temos a capacidade, porque temos a experiencia e temos a forza para levar adiante un traballo no que cremos e cuxos resultados nos permitirán construír unha Galicia de e con futuro. *(Aplausos.)* Un futuro, señorías, que non pode ser froito da improvisación, nin dos contratos de emerxencia nin dos titulares do día, senón dunha xestión planificada con obxectivos a curto, medio e longo prazo, que nos permitan dar resposta ás necesidades urxentes, pero tamén ás importantes. Este Goberno ofrece estas respostas que veñen da man da planificación, do investimento e da busca dun organismo responsable e ordenado e que permita aos galegos desenvolver o seu proxecto vital.

Por iso, avancei nesta comparecencia que un dos nosos obxectivos de lexislatura será o de avanzar na axilización e na simplificación de procedementos vinculados ao desenvolvemento de actuacións urbanísticas e de ordenación do territorio, sumando novas ferramentas, actualizando e modernizando a normativa de construción e de rehabilitación de vivendas, de tipoloxía, de composición de vivendas e usos destas edificacións. En definitiva, desburocratizando, aínda que semella que non a todos lles guste.

Somos conscientes de que será preciso o traballo, a planificación e os investimentos. Teñan por seguro que seguiremos demandando iso, porque a eficacia na xestión témola sobradamente demostrada. Hai investimentos que nos gustaría que fosen máis elevados, por suposto, e que o Goberno central destinase un maior volume de fondos europeos a Galicia, sen dúbida, porque máis investimentos permitiríannos incrementar o número de beneficiarios, tanto nas liñas de axudas como na execución de infraestruturas.

Señorías, somos de feito —e xa o dixen— unha das comunidades autónomas de maior cumprimento na execución de fondos europeos, xa que esgotamos case o cen por cento das axudas concedidas en materia de vivenda nos anos 2022 e 2023. Mentres seguimos agardando que o Goberno central nos transfira os fondos europeos para esa nova convocatoria do Bono alugueiro mozo anunciado, ou que se decida a acometer as obras que anuncia e non executa, ou que se decida a cumprir as súas promesas, este Goberno actúa, desenvolve proxectos, reforza e redobra esforzos e investimentos.

En vivenda, por exemplo, o orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo incrementouse, para este exercicio, un 26,8 por cento ata acadar os 178 millóns de euros, dos que case a metade se reservan para incentivar as medidas de acceso á vivenda. En infraestruturas, este ano absorben máis de douscentos corenta millóns, cunha planificación que corresponde a un obxectivo realista.



Señorías, pídlles de novo sumar e non restar, porque iso é o que nos pide a cidadanía: solucións. Solucións que chegan tamén dende a vontade política, buscando consensos que poñan fin a políticas de bloqueo e de confrontación, que ralentizan proxectos que son beneficiosos para o conxunto da nosa poboación. Temos na nosa man a responsabilidade de dar a resposta que busca Galicia e que busca un fogar, que é o berce sobre o que se constrúe o noso futuro.

Dicía Álvaro Cunqueiro que «Galicia é un país de tesouros, pero de tesouros vivos, como as persoas, coa súa memoria e a súa vontade». Esa é a Galicia que queremos construír dende a vontade de traballar entre todos, a de —que como dicía ese recoñecido escritor lucense— «somos gardadores e non donos.»

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Substanciamos agora, por unha alteración da orde do día, unha pregunta ao Goberno.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto visual e paisaxístico que producirían no Camiño de Santiago as instalacións que proxecta a empresa Altri na Ulloa

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, agora xa sabemos que a macrocelulosa que Altri quere instalar en Palas de Rei é unha bomba ambiental no corazón de Galiza e que se quere, ademais, situar nun espazo natural que debería estar xa protexido dentro da Rede Natura, mais que o Partido Popular freou sistematicamente desde o ano 2011. O impacto deste proxecto é moi alto, e é especialmente crítico o impacto territorial e socioeconómico sobre os recursos hídricos dende o río Ulla até a ría de Arousa sobre o modelo forestal centrado no eucalipto e sobre todo sobre as formas de vida dunha terra viva, rica e altamente produtiva. É un proxecto fortemente contestado pola sociedade galega desde que se fixo público o proxecto real, o proxecto verdadeiro, e se descubriu o engano electoral do Partido Popular.

Este pasado domingo a conselleira de Industria, a señora Lorenzana, negaba nunha entrevista o forte rexeitamento social. O seu negacionismo é o principal estímulo para reactivar a nova mobilización que está convocada para este próximo domingo en Compostela e que rodeará cunha cadea humana de dignidade a Xunta de Galiza, dirixida polos consellos de administración das empresas amigas do espolio e do Partido Popular.

Esta macrocelulosa é tamén unha dobre ameaza para o alto valor patrimonial, cultural e turístico do Camiño de Santiago. Por unha banda, pode afectar a zona de amortecemento deste



ben de interese cultural e, pola outra, pode condicionar ou anular a declaración que ten como patrimonio da humanidade. A conservación do valor cultural único das paisaxes naturais que os peregrinos levan contemplando desde a Idade Media foi a razón determinante para a declaración do Camiño de Santiago como patrimonio da humanidade pola UNESCO en 1993. Hai precedentes de monumentos patrimonio da humanidade que foron descatalogados por incumprir a declaración de protección. Sería unha irresponsabilidade que este goberno facilitase que isto chegase a suceder no Camiño de Santiago, mais o certo é que a declaración pode estar comprometida polo forte impacto de degradación visual e paisaxística que implica instalar, próxima á zona de amortecemento, unha cheminea de 75 metros coa correspondente polución de contaminación e seis chemineas máis de evaporación de 60 metros de alto e 80 de ancho e unha ocupación territorial de 10.000 metros cadrados cada unha.

¿Pensa vostede, señor conselleiro, que esta paisaxe con vistas á macrocelulosa de Altri é a que veñen procurar os peregrinos no Camiño de Santiago? ¿Pensa vostede que defender o progreso para Galiza consiste en sacrificar o seu patrimonio cultural e histórico? Señor López, ¿vai vostede asumir o papel de conselleiro de Cultura e máximo responsable do patrimonio protexendo o Camiño de Santiago na súa integridade ou aspira ao papel de conselleiro delegado de Altri? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señor presidente.

Antes de nada, quero agradecerlle o cambio na orde do día, porque precisamente hoxe teño que ir a Pamplona ao Consejo Jacobeo para defender os intereses de Galicia nese importante espazo, nese importante foro, onde se vai traballar e debater co ministro de Cultura a importancia dos próximos anos. O ano 2027 sabe vostede que é Ano Xacobeo e, por tanto, vaise debater a importancia que lle damos, que lle dá este goberno e que sempre lle deu ao Camiño de Santiago e a toda a promoción vinculada co Xacobeo. Polo tanto, creo que non lle debe quedar ningunha dubida do compromiso deste goberno —que creo que sempre demostrou— e deste conselleiro de cara ao Camiño.

E falando como falaba vostede, que traía a colación o tema de Altri, creo que é importante destacar algúns aspectos que penso que deben quedar claros nesta Cámara. Son vostedes moi asiduos a este tema nos últimos meses. Tanto nos medios de comunicación como nos distintos actos dos partidos e incluso nesta Cámara trouxeron e traen ás distintas comisións e plenos distintos formatos de comparecencias desta cuestión de Altri, creo que con excesiva demagogia, con moi poucos datos e tamén con bastante desinformación. Creo que as datas do Goberno galego ata hoxe foron perfectamente claras e contundentes. O Goberno está respectando claramente os trámites e os procedementos administrativos, como non pode ser doutra maneira. Eu non concibo unha administración —e levo vinculado á Administración máis de vinte e un anos— que non respecte os prazos e os procedementos que establecen as propias lexislacións e os propios técnicos, e así o estamos a facer de forma clara e de forma



contundente, deixando que os funcionarios e os técnicos da Administración autonómica fagan o seu traballo —que, ademais, acredito que o fan extraordinariamente ben—. (*Aplausos.*) Incomprensiblemente, parece que vostedes, os que din defender os traballadores e os que din defender a súa honorabilidade e a súa boa xestión, son os primeiros que non confían na parte de xestión que lles corresponde. Nós, desde logo, faremos, por suposto, ese traballo con claridade e con contundencia, dunha forma exhaustiva, a través da avaliación polo miúdo de todo o procedemento administrativo dunha forma completa, xa que se seguen absolutamente todos os procedementos establecidos dunha forma obxectiva, grazas ao traballo dos grandes profesionais cos que conta a Administración autonómica, cunha acreditada traxectoria e de forma totalmente imparcial a través da independencia contrastada e clara dos técnicos da Xunta.

Que non lle caiba ningunha dúbida de que esa é a nosa folla de ruta. Nós sempre o dixemos de forma clara e de forma alta. Esperemos a que se vaian resolvendo os informes e os procedementos administrativos e, en función dos datos, por suposto, a Xunta de Galicia actuará e decidirá. Claramente estaremos do lado daqueles proxectos que sexan compatibles co contorno e co medio ambiente e, por suposto, non o faremos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...e informaremos desfavorablemente daqueles...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Aplausos.*)

Para a réplica, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, a vostede preocúpalle o Xacobeo; a nós, no BNG, preocúpanos preservar o Camiño de Santiago, que estaba moitos séculos antes xa aquí. (*Aplausos.*) E preocúpanos polo alto valor histórico, patrimonial e identitario, porque é un punto de encontro intercultural, porque é a porta de entrada a Galiza de todas as culturas e porque é o que fala do pobo galego como un pobo culto, milenario e con posición internacional.

Preocúpanos, por suposto, claro que si, o forte impacto visual e paisaxístico que provoca esta macrocelulosa, unha pantalla invasiva sobre o Camiño. Así é o que lles preocupa e así o din tantos colectivos que lles din que paren esta desfeita; persoas, colectivos aos que, por certo, hoxe a señora Lorenzana acusou de ser arcaicos por defender este patrimonio cultural. (*Aplausos.*)

Preocúpanos que ignoren o comunicado do Icomos, preocúpanos que ignoren a Directiva de patrimonio mundial da REACT de 2023, que, precisamente, o que está solicitando é que se amplíen as franxas de protección destes monumentos patrimonio da humanidade para



avaliar correctamente o impacto visual e paisaxístico. Preocúpanos que vostedes sigan permitindo incumprir a moratoria de plantación de eucalipto ao pé do Camiño —que supoño que vostede puido desfrutalo esta fin de semana—. Preocúpanos que a súa entrega ao espolio poida facer que sexa desclasificado como patrimonio da humanidade. E preocúpanos que vostedes desde o PP estean a desprezar o alto valor económico do Camiño, que nos concellos afectados supón ata un terzo da economía local, xerando riqueza e xerando emprego. ¿Para vostedes non vale este emprego e esta riqueza que xa se está xerando nestes territorios?

Preocúpanos que obriguen vostedes a Galiza a recuar, desprotexendo e abandonando o seu patrimonio cultural. Calquera afectación á paisaxe é unha agresión ao Camiño en si, á xente que vive no Camiño e do Camiño e unha ameaza á declaración como patrimonio da humanidade. E é unha ameaza porque vostedes xa teñen demostrado que son unha ameaza para o patrimonio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...e agora tamén para o Camiño de Santiago...

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa rematou o seu tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señor presidente.

Non se preocupe, señora Queixas. Está este proxecto en boas mans. De feito, infórmoa de que hai escasas semanas se remitiu á empresa promotora un informe para ampliar a declaración de impacto patrimonial e, polo tanto, sabe vostede perfectamente que o organismo Icomos estará traballando para poder modificar e para poder ampliar esa información que lle foi solicitada por parte da Xunta de Galicia. Aínda non está emitido o informe de impacto patrimonial, está en tramitación, e o que se lle solicitou á empresa foi a ampliación desa información, dese expediente, dese proxecto, para poder ser informada por parte dos servizos correspondentes de Patrimonio.

Creo que coincidimos nalgunhas cuestións. Eu creo que este goberno non só defende o Xacobeo, por suposto, dentro doutras moitas competencias e dentro do seu ámbito, e a importancia do ano Xacobeo 2027, por suposto que si. Para nós é unha oportunidade e una ventá importante para amosar o que somos ao resto do mundo. Tamén defendemos, por suposto, a importancia e a transcendencia do Camiño. E recórdolle, ademais, que creo que foi o Partido Popular o que despois de moitos anos de ostracismo sacou o Camiño de Santiago e estas tradicións —como dicía antes— do ostracismo e puxo no mapa nos anos noventa este gran proxecto cultural de recuperación integral do Camiño. Fíxose un traballo enorme, un inves-



timento histórico, para que o Camiño de Santiago sexa ese referente cultural; ese Camiño que, ao final, deu nacemento, como se adoita dicir, á Europa moderna. Polo tanto, non lle caiba ningunha dúbida de que imos loitar por todos os proxectos que teñan que ver e que poidan influír negativamente neste gran patrimonio.

Pero quero dicirlle que falaba vostede na primeira intervención —e seguen vostedes con ese mantra, porque lles encanta, ademais, repetilo ata que se converta en realidade— dese gran rechazo social que ten este proxecto, cando o proxecto nin é aínda coñecido, nin é recoñecible por parte da sociedade; (*Murmurios.*) simplemente é coñecido a través das súas interpretacións interesadas. (*Aplausos.*)

Pero eu recórdolle que aquí os únicos que vincularon o seu destino co proxecto de Altri foron vostedes. A súa candidata ás eleccións europeas falou claramente de que un voto ao BNG é dicir non a Altri claramente, e recórdolle unha vez máis —se ven vostedes que estou convencido, e así o ven— os resultados das eleccións europeas na Ulloa, onde en Antas de Ulla, en Monterroso ou en Palas de Rei o Partido Popular non só foi a primeira forza —por suposto maioritaria, con máis do 50 por cento dos votos en todos e en cada un deses concellos—, senón que, ademais, sufriu máis de dez puntos de intención de voto con respecto ás últimas municipais. (*Aplausos.*) Se vostedes querían un plebiscito sobre Altri, aquí teñen os resultados, señora Queixas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou xa a pregunta.

Imos suspender o pleno ata as catro e media.

¿Como andamos de temperatura agora? (*Unhas señoras e señores deputados: ¡Mal, mal...!*) (*Murmurios.*)

A ver..., a ver, vexo que a señora... agora xa está un pouco mellor, pero é que isto é difícil. Eu pídolle un pouco de comprensión, porque isto é difícil. Eu estouno intentando, de verdade; estouno intentando, pero é complicado.

Ata as catro e media.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Reanudamos a sesión co apartado de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción non se presentou ningunha emenda.



Para expoñela, ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños. —oito minutos, recordo—.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Cando falamos do sistema de financiamento, é fácil pensar que estamos ante una abstracción, e máis aínda despois de comer, pero convido os deputados e deputadas, xornalistas e as persoas que poidan estar seguindo este pleno en xeral a que pensen nos moitos asuntos que imos tratar, naqueles máis concretos, durante o día de hoxe e o día de mañá. Hoxe pola mañá, por exemplo, falouse aquí dunha empresa pública de enerxía; despois vaise falar dos servizos complementarios do ensino público, de deporte...; mañá falarase de xustiza gratuíta, das peaxes das autoestradas, da gratuidade de libros de texto ou dos moitos problemas do sistema sanitario público; demandas sociais, dereitos, decisións políticas e exercicios do autogoberno que non poden facerse realidade, que non poden prestarse ou que non poden prestarse adecuadamente sen o que demanda, en resumidas contas, esta moción, que é un sistema de financiamento xusto para Galiza.

Porque a calidade de vida, o benestar, os servizos e os dereitos das galegas e dos galegos dependen en gran medida, en moi boa medida, de que teñamos unha relación económica xusta co Goberno central. E levamos moito tempo —demasiado— cun sistema complexo e pouco transparente, con serios problemas de equidade e eficiencia —repito: complexo, pouco transparente, con problemas de equidade e eficiencia—. Isto non o digo eu, non o di o BNG, isto dío a propia Comisión de expertos estatal do sistema de financiamento. E dío, porque, pese a esa suposta superdescentralización que hai, en teoría, no Estado, realmente no día a día vemos que é o centralismo o que impide que exerzamos adecuadamente as nosas competencias. E non fai falta ser nacionalista para velo. Galiza perdeu con este sistema, e esta é unha conclusión á que chegan múltiples estudos e na que hai, ademais, consenso a día de hoxe.

E a pregunta que temos que facernos é: ¿se algo non funciona, por que non se cambia?, ¿cal é o problema? Pois hai dous grandes obstáculos para que as cousas sigan como están, e ningún deles é: ningunha nación sen Estado, nin ningunha outra comunidade autónoma, por moito que se empeñe o Partido Popular. Hai dous grandes responsables, e o primeiro é o centralismo, temos que dicilo así, porque para que Galiza e as comunidades teñan un sistema xusto de financiamento quen ten que ceder recursos, quen ten que ceder privilexios, é o Estado; é o mesmo debate que co déficit e as regras de gasto. ¿Por que, se somos as comunidades, se é Galiza quen ten que prestar os servizos máis custosos, como a sanidade, como o ensino, como os servizos sociais, ten menos marxe para o déficit e ten menos sistema de financiamento do que ten o propio Estado?

É habitual que, ante a falta de argumentos, a demagogia adoite tildar de egoístas a nacionalistas e soberanistas, pero o que está claro é que non hai nada máis egoísta nin inxusto economicamente que o centralismo estatal. Afortunadamente, nos últimos anos, vemos que é grazas a esa presenza dos nacionalismos que se reabre este debate e vemos o papel cada vez máis determinante —aínda que ao Partido Popular lle moleste— dos nacionalismos e dos soberanismos no Estado, como vimos nas últimas eleccións europeas, das que falaban hoxe pola mañá, cando vimos que a cuarta candidatura máis apoiada é unha candidatura plurinacional e que colocan as súas partes este tipo de debates enriba da mesa con frecuencia.



Se non, desde a Administración central, estarían moi tranquilos e moi tranquilas discriminando os diferentes pobos no seu financiamento. E o problema de Galiza — insistimos desde o BNG— non foi nin será nunca outra comunidade, outra nación. O problema que temos en Galiza é a inutilidade do Partido Popular á hora de defender ante o Estado os recursos de Galiza e os seus dereitos.

Polo tanto —e aí quería chegar—, o segundo gran obstáculo para que o sistema de financiamento siga quince anos despois case sen tocarse e sen revisarse é o propio Goberno do Partido Popular, que no 2009 asinou un mal sistema para Galiza e que despois de que este sistema leve caducado desde 2014, incumprindo a súa obriga legal de revisión cada cinco anos, pois o Partido Popular cando gobernaron os seus mirou para outro lado, e despois, cando gobernou Sánchez, protesta moito, pero «moito pico e pouca pa», vén sendo o resumo. Está submisivo ao que mande Génova, ata o punto de que outros gobernos autonómicos do Partido Popular si demandan constantemente negociacións directas co Estado, e a Xunta, non. A Xunta prefire patexar, prefire enviar cartas —son expertos nas epístolas neste e noutros temas—. E mentres non fan o seu traballo, Galiza perde, e perde moito.

Insistimos niso no pasado pleno ante o conselleiro Corgos e puxemos enriba da mesa ese informe demoledor do Consello de Contas que avalía os resultados para Galiza do sistema entre os anos 2009 e 2021 e que claramente constata as teses que levamos defendendo desde hai moito tempo desde o BNG: primeiro, que con este sistema Galiza perdeu, e perdeu moito, e que non chega para financiar os servizos públicos esenciais que dependen de nós. É que é negro sobre branco. Fai un balance que, na cifra máis optimista, que inclúe outros fondos adicionais, sinala un déficit de financiamento acumulado dos servizos públicos; un déficit que cifra en 1.075 millóns de media ao ano, máis de 13.000 millóns de euros nestes doce anos que avalía o Consello de Contas, medio millón máis que o último orzamento da Xunta de Galiza. Polo tanto, está claro que con este sistema que avalou o Partido Popular só fixemos perder oportunidades para o noso desenvolvemento.

E, en segundo lugar, este informe tamén —diciámolo hai quince días— sinala claramente que o sistema se viu afectado pola crise financeira de 2009, pero en Galiza máis, en Galiza por partida dobre, porque o sistema tivo menos recursos, pero tamén porque aquí as políticas aplicadas polo Partido Popular foron as campioas dos recortes. Polo tanto, xa tiñamos un sistema malo, que vostedes fixeron peor aplicando a súa xestión neoliberal da crise.

E, en terceiro lugar, o informe do Consello tamén é revelador respecto dun aspecto fundamental para Galiza, que é que, se o sistema xa non é bo, se agrava pola política fiscal do Partido Popular, que detrae recursos para Galiza. Sinala ese informe de forma moi clara como o Goberno galego non empregou a súa capacidade de autogoberno para, coa política impositiva, recadar a favor deste país; algo que, ademais, levamos criticado nos últimos anos, sinalando ese cambio de rumbo que sinala o propio Consello de Contas, que é que, desde 2020, xa non é que non recademos, é que perdemos recursos a través da súa política fiscal.

En resumo, temos esa situación que se simboliza nesas máis de mil millóns de euros ao ano que perde este país, e non podemos seguir así. Desde o Bloque Nacionalista Galego unha vez máis traemos a este Parlamento este debate que é fundamental para o presente e para o fu-



turo do noso país, porque hai que reaccionar e hai que facer valer Galiza. ¿Como? Pois traemos dúas propostas moi claras:

A primeira, que retomemos os traballos da Comisión de estudo sobre o sistema de financiamento, que se impulsou na pasada lexislatura por parte do BNG e que fixo os seus primeiros traballos, pero que non chegou a facer un ditame porque non lle interesou ao Partido Popular. Nós temos dito moitas veces que este non é o marco ideal que nos gustaría para a nosa nación, pero tamén temos dito moitas veces que, dentro do réxime común, hai moita marxe para mellorar o sistema respecto do que temos hoxe, e que sempre estaremos dispostas a achegar en positivo nese ámbito. Polo tanto, demostren, señorías do Partido Popular, que son capaces de priorizar Galiza fronte a Génova e que podemos chegar todos e todas a un consenso neste Parlamento, e que sexa a posición que defenda Galiza.

E a segunda proposta é basicamente que a Xunta deixe de facer o ridículo, porque está claro que a estas alturas da película o Consello de Política Fiscal e Financeira e a Conferencia de Presidentes non son a vía para negociar un trato xusto para Galiza, e, polo tanto, igual que outros líderes, incluso do Partido Popular, e igual que outras veces que a Xunta de Galiza negocia directamente cuestións particulares co Estado, ¿por que non abordar tamén de forma bilateral o sistema de financiamento? Desde logo, debería darlle vergonza ao Goberno da Xunta que este tema, cada vez que se reabre neste Parlamento...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Hai que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...sexa por iniciativa do BNG —e con isto remato, señora presidenta— e que, cada vez que se abra no ámbito do Estado, sexa por outros pobos.

Polo tanto, hoxe traemos dúas propostas para poñer Galiza por diante. Vostedes deciden. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Infórmame o señor Ojea que renuncia ao seu turno.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Patricia Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Boas tardes de novo a todos e a todas.

Ás socialistas galegas o que nos interesa é o financiamento singular de Galicia. O noso compromiso é e será sempre co noso país, porque somos o Partido Socialista de Galicia, pese a quen lle pese. Habería que preguntarlle o mesmo ao señor Rueda: se está de acordo en defender as singularidades de Galicia no sistema de financiamento autonómico ou se vai seguir



xogando a ser discípulo de Feijóo no PP de Madrid, que está escorado a ese discurso de extrema dereita, nun discurso cheo de demagogia e carente de rigorosidade e solvencia.

Habería que preguntarlle ao señor Rueda tamén se está disposto a colocar o gorro de presidente e defender —digo con propostas serias, rigorosas— as nosas peculiaridades galegas no financiamento, do lado dos gastos, evidentemente —que hai que poñelo enriba da mesa—, que son os custos de sanidade, de dependencia, de educación, de servizos sociais do Estado e de benestar, nunha poboación que, evidentemente, está moi envellecida e na que tamén sabemos da nosa dispersión xeográfica; singularidades que se teñen que poñer enriba da mesa nesa negociación na que o señor Rueda ten que poñer o gorro de presidente.

Pero os socialistas galegos tamén lle imos exixir a ese presidente do Goberno da Xunta que faga os deberes do lado dos ingresos públicos. E nesa asignatura está suspenso, xa que o Goberno galego está a facer unha xestión irresponsable coa política impositiva, creando unha ilusión fiscal, como sinalou o Consello de Contas de Galicia, e imitando ao mellor a presidenta da Comunidade de Madrid nese *dumping* fiscal, que lle deu un premio a ese presidente da República Arxentina que di que o socialismo e a xustiza social son o cáncer das nosas democracias. (*Aplausos.*)

O señor Rueda sabe que durante o seu mandato impulsou aínda máis, se cabe, ese continuísmo do señor Feijóo. E, por certo, da crise financeira 2008 e 2009, ¿como saímos? Cos recortes e máis recortes, co debilitamento dos nosos servizos públicos e tamén co debilitamento dos empregados públicos, cunha baixada exponencial do seu soldo.

Pero, claro, o señor Rueda continúa con esa política fiscal, e non só non rebaixa, senón que rebaixa aínda máis o imposto de patrimonio, o imposto de herdanzas e a bonificación do 50 por cento do imposto de grandes patrimonios na Lei de orzamentos deste ano, do 2024. ¿E a quen favorece esa baixada de impostos, señorías? ¿Saben esa resposta? A resposta é que favorece as rendas altas, e iso téñeno que saber tamén todos os galegos e galegas, que esa política de rebaixa fiscal non favorece a xente do común. Iso tamén hai que dicilo.

Evidentemente, o Goberno da Xunta de Galicia tamén pode exercer o autogoberno, porque ten potestade normativa na xestión de tributos cedidos por parte do Estado, que non o está a facer, agora que din que desenvolven ese autogoberno co tema da Lei do litoral, da AP-9. Eu volvo recordar neste Parlamento que son cero as competencias transferidas e reclamadas ao Goberno de España desde que levan quince anos no Goberno da Xunta de Galicia. Por tanto, hai que abordar esa fiscalidade verde para favorecer esa transición enerxética dunha maneira seria e rigorosa.

E como se sinalou no Foro Económico de Galicia —que onte compareceu no Congreso dos Deputados, e o que lles incumbe ás señorías do BNG e do PPdeG; lean esas conclusións do Foro Económico—, evidentemente, non todo está tamén na solución de solicitar maior descentralización do Goberno de España, xa que é o Estado máis descentralizado dos estados federais europeos; máis que Alemaña, máis que Suíza ou máis que Canadá. Non é un problema de descentralización das competencias e das potestades que outorga a LOFCA no sis-



tema de financiamento autonómico, porque o cupo, evidentemente, non favorecería a Galicia, e tamén o saben as señorías do BNG.

Habería que preguntarlle ao señor Rueda por que o PP votou en Madrid en contra de subir a senda de estabilidade orzamentaria ao 3 por cento, que incrementa a capacidade de gasto das comunidades autónomas e os concellos para atender, precisamente, eses servizos públicos básicos. Habería que preguntarlle tamén por que votou en contra das subidas das pensións dos nosos maiores, do aumento do salario mínimo interprofesional, da rebaixa do IVE, da bonificación da gratuidade do transporte, de mellorar o subsidio de desemprego... Esas respostas tamén llas temos que facer ao señor Rueda.

O 24 de maio de 2024 publicouse o informe Fedea, da Federación de Estudos de Economía Aplicada, que é unha entidade sustentada por varias empresas financeiras que analiza a evolución do gasto nos servizos sociais. Os resultados e as conclusións non son boas para Galicia. E, se ollamos o gasto real por habitante axustado per cápita, é onde vemos que Galicia sae peor parada. Con datos de 2022, neste índice, Galicia acada un valor de 92 por cento sobre 100 da media estatal. É a última comunidade autónoma en investimento público en servizos básicos do Estado de benestar.

Con estes datos non pode o señor Rueda chorarlle ao Goberno de España maior financiamento ao tempo que non exerce unha responsabilidade fiscal. Hai que facer os deberes tamén. Na balanza fiscal é imprescindible o equilibrio entre gastos e ingresos, e tamén se pode falar, nese diálogo na Conferencia de Política Fiscal e Financeira —que é onde se van reclamar esas singularidades para Galicia—, do endebedamento público das comunidades autónomas; ao que nos levou, por certo, o Goberno de Mariano Rajoy con ese sistema que se fixo de crise financeira e o FLA, que fixo que as comunidades autónomas se endebedasen a límites que nunca estiveran. Incluso se pode falar da condonación da débeda; tamén para Galicia, evidentemente, ¡tamén para Galicia!

Poñamos as cartas boca arriba, señorías, pero dentro dun discurso rigoroso, solvente, onde as singularidades de Galicia estean na partida.

Sobre o Informe do Consello de Contas de Galicia, hai que dicir que se publicou o 29 de maio de 2024. Analizaba o período 2009-2021, e fai un informe valorativo dos resultados de Galicia, particularmente en termos de custo dos servizos públicos básicos. Logo, como se apuntaba pola compañeira do BNG, o 23 de novembro de 2021 se constituíra a Comisión de Estudos e non se fixeran esas conclusións.

O informe do organismo fiscalizador conclúe —certo— que é urxente actualizar o sistema aprobado, que leva caducado quince anos; pero tamén é importante incidir que o lado dos ingresos do sistema de financiamento autonómico supón unha media anual de 3.428 millóns de euros, que representan o 84 por cento dos ingresos totais non financeiros da Comunidade Autónoma. Tamén é importante dicir que no exercicio 2022 as achegas aos sistemas de financiamento autonómico a Galicia polo Goberno progresista de Pedro Sánchez se incrementaron nun 7 por cento en 2023 e nun 16 por cento en 2024, respectivamente.



No período analizado, recibiu outros ingresos procedentes do Estado en conferencias sectoriais: 583 millóns de euros, e tamén 2.122 millóns de euros dos recursos adicionais do Fondo Extraordinario Covid; ao que temos que engadir os fondos Next Generation, que son máis de 1.500 millóns de euros transferidos polo Goberno de España.

En definitiva, o infrafinanciamento de ingresos de Galicia das anualidades analizadas polo Consello de Contas de 2009 a 2021 reduciuse significativamente nun 30 por cento nos anos 2022 a 2024 cun goberno progresista en España. Eses son os datos e iso é ser rigoroso no discurso.

En termos comparativos, nos anos 2008 e 2009 —de crise financeira—, con Mariano Rajoy no Goberno de España, ¿como se fixo? Cun resultado de liquidación negativa. A solución do Goberno do PP foi prorratear...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...a débeda das comunidades autónomas, fronte ao Goberno socialista, que o que fixo, evidentemente, foi asumir esa débeda polo Estado. Esa é a diferenza entre gobernos progresistas, socialistas e gobernos conservadores do PP.

En definitiva, votaremos a favor desta moción do BNG porque os socialistas galegos cremos que Galicia, como nacionalidade histórica que somos, terá moito que dicir nesa negociación multilateral das nosas singularidades. Iso é que apoiaremos.

Exiximos ao señor Rueda que coloque o gorro de presidente e poña os intereses de Galicia por riba dos intereses partidistas...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Ao mellor, obedece ao PP de Feijóo.

E tamén tería que recoñecer que o Goberno de España, progresista, de Pedro Sánchez, financiou en 30.000 millóns de euros —repito, en 30.000 millóns de euros— máis que o Goberno conservador de Mariano Rajoy.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Iglesias.

(Aplausos.)

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don Alberto Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.



Señora Presas, ¡que di o PSOE que estamos moi ben financiados! Non sei se se enterou. É que acaba de descubrirnos que, ademais, cando aumenta o orzamento do Estado, aumentan as achegas ás comunidades autónomas. ¡Pois inventaron a pólvora! ¡Iso si que é rigor! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Claro, o do contexto e a proporcionalidade xa o deixamos para outro día, ¿non? (*Aplausos.*)

Mire, eu creo que máis ou menos podemos coincidir todos en que Galicia precisa dun novo modelo de financiamento que atenda de forma axeitada as peculiaridades da nosa comunidade autónoma e, de paso, que atenda tamén esa especialidade, ese sobrecusto que supón o envellecemento da poboación e a dispersión á hora de prestar servizos básicos.

O que me resulta sorprendente é que este debate se plantexe tras coñecer un informe do Consello de Contas que vén de poñer negro sobre branco exactamente o mesmo que vén denunciando o Goberno galego e o Grupo Parlamentario Popular dende hai anos: o infrafinanciamento do noso país, causado por un sistema inxusto e ineficiente —que haberá que pensar de onde vén—. Fagamos un pouco de historia.

Cómpre recordar que o actual sistema de financiamento ten orixe nunha negociación bilateral entre o Goberno do señor Zapatero e o seu socio de goberno en Cataluña e socio do BNG nas pasadas eleccións europeas, Esquerra Republicana de Cataluña. Un acordo que respondía a un interese puramente partidista e que tiña por único obxectivo servir de argamasa ao pacto que mantiña o señor Montilla como presidente da Generalitat catalá. Un agravio, por certo, que foi defendido a capa e espada polo Partido Socialista de Galicia, como nos insistía a señora Iglesias. Pois, miren, (*O señor Pazos Couñago mostra un documento que contén unha fotografía.*) aquí dicía o señor Zapatero: «*El nuevo modelo de financiación crea el verdadero Estado de las autonomías*». Oia, e aí estaban, respaldando ese modelo que nos detraeu cartos durante estes quince anos. Pois aquí estaban a ministra de Economía, a señora Salgado —unha galega de Ourense—, o señor José Blanco e, por suposto, Pachi Vázquez, que xa non se acorda ninguén, pero era dese Partido Socialista de Galicia. E aí estaban todos tragando a beneficio da Generalitat de Cataluña. (*Aplausos.*)

Aquel acordo, señora Presas, non contou co apoio do Partido Popular; de feito, votamos o mesmo que o Bloque Nacionalista Galego. Nin tampouco contou coa aquiescencia da Xunta de Galicia. Ata o punto de que fomos ameazados, xunto con outras comunidades rebeldes, con seguir recibindo o previsto no anterior sistema, que comparativamente aínda era máis lesivo. Claro, o curioso é que, ante este modelo socialista do diálogo e a negociación, o BNG culpabiliza o atracado e exime de responsabilidade ao atracador. Ou sexa, ¡hai que ter valor, señoría! ¡Sinceramente, hai que ter valor!

O BNG vén dicir que cando nos deron a elixir entre susto ou morte, o que tiñamos que facer os galegos era elixir morte, que era o lóxico. Talvez por iso se explique —por iso e por outras moitas cousas— que vostedes, quince anos despois, sigan na oposición e quince anos despois esteamos nós no Goberno. Pero, ¡a quen se lle ocorre! (*Aplausos.*) ¡Que disparate!

Señorías, din por aí que aqueles que esquecen a historia están condenados a repetila, e por iso hoxe observamos como quince anos despois os mesmos actores, exactamente os mesmos



actores, intentan convencernos das bondades dunha negociación bilateral con Cataluña cos mesmos argumentos maniqueos que nos condenaron á inxusta situación actual. Pero algúns aínda conservamos a memoria e, por certo, tamén a liberdade de denunciar que hoxe en España non se está a negociar un novo modelo de financiamento, senón un pacto de investidura que leve o señor Illa á Presidencia da Generalitat, aínda que sexa a custa da solidariedade cos demais territorios do Estado. Esa é a pura verdade.

E a min gustaríame que recordásemos algúns conceptos básicos.

O primeiro. Os territorios non tributan, señorías; tributan os cidadáns e as empresas. E as balanzas fiscais entre territorios son instrumentos útiles, pero non as táboas da lei. Se unha comunidade autónoma contribúe máis que outra á solidariedade interterritorial, non é por xenerosidade nin por altruísmo, senón porque os seus cidadáns, os que viven nela, pagan máis impostos por dispoñer de rendas máis altas. Consecuencia do anterior: afirmar que unha comunidade rica é tratada inxustamente porque recibe menos do que paga é igual de grave e inxusto que queixarse de que un cidadán rico reciba menos servizos dos que paga.

O Goberno do señor Sánchez continúa afondando no tratamento desigual entre cidadáns. Un tratamento, por certo, o da igualdade, que vén recollido na Constitución española. Artigo 31 —eu recórdollo—: «Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto, inspirado nos principios de igualdade e progresividade, sen que teña nunca carácter confiscatorio». Ou o artigo 40, se o prefiren: «Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa».

Pero isto esquécelle a un goberno que fixo do tratamento desigual o seu sinal de identidade. No ámbito xurídico, apostando por unha vergoñenta amnistía, que lles debería caer a cara de tela aprobado. No ámbito económico, pois, oe, coa condonación da débeda á carta. Por certo, facíame vostede mención do informe presentado onte polo Foro Económico de Galicia. Lea o que di o Foro Económico da súa proposta de condonación de débeda, señoría. E, por último, acordando entre dous partidos, PSOE e Esquerra, o que correspondería acordar multilateralmente a dezasete comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financeira ou na Conferencia de Presidentes e Presidentas Autonómicas.

Non, señoría; non, señora Presas, non é o centralismo; os que promoven a desigualdade neste país son o socialismo e o nacionalismo, que se están convertendo nos enterradores da equidade e da igualdade que proclama a Constitución española. Esa é a realidade que a vostedes non lles gusta oír.

Nós compartimos a necesidade de finalizar os traballos da Comisión para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento que recolla, ademais, as achegas que fixeron os expertos que alí compareceron. Por certo, achegas que coinciden maioritariamente entre si, de maneira moi importante, e, iso si, claramente diverxentes coas propostas que o BNG leva defendendo durante décadas, a pesar das advertencias que fan os expertos. Nin un só experto —agás un do BNG— respalda a súa reivindicación dun concerto económico, que



sería ruinoso para Galicia, como non respaldan a súa tarifa eléctrica e como non respaldan ningunha outra cousa. Pero vostedes seguen impenitentemente, sen ceder ao desalento, e insistindo coas mesmas medidas que lles desaconsellaron todos.

Por certo, ese informe nacional ao que vostede fixo mención tamén di que sería ruinoso para o conxunto das comunidades autónomas o plantexamento confederal que vostedes queren trasladar a financiamento. Para traballar nun ditame que responda a esas necesidades reais de Galicia, coherente cos traballos técnicos realizados polos expertos designados pola Comunidade autónoma, pois conten co PPdeG. Claro, para iniciar unha sucesión de reunións bilaterais que só retrasarían alcanzar o consenso que estamos a reivindicar, para iso non conten con nós.

O Goberno galego parece ser que vai ser convocado proximamente ao Consello de Política Fiscal e Financeira. Non coñecemos o día, nin a orde do día tampouco. Pero non dubide de que, se se aborda esta cuestión, se plantexará a postura galega directamente, como solicita vostede, pero tamén no ámbito axeitado de debate, nunha conferencia multilateral.

A min o que me sorprende do BNG a estas alturas —e dígollo de verdade— é que vostedes sigan confiando na negociación bilateral co Goberno de España, despois dos dous pactos de investidura que firmaron con ese goberno e da burla pública que lle están facendo os ministros do Estado, negándose a cumprir —pero publicamente— todos e cada un dos compromisos que acadaron con vostedes. ¿E vostede vénnos pedir aquí que caíamos na mesma trampa? ¡Non, home, non! Con nós non conte para iso. A tomadura de pelo aos galegos, esa deixámoslla ao BNG. Nós estamos para defender os intereses de Galicia, e eses van por outro lado. *(Aplausos.)*

Nós, señoría...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...imos seguir na coherencia —remato xa, presidenta—, e a coherencia é pedir o que pediamos: un acordo multilateral baseado na lealdade con todos os territorios de España; iso que dicimos tantas veces: nin queremos ser máis ca ninguén, nin aceptamos ser menos ca ninguén. Creo que nos deu bastantes bos resultados ata agora. Esa lealdade permitiunos, fronte aos que foron intervidos, manter a nosa autonomía fiscal e conseguir que Galicia, grazas tamén á xestión do Goberno que vostede critica, fose a comunidade con menor aumento da débeda pública, con maior converxencia coa renda nacional de toda España...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e, ademais, manter durante quince anos os niveis de pobreza galegos por debaixo da media nacional, xusto ao contrario do que pasaba cando gobernaban vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pazos.



Turno de peche para a autora da proposición.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Quero comezar agradecendo o apoio do Partido Socialista a esta moción. En todo caso, eu diríalle á súa voceira que nós, no nacionalismo galego, temos o costume de, ademais de via-xar, de ler tamén de todo. Claro que lemos as conclusións que presentou onte o Foro Económico e lemos tamén anteriormente o Informe que sacou publicamente, despois de que se abrise o debate neste Parlamento galego, e tamén o Informe que remitiu a esa comisión que o Partido Popular decidiu conxelar, seguindo o exemplo da Comisión das Caixas,.

E hai cuestións que son analizables e nas cales, en teoría, había unha postura común, entre elas, criticar a proposta de revisión de poboación axustada que recentemente fixo o Goberno de Pedro Sánchez —¡bueno, recentemente!; xa pasaron case tres anos—; esa proposta que, ademais, o Consello de Contas avalía no seu informe que non é positiva.

Polo tanto, nós lemos e escoitamos. Gustaríanos que o Goberno central fixese o mesmo, e ver se nalgún momento (*Aplausos.*) se avisa das peculiaridades galegas, que nós de momento non vimos. (*Aplausos.*)

Señor Pazos, ¡que previsible!; ¡bueno!, uns e outros. «*El cupo*», «*el cupo que viene a romper España*». España leva rompéndose... —non sei—. Eu creo que antes da existencia do Estado español xa debía haber alguén que estaba alertando de que España se rompía; e non dá roto. ¡É unha cousa...!, ben, en fin... A cuestión, señor Pazos, é que aquí non viñemos falar da proposta de concerto económico que, efectivamente, ten o BNG, e que debatemos noutros momentos da historia do noso país; como temos tamén propostas de máximos e de horizontes máis amplos en moitos asuntos. Pero eu mesma falei claramente aquí —e esa foi a vontade desa Comisión de Estudo— de que dentro do marco do réxime común, dentro dese Estatuto de autonomía —que vostedes tanto veneran na retórica e tan pouco executan na práctica—, hai moita marxe de incrementar e mellorar o noso sistema de financiamento. ¡Falémolo! Nós estamos dispostos a ceder na nosa posición e falalo. ¿Que fixeron vostedes? Mirar para outro lado porque, ¡claro!, non vai sacar este Parlamento unha posición política que non asuman na rúa de Xénova —¡non vaia ser!—; ese é o problema que teñen vostedes: esa contradición. Entón aquí non se está votando «*el cupo del BNG ni la financiación singular*» de non sei que outra nación. Isto non é o Parlamento catalán, nin é o Parlamento Vasco, nin é o Congreso das e dos Deputados; este é o Parlamento galego. O que pedimos é que se reactive esa comisión e que antes de que acabe o ano fagamos unha proposta de país, (*Aplausos.*) porque, mentres os demais se moven, Galiza perde posicións. Iso é do que estamos a falar.

E, ¡home!, eu asumo que os nacionalistas sempre somos os culpables de todo o que acontece no mundo. Cae mañá un meteorito e, seguramente, estea provocado por nós. Pero, ¡joia!, entre 2011 e 2018, despois dese grande agravio catalán que vostede aquí trouxo a colación, eu creo que gobernou alguén do Partido Popular que non tocou o sistema de financiamento que tanto lles molestaba, e, despois chegou o Partido Socialista e tampouco o tocou. E, ¿que fixo o Partido Popular nestes quince anos nos cales non o revisou, incumprindo a obriga legal? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Primeiro, protestaban un pouquiño porque



estaban os seus; despois, como estaban outros, protestaban moito, pero xa lle dixen na primeira intervención: «¡mucho pico y poca pala!», señor Pazos.

Non puxeron este país en Madrid para ser respectado e ser escoitado. E non se pode tratar igual o que non é igual. E prestar os servizos públicos esenciais en Galiza non custa o mesmo que noutros puntos do Estado; polo tanto...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...¿que solidariedade hai? —e remato con isto—; ¿que presunta solidariedade hai? Insisto, o centralismo si que é o máis insolidario que hai porque hai unhas presuntas competencias, e non nos dan os recursos que precisamos. E, jollo!, non saen da nada, senón que saen dos galegos e das galegas, que tamén pagamos impostos. Ninguén nos está a regalar nada. Polo tanto, apelamos unha vez máis a eses dous grandes consensos: que Galiza se faga valer e que se comprometan vostedes a colaborar en facer un ditame...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...nos próximos meses para ser defendido ante o Estado..

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa seguinte moción. Neste caso, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción presentouse unha emenda, a que leva o número 6242, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto 6 no texto da parte resolutiva, que terá o seguinte contido:

«6. En aras á boa gobernanza que ten que rexer en toda administración pública, a transparencia, e o acceso á información pública, publicar informes plurianuais que reflectan as actuacións desenvolvidas pola Consellería de Medio Ambiente no conxunto da Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia, coa obriga de dar conta no Parlamento de Galicia.»)



A señora PRESIDENTA (Candía López): E para defender a moción, por tempo de oito minutos, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Esta iniciativa ten que ver cun asunto que é absolutamente prioritario para Galiza e —eu diría— para toda a humanidade, que é a emerxencia ambiental; a emerxencia ambiental, que é algo diferente ao cambio climático, pois, ás veces, tómase a parte polo todo.

A emerxencia ambiental combátese fundamentalmente con dous tipos de medidas: unha é da que falamos moito hoxe pola mañá, a descarbonización; é dicir, a famosa transición enerxética ou ecolóxica, que moitas veces se interpreta de maneira interesada para favorecer os intereses de quen xa sabemos. E, a segunda, é a biodiversidade; esa biodiversidade que a pandemia nos deixou clara, que é unha especie de escudo protector que temos que coidar e que temos que mimar.

Pois ben, nesta ecuación, nestas dúas grandes prioridades, o Goberno da Xunta do Partido Popular caracterízase por primar os intereses dunha e por relegar absolutamente a protección do patrimonio natural e da biodiversidade, porque, ademais, ten unha concepción do patrimonio natural como un estorbo; como algo que estorba a implantación deses grandes proxectos industriais —moitos deles de carácter depredador—, que teñen precisamente un obstáculo nesa protección ambiental. E iso é o que explica, por exemplo, este mapa; (*O señor Bará Torres mostra un mapa da península ibérica.*) este mapa é absolutamente elocuente. Vemos como na parte de Galiza hai moito marrón e pouco verde, e isto é porque hai pouca protección ambiental, porque estamos na cola do Estado. Xa llo dixemos no debate anterior: Galiza está no vergoñento e último posto da protección dos espazos naturais e da Rede Natura no Estado, co doce por cento do territorio protexido; é unha auténtica vergoña.

E, ¿cal é a razón desta situación? Pois é unha decisión política. O Partido Popular, o señor Feijóo primeiro e, despois, o señor Rueda, mandaron parar a ampliación da Rede Natura, esa rede de espazos protexidos, por uns intereses concretos diso poderíamos chamar «a tripla alianza extractiva»; tripla alianza extractiva formada polas empresas pasteiras, polas empresas eólicas e polas empresas mineiras. E, para poñer nomes, podemos falar, por exemplo, de Ence, de Altri, de Iberdrola, de Naturgy, de Greenalia —que de verde non ten nada—, ou agora, das empresas mineiras. Isto resumidamente ten un nome: son as empresas das portas xiratorias, as empresas dos abrazos co Partido Popular, as empresas do capitalismo de amiguetes que practica o Partido Popular na Xunta de Galiza.

Vostedes tomaron unha decisión xa hai quince anos, que foi non ampliar un só metro cadrado de protección ambiental mentres non se implantasen todos estes proxectos extractivos da industria extractiva que vostedes favorecen. E non é que vostedes non queiran, a verdade, protexer; é que non lles deixan, non lles deixan. ¿Quen de verdade manda neste país? Xa sabemos todos quen son.



A vostedes hai que recoñecerlles, en todo caso, a inventiva, porque algunha creatividade, ás veces, teñen. Vostedes, que inventan a cuadratura do círculo, agora inventaron a Galiza sustentábel; a Galiza verde e sustentábel; a Galiza na cal, nunha absoluta perversión da linguaxe, Ence é sustentantábel e Altri é sustentábel porque fan bio-fábricas. E agora inventaron, nada máis e nada menos, a minaría sustentábel; e anúnciannos a ecomina de Touro. Así é como tratan vostedes o río Ulla e a ría de Arousa; pero que quede claro que non llelo imos permitir. (*Aplausos.*)

Na súa voracidade de regulatoria non hai límites, e vostedes practican unha especie de bricolaxe lexislativa; van cambiando as leis, segundo lles van dando ordes nesas portas xiratorias e, como son insaciábeis, xa non chega con iso, é dicir, con todas as simplificacións legais, pois agora inventan unha nova lei de simplificación da tramitación ambiental, que anunciaron onte no Consello da Xunta. O señor Rueda explicou moi ben na rolda de prensa e na nota de prensa para que é esta lei. Fíxense: «é para previr ou minimizar a proliferación de conflitos xudiciais interpretativos»; é dicir, é unha lei anti-TSX. Esta é a función principal desta lei: intentar anular a enxurrada de sentenzas xudiciais contrarias á depredación do Partido Popular. Mentres outros utilizan a motoserpa, vostedes teñen o seu propio método: vostedes utilizan moito a rebarbadora lexislativa e tamén, cando fai falta, sacan os *bulldozer*. E isto o saben ben na Serra do Oribio, onde pegaron unha boa pasada de *bulldozers*. Por certo, é territorio da Rede Natura; non nos cansaremos de repetilo.

E fíxense vostedes que non teñen límites nesta voracidade que mesmo actúan en desobediencia ao que di a Comisión Europea. Vostedes, o 2 de febreiro do ano 2012, publicaron no *DOG* unha proposta de ampliación da Rede Natura, que supoñía ampliála en 147.000 hectáreas ata chegar, máis ou menos, ao quince por cento do territorio. E nese *DOG* poñían o seguinte: «Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión Europea das decisións do 2004 e 2006, sobre a ampliación da Rede Natura, é urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión». Isto dicíano en xaneiro do ano 2012: «é urxente ampliar a Rede Natura»; pasaron doce anos e estamos exactamente igual, isto é, na desprotección absoluta do Partido Popular. Así é como tratan vostedes a Rede Natura os espazos protexidos. E agora, que pasaron doce anos, xa non chega con ampliar a Rede Natura —que xa dixo a Unión Europea que era insuficiente—; hai que aprobar a Estratexia de estrutura verde e hai que aprobar tamén os plans das especies ameazadas, e vostedes seguen na parálise e na desobediencia porque vostedes non son o Goberno deste país; vostedes son unha xestoría ao servizo das multinacionais que espolian os recursos do noso país.

E, por iso, traemos aquí cinco propostas concretas que son razoábeis, que son viábeis, que están ao abeiro de toda a normativa europea, tamén estatal e galega, para mellorar a protección da natureza e da biodiversidade.

E imos tamén aceptar a proposta, que fai o Partido Socialista, de engadir un punto máis, o sexto. A iniciativa destas cinco medidas ten como obxectivo acabar coa desprotección e coa destrución dese gran capital natural que ten o noso país para poñer en marcha medidas a favor da nosa terra, do medio, das especies e, sobre todo, da especie máis valiosa que hai sobre a face deste país, de Galiza, que é a especie humana.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda do Grupo Parlamentario do Partido Socialista, porque emenda.

Ten a palabra dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Nós, o Grupo Socialista, imos votar a favor desta moción. Compartimos o peticiónado ata o punto de que coincidimos en moitos puntos, con peticións que nós temos aquí rexistradas tamén neste Parlamento, e agradecemos a aceptación da emenda de engádega a esta moción por parte do Partido Socialista.

En primeiro lugar, tamén nós temos que falar da falla de compromiso do Goberno galego, do Partido Popular, coa conservación do noso territorio e da nosa biodiversidade. Cando falamos de temas medioambientais sempre insisto no mesmo, é dicir, o Goberno da Xunta limítase a escribir compromisos no papel, pero despois non cumpre, senón que se limita —como dicía o outro día— a facer que fai, algo que moito lle gusta. Xa non só incumpren eses compromisos exixibles pola Unión Europea ou polo Estado —eses xa nin aspiramos a pedírllelos—, senón que incumpren eses compromisos máis raquíuticos que eles mesmos fixan nos seus plans, nas súas estratexias e nas súas leis. Eses tampouco os cumpren, e, para mostra, un botón e, en materia medioambiental, podíamos falar de moitos botóns.

Pero aquí, centrándonos no tema que debatemos hoxe, podemos falar desa Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, que foi aprobada con moita polémica pola súa tramitación exprés, pola ausencia de consenso coas asociacións do eido ambiental, polas moitas eivas que contiña, como a exclusión das rías, pola ausencia de planificación na protección e na conservación das especies ameazadas ou pola carencia de compromiso orzamentario. A pesar de que esta lei recolle compromisos medioambientais mínimos, tampouco os están a cumprir. Sería bo, tamén, recordarlle ao Goberno galego o artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, ese do que tanto falaba antes o voceiro do Partido Popular e que lle atribúe a competencia exclusiva en materia de normas adicionais —di— sobre a protección do medio.

Se falamos da Rede Natura, a rede de espazos naturais protexidos en Galicia, todos sabemos que carece de obxectivos e de liñas de actuación concretas e que carece dunha programación e de indicadores de seguimento equiparables aos que si que existen noutros territorios do noso país. A nosa rede galega limítase a unha imaxe institucional. Galicia está no vagón de cola no referente á política medioambiental —como dicía—, e unha das principais razóns —e que non podemos deixar de recalcar aquí— é a decisión —da que falaba o señor Bará— tomada polo Goberno do Partido Popular no ano 2011, e vixente ata a actualidade, de conxelar



a ampliación da Rede Natura. O Partido Popular, a pesar de que quere seguir enganando, ten unha decisión tomada, por motivos que xa todos coñecemos, que é esa decisión de conxelar a ampliación, a pesar de que o comprometera no ano 2012, no ano 2017 ou incluso no ano 2021, votando a favor neste pleno dunha proposición non de lei que presentara o Grupo Socialista solicitando esta ampliación. Isto é o que fai que esteamos á cola do territorio español e que sexamos a comunidade autónoma con menos territorio de Rede Natura.

Dende o Grupo Socialista estamos moi preocupados por este tema, ata o punto de que o noso compañeiro parlamentario europeo, Nicolás Casares, deputado socialista galego no Parlamento Europeo —e lémbrollelo porque ás veces parece que só temos unha deputada galega alí no Parlamento—, trasladou isto a Bruxelas no ano 2022. A resposta do comisario de Medio Ambiente dicía que a Xunta de Galicia incumpría a lexislación europea en materia de espazos protexidos e que o Plan director da Rede Natura era insuficiente para garantir —dicía— a correcta xestión e protección deste espazo e dos seus ecosistemas naturais. A maiores, dicía que non cumpría os requisitos da Directiva de hábitats con respecto ás sesenta e cinco zonas de especial conservación de Galicia e anunciaba que seguiría adiante co procedemento de infracción polos incumprimentos que observara nalgúns comunidades autónomas, entre elas Galicia.

Pois ben, se a superficie de espazos naturais protexidos é moi reducida, comparado —como dicía— coa doutras comunidades autónomas, pois xa non falemos das áreas mariñas protexidas e das continentais, porque aquí é que nin acadan os valores mínimos que exige o Plan estratéxico para a diversidade biolóxica. A iso temos que sumar tamén o estado deficiente de conservación dos hábitats e das especies da flora e da fauna, como mostraron en varias ocasións informes da Axencia Europea de Medio Ambiente. ¿E iso a que se debe? Como dicía tamén o voceiro do BNG, débese á ausencia de plans de xestión e de conservación deses espazos naturais —dicía—, como obriga a Unión Europea. Polo tanto, o estado de conservación dos hábitats é clave e, en Galicia, a perda de hábitats prioritarios e de interese comunitario é crecente. Isto débese ao incumprimento desa Directiva de hábitat, como establecen as leis estatais e autonómicas.

Logo podemos falar tamén doutros aspectos adversos que contribúen a isto, como poden ser os incendios forestais —como xa manifestou a miña compañeira Carmen Dacosta en varias ocasións—; a excesiva eucaliptización, cun goberno incapaz de poñer en práctica políticas de conservación, por exemplo, do noso bosque atlántico; o descontrol das actividades de uso público; e outras moitas razóns como, por exemplo, a introdución de especies exóticas invasoras, que é outra causa que crea un perigo grave, porque non existe na actualidade un catálogo oficial e actualizado —o último é do ano 2007—, que o que ocasiona é que non haxa unha estratexia efectiva para o control, a mitigación e a erradicación destas especies exóticas. Esta fin de semana denunciaba a miña compañeira Lara Méndez o que está a pasar coa *Vespa velutina*.

Por outro lado, a Unión Internacional para a Conservación da Natureza, que é unha autoridade mundial en materia de conservación e de salvagarda do medio ambiente, publica dende o ano 1964 a denominada *Lista roja de especies amenazadas*. No último informe do ano pasado manifestaba que en Galicia había 71 especies ameazadas. Pois ben, esta cantidade e estas



especies concordaban unicamente no 16,9 por cento co Catálogo galego; polo tanto, o 83,1 por cento das especies non estaban recoñecidas aínda en Galicia. Podemos falar tamén dos humidais, que teñen un estado de conservación totalmente desfavorable, ou da perda de núcleos poboacionais de especies protexidas, que non están incluídos nese Catálogo de especies ameazadas e que están moitas ao bordo da extinción.

Por último, falaba da lexislación o voceiro do BNG, e a min gustárame falar aquí desa Lei de restauración da natureza da Unión Europea; unha lei que, ademais, foi recentemente aprobada e que só está pendente de publicación. Pois esta lei obriga a rexenerar os ecosistemas degradados dos diferentes territorios dos estados membros e pon uns obxectivos: para o 2030, por exemplo, é o 30 por cento dos hábitats, para o 2040, o 60 por cento e para o 2050, o 90 por cento, e prioriza as zonas de Rede Natura. ¿Que vai facer o Goberno galego para cumprir esta lei? Porque estamos moi lonxe. Ademais, non votaron a favor desta Lei de restauración da natureza da Unión Europea no Parlamento nin o BNG nin o Partido Popular, a pesar de que é unha lei que pretende restaurar todos eses ecosistemas existentes nos diferentes estados membros.

Tiñamos unha oportunidade cos fondos europeos, pero non se cumpriu para nada, e existe unha opacidade total en relación a eles. Por iso plantexamos esta moción, esta iniciativa, en aras da boa gobernanza que debe rexer a Administración pública: transparencia e acceso á información pública.

Agradecemos que se teña en conta por parte do BNG, porque, realmente, que destas actividades desenvolvidas pola Xunta de Galicia veñan darnos traslado e conta no Parlamento e que poidamos ter acceso a elas, mellora —como dicía— esa boa gobernanza á que é necesario aspirar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Agora si, ten a quenda o Grupo Mixto, pero trasládame o señor Ojea que renuncia a intervir.

Pasamos ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes, señorías.

Permítanme que empece polo final, porque a verdade é que escoitar dunha representante do Partido Socialista falar de bo goberno e de transparencia parece, cando menos, unha broma, xa que é o mesmo partido que é protagonista na prensa —ou que está acaparando os titulares de prensa destes días— polo caso dos ERE, polo que está a facer co Constitucional, por Ábalos, polos indultos, pola amnistía, por Tezanos e por ser o partido que leva cinco anos —se non me equivoco— sen facer o Debate do Estado da Nación. Polo tanto, que veña aquí darnos algunha lección de bo goberno e de transparencia paréceme, cando menos, unha broma.



Pero é que, ademais, que o mesmo partido que leva décadas boicoteando o Plan de xestión do parque natural das Fragas do Eume fale de protexer o noso patrimonio natural si que é xa unha bufonada. Pero sigan, señorías do Partido Socialista, boicoteando e sigan vostedes pagando autobuses para boicotear o parque natural, que por moito discurso bonito, por moitas boas palabras que vostedes teñan aquí nesta Cámara, ninguén os vai crer. Porque o que pasa coa protección do noso patrimonio natural e da nosa diversidade é que vostedes teñen un discurso aquí e outro discurso cando saen do Parlamento. Aquí piden a máxima protección para todo o territorio, pero fóra póñense detrás da pancarta. Aquí traen moitas mocións como esta, pero fóra levan moita pancarta, moitos boicots e moitos autobuses contra o noso patrimonio.

Pero se mala é a hipocrisía do Partido Socialista, a do Bloque Nacionalista non é mellor. Para o Bloque Nacionalista a protección do noso patrimonio natural e da biodiversidade é só unha ferramenta máis para opoñerse a todo aquilo que poida crear emprego e riqueza en Galicia. Vostedes só entenden o medio ambiente se este serve para a confrontación e para xerar problemas. Non son capaces, non se lles ocorre. Para vostedes non hai ningunha posibilidade de que a protección do noso patrimonio natural sexa compatible coa gandaría, coa nosa pesca, coa actividade económica, co turismo e, en definitiva, coa nosa presenza no territorio. Ese é o problema que ten o Bloque Nacionalista Galego.

Pera da mesma forma que o Bloque negacionista, como dicía hoxe o noso portavoz, non se cansa de dicir «non», de opoñerse a todo por sistema, de organizar plataformas en todos os concellos de Galicia —dá igual contra o que sexa, aí estarán os do Bloque detrás desas plataformas— ou de organizar campañas de desinformación e de manipulación, nós non podemos cansarnos de defender os intereses dos galegos; esa é a nosa gran responsabilidade. Defender os intereses dos galegos pasa por defender unha forma propia de facer política que estea baseada no diálogo cos galegos e que faga que a protección do medio ambiente vaia da man do crecemento económico.

Do Partido Socialista non esperamos nada —como dicíamos antes—, vímolos co tema do lobo, vímolos coa Lei do litoral e estamos a velo agora coa AP-9 ou tamén, por exemplo, co debate do financiamento. Pero do nacionalismo galego esperabamos que recoñecese, polo menos, a nosa propia singularidade, a singularidade de Galicia, pero non o fai. Vostedes piden aquí unha porcentaxe, o vinte por cento, seiscentas mil hectáreas, case o cen por cento da provincia da Coruña, da provincia ourensá, ou da provincia de Pontevedra, e algunha outra comarca dalgunha doutra provincia, sen coñecer e sen representar ou sen identificar a nosa particularidade. Piden porcentaxes propias doutros lugares sen ter en conta o noso territorio. ¿Realmente o Bloque Nacionalista cre que a realidade galega é a mesma que a de Castela e León, que a de Madrid ou que a de Murcia? Porque vostedes o que están a pedir é que se apliquen aquí as mesmas medidas e as mesmas porcentaxes que se están a aplicar nas outras comunidades.

A pesar do seu discurso, señor Bará, doulle un dato: estamos na media das rexións atlánticas, e nas rexións atlánticas a protección a través da figura da Rede Natura está entre o dez e o quince por cento. Ademais, Galicia conta cun alto nivel de protección da nosa diversidade, xa que o corenta e dous por cento do noso territorio está amparado por algunha figura de



protección. Temos seis parques naturais e un parque nacional, sete reservas da biosfera, seis humidais protexidos, oito monumentos naturais, dúas paisaxes protexidas, doce ENIL e dous EPIN, cincuenta e nove zonas de especial conservación, dezaseis zonas de especial protección para as aves e dous xeparques mundiais. En total, o corenta e dous por cento do noso territorio ten algunha figura de protección. *(Aplausos.)*

Señorías, seguiremos comprometidos coa Rede Natura, coa posta en valor dos nosos espazos e coas iniciativas que buscan mellorar a súa protección. Este é un compromiso que, ademais, se reflicte nos orzamentos. Os próximos anos mobilizamos máis de setenta millóns de euros de investimento nos parques naturais e no parque nacional. Tamén hai vinte e seis millóns de fondos europeos comprometidos para actuacións para a conservación da biodiversidade e a restauración de ecosistemas na Rede Natura. Ou, como ben recordou aquí a conselleira, só neste ano se van convocar axudas por máis de seis millóns de euros a través de tres ordes que teñen o obxectivo común de contribuír a preservar os espazos naturais galegos amparados baixo algunha desas figuras, e destaco as de Rede Natura, as dos parques naturais e as de reservas da biosfera.

Xunto a iso, por suposto, contamos cun marco normativo completo e actualizado. Permítame, señora Castro, que, como ponente desa Lei de patrimonio natural, que esteamos un pouco orgullosos dese traballo que fixemos e que está plenamente vixente, que ten como principal expoñente —dicía— esta lei e tamén o Plan director da Rede Natura, sendo este último documento o instrumento de planificación de todos estes espazos naturais protexidos da nosa comunidade.

En relación co marco normativo, non me quero esquecer da Lei de ordenación e xestión integral do litoral, unha norma que vostedes non apoiaron nesta Cámara e que está sendo exemplo a seguir polo resto de comunidades; están a vir a Galicia a preguntar como fixemos, porque saben que fixemos o correcto. *(Aplausos.)*

Perderon vostedes, señoría, a oportunidade de instalar un texto no que, entre outras moitas cuestións, os espazos naturais protexidos, tanto terrestres como marítimos, se atopan encadrados na zona de máxima protección, na denominada zona APA, que inclúe os terreos da costa que teñan características naturais singulares e valores ambientais excepcionais e que deben ser especialmente protexidos e preservados do proceso urbanizador ou calquera outro que poida alterar as súas condicións.

Polo tanto, señorías, creo que hai unha forma de protexer a nosa biodiversidade, que hai unha forma de protexer o noso patrimonio natural, unha forma propia que podemos facer dende Galicia, con vehículos de protección, con figuras de protección que se adaptan á nosa presenza no territorio, que respecta a nosa relación co territorio, a nosa gandaría, a nosa pesca, a nosa actividade económica, e que ademais nos permite, por suposto, como dicía, conservar o noso patrimonio natural.

Señorías, xa para rematar, seguiremos traballando para conservar e protexer a Rede Natura, seguiremos avanzando na protección dunha riqueza natural que fai a Galicia única no mundo, por moito que lles pese.



E máis nada e grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Trenor, por un momento pensei que estaba vostede facendo méritos para presentar o Telexornal, porque van acabar contratándoo despois deste despre- que que fixo de louvanzas ao Goberno do Partido Popular, que é no que consisten os tele- xornais do Partido Popular.

Pois mire, vostede, ademais, ten un gran mérito despois da súa intervención. É que conse- guiu non falar absolutamente nada de ningunha das propostas que trae o BNG nesta moción, foi incapaz de rebater ningunha, (*Aplausos.*) e, ademais, dando datos que non están na nosa moción, porque nós en ningún momento —e pódolle dar unha copia, se non a ten, señor Trenor—, non falamos aquí de nada do 20 por cento do territorio. ¿De onde sacou ese dato? Non está nesta iniciativa.

Nesta iniciativa, por certo, limitámonos a recoller grande parte das propostas que vostedes mandaron —facendo trampas, coma sempre— á Comisión Europea no marco da acción prioritaria da Rede Natura. Están aquí (*O señor Bará Torres mostra un documento.*): a protección das turbeiras, a protección das matogueiras, a aprobación da infraestrutura verde, a apro- bación de corenta e cinco plans de protección de especies ameazadas. Señor Trenor, ¿que problema hai para aprobar esas medidas? Non foi capaz vostede de dar ningún dato en contra destas propostas.

E miren, despois veñen aquí facer trampas ao solitario, dicindo que Galiza ten protexido o 42 por cento do territorio. Pero é que non lle cremos estas bólas, señor Trenor, porque vos- tedes inclúen aquí as reservas da biosfera, e xa lles dixen no anterior debate á conselleira que a reserva da biosfera non é unha figura de protección ambiental.

Voulle dar un dato. ¿Sabe canto territorio da provincia de Lugo está protexido por redes da biosfera? O 84,3 por cento. ¿E sabe para que son estas reserva da biosfera? É a reserva de biosfera de plantación de eucaliptos *nitens*, é a reserva de biosfera dos proxectos eólicos de- predadores, é a reserva da biosfera para poñer unha megacelulosa contaminante. Para iso é a reserva da biosfera, para iso serve protexer o 84 por cento do territorio de Lugo. Así que nada de nada.

E despois vostede tamén cometeu un desliz, que é facendo esta contraposición entre em- prego e patrimonio natural. Todo ao contrario: nós viñemos dicir aquí que o patrimonio na- tural é un activo para xerar emprego. E iso demostra, ademais, se quere ir por alí, a Comunidade de Asturias, que ten protexido o 27 por cento do territorio, que é un exemplo de utilización dos espazos naturais como un elemento de reactivación e dinamización e de atracción económica. Viaxen un pouco máis e copien un pouco máis de comunidades como a de Asturias.



E miren, xa para rematar. Hai dous mil anos os romanos, que non eran parvos e sabían a riqueza que tiña o noso país e o ouro que había aquí, trouxeron aquí un sistema que lle chamaban *ruina montium*, para explotar a riqueza aurífera do territorio; quedan aí as Médulas para atestigualo. Pois vostedes, dous mil anos despois, utilizan o mesmo sistema: destrozaron os montes galegos para espremer a súa riqueza natural e a súa riqueza mineral.

E o BNG desde logo ten outra proposta. Somos o Goberno alternativo, temos unha proposta en positivo para o país, para desenvolver todo o seu potencial, toda a súa riqueza, e nesa riqueza tamén está o seu inmenso patrimonio natural.

E por iso, como vostedes non o fan, seguiremos traendo aquí estas propostas en defensa do país e da súa xente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a, a través das liñas de axuda convocadas anualmente pola Consellería de Política Social e Igualdade, apoiar aos concellos galegos para que, no ámbito das súas competencias, impulsen programas de conciliación para as familias (madrugadores escolares, servizos de aula matinal e almorzo)».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes, presidente.

Deputados e deputadas.

Os datos do Instituto Galego de Estatística revelan que Galicia leva desde o ano 1988 nunha senda de balance negativo na poboación; é dicir, máis mortes que nacementos, chegando no ano 2022 a 20.000 mortes máis que os nacementos que tivemos ese ano. Ademais, desde o ano 1975, cando empeza a serie estatística, había en Galicia máis de 43.000 nacementos; nos últimos tres anos, o 2021, 2022 e 2023, non chegan a 15.000. Temos, por tanto, un im-



portante problema de natalidade, e o recoñecemento da existencia deste problema é o que levou a este Parlamento a impulsar no ano 2021 unha Lei de impulso demográfico de Galicia.

Na sociedade actual, e por sorte, é cada vez máis frecuente que ambos os proxenitores, ademais da existencia de familias monoparentais, accedan ao mercado laboral. Estas situacións complican a conciliación laboral coa escolarización dos nosos nenos e nenas, sobre todo os de curta idade, e a actividade laboral dos pais cando non dispoñen dunha rede de familiar de apoio que permita a conciliación dos horarios da escola e do traballo.

A existencia nos centros educativos do servizo de comedor, transporte escolar e incluso de actividades extraescolares é elemento importantísimo que posibilita esta conciliación. A existencia destes servizos moitas veces diferenza a rede pública da rede da concertada, que dispón maioritariamente destes servizos, e tamén en moitas ocasións a rede de centros do rural da das cidades.

Outros servizos que cada vez teñen maior importancia para o acceso á escolarización dos nosos nenos e nenas na rede pública de Galicia, sobre todo en zonas de alta actividade industrial que comezan o seu horario antes do horario escolar, son os servizos de madrugadores. Os programas de madrugadores escolares son servizos de conciliación da vida laboral e familiar, pero tamén de apoio á escolarización, que xa existen en moitos centros educativos da nosa Comunidade Autónoma.

Na actualidade a Xunta de Galicia e os regulamentos en materia de servizos complementarios educativos recoñecen como tales servizos os servizos de comedor e de transporte escolar. Estes servizos de apoio á escolarización deben de asumir a realidade dos tempos actuais e definirse como servizos esenciais de apoio á conciliación e á escolarización. A súa existencia debe de interiorizarse en todos os centros de ensino público da Comunidade onde sexan necesarios, como xa se vén facendo coas actividades extraescolares e de reforzo, que son financiadas pola Xunta de Galicia.

A Lei de impulso demográfico de Galicia establece como medidas de conciliación na educación de 0 a 3 anos os servizos de atención aos nenos e nenas previos ao inicio da xornada lectiva, pero esquécese da educación infantil de segundo ciclo e do resto das etapas educativas. Que haxa escolas infantís de 0 a 3 anos e políticas públicas de conciliación permiten que as mulleres, as que maioritariamente asumen esas tarefas de coidado, poidan exercer todos e cada un dos seus dereitos e non soamente poder conciliar a vida laboral coa vida familiar. Por isto o Goberno central transferiu á Xunta de Galicia, no ano 2024, 37 millóns de euros dos fondos Next Generation para reforzar a escolarización de nenos e nenas entre 0 e 3 anos.

O artigo 80 da LOE dispón a habilitación competencial a estas comunidades autónomas a realizar as políticas de compensación en prol da igualdade de oportunidades e, así mesmo, o artigo 112.5 dispón que as administracións educativas potenciarán que os centros públicos poidan ofrecer actividades e servizos complementarios, co fin de ampliar a súa oferta educativa e atender así ás novas demandas sociais.



Está claro que para que a conciliación sexa posible se require que os servizos dispoñibles nos centros educativos continúen nas distintas etapas e non só na etapa de 0 a 3. Este servizo debe continuar en etapas sucesivas de infantil e primaria, xa plenamente educativas.

Estes servizos, cando existen nos centros educativos da nosa Comunidade, son xestionados polas ANPA maioritariamente ou os concellos, sen a supervisión, a implicación e o apoio da Consellería de Educación. É unha situación precaria ao non estaren recoñecidos dentro da propia normativa regulamentaria da Xunta de Galicia, o que implica unha precarización aínda maior que a xestión dos propios servizos de comedor escolar.

Esta situación agrávase cando os concellos non dispoñen dos recursos para manter estes servizos complementarios, fundamentais para posibilitar a conciliación e facer fronte ao reto demográfico, mantendo o programa de madrugadores, que continúa a depender das asociacións de pais e nais, sendo un problema para o mantemento e a supervivencia en condicións adecuadas deste servizo.

Os concellos sós non poden facerse cargo deste servizo, sobre todo os concellos cun número importante de nenos e nenas en familias nas que ambos os proxenitores traballan e que teñen pequeno tamaño, para os que manter este servizo é un problema. Pero tamén as ANPA non poden facer fronte á complexidade de xestión e sostén destes servizos.

A Fegamp indica que os programas de madrugadores están incorporados dentro dos traballos da Comisión técnica para a delimitación de competencias entre as administracións locais e as autonómicas, para estudar aquelas competencias que teñen que ser asumidas pola Xunta de Galicia. Trátase dunha competencia non exclusiva dos concellos. Por iso algún concello pode facer fronte e así o presta. Pero a Xunta de Galicia non pode ampararse nesa condición para desatender este servizo. A Lei de impulso demográfico —xa comentada— de Galicia establece que as administracións públicas, todas as administracións públicas de Galicia, promoverán a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, e que os coidados das fillas e fillos é tanto un dereito como unha responsabilidade dos poderes públicos.

A propia lei establece o mecanismo de coordinación: a Comisión para o Impulso Democrático..., perdón, Demográfico —Democrático por agora, imos ben—, que se define como o órgano de colaboración e cooperación da Administración autonómica, concellos, deputacións e autoridade autonómica, que ten como funcións promover sistemas de cooperación e coordinación das políticas públicas de impulso demográfico e elaborar e aprobar a estratexia demográfica para o conxunto das administracións de Galicia.

E non pode a Xunta de Galicia escudarse na recente reforma da Lei de educación do Goberno central, que marca mínimos para o Goberno da Xunta, pero este ten capacidade e competencias para establecer outros servizos complementarios ademais dos que figuran na lei estatal, como así fan outras autonomías.

O Goberno da Xunta ten os instrumentos e incluso ten a posibilidade de establecer unha programación do proceso para asumilos, como fixo no caso dos comedores escolares. O que falta é vontade. Pedímoslles que a teñan.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia pedimos aos grupos parlamentarios que apoiem a nosa proposición, para que a Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, implante os madrugadores como servizo educativo complementario naqueles centros que o precisen, coas características indicadas na moción presentada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Suárez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Permítanme que saúde, en primeiro lugar, os galegos e as galegas, especialmente os meus veciños e veciñas de Betanzos.

O 1 de decembro do ano 2022 debatíase neste hemiciclo unha proposición non de lei practicamente igual que a que o Grupo Parlamentario Socialista reitera hoxe; e digo practicamente igual, porque é practicamente igual.

Hoxe falan de programas de fomento da conciliación nos centros educativos onde hai quince días falaban de servizos complementarios educativos; é certo que algo mudaron; debeu de ser tras escoitar a resposta do señor conselleiro de Educación á súa interpelación hai quince días.

Tamén é certo que seguen a mesturar ambos os servizos, así como as administracións titulares das competencias. Supoño que será por descoñecemento e non por mala fe. Por iso tratarei de volver explicalo da forma máis clara e concisa posible.

¿Que son os servizos complementarios educativos? Son aqueles que establece unha lei orgánica. E son dous: o transporte escolar e o comedor escolar. Estes dous servizos foron deseñados para garantir a prestación do servizo educativo, foron e son instrumentos de compensación para salvagardar as dificultades de acceso ao ensino público, motivado fundamentalmente pola dispersión xeográfica.

Se falamos de servizos complementarios en educación, en Galicia podemos dicir que somos líderes no conxunto de España. *(Aplausos.)* Estes servizos, o transporte e o comedor, foron garante e garantía de integración, de equidade e de igualdade, de igualdade de dereitos de todos os alumnos e todas as alumnas. Todos sabemos a transcendencia que ten o transporte escolar para achegar as aulas aos case oitenta mil alumnos e alumnas que viven dun xeito disperso en Galicia. Temos o sistema de transporte escolar máis importante do Estado, sen dúbida ningunha, absolutamente gratuíto para as familias; beneficia o 40 por cento do alumnado de ensino obrigatorio, con máis de tres mil rutas. O mesmo podemos dicir sobre os comedores escolares; somos a primeira comunidade autónoma de España en canto ao servizo



de comedor escolar, con oitenta mil alumnos e alumnas aproximadamente, servizo que é prestado pola Xunta, as ANPA e os concellos.

Estamos ante un dos servizos máis xustos e accesibles, que axuda a quen máis o precisa, no que aproximadamente o 80 por cento dos usuarios e usuarias pagan entre cero e un euro.

En todo caso, hai que deixar moi claro, e é clave neste asunto, que os servizos educativos complementarios non poden confundirse nin son servizos de conciliación. Por suposto, estamos de acordo na importancia que teñen os servizos de conciliación, que, por certo, son de competencia municipal. Son servizos que están pensados para apoiar as familias, para facilitarlles a vida ás familias e compatibilizar horarios, non son complementarios e teñen unha finalidade diferente.

Os servizos aos que aquí se fai alusión (madrugadores, aulas matinais e almozos) exceden por completo o ámbito educativo, préstanse en infraestruturas educativas, pero non son garantes da escolarización, e esa é unha diferenza clave. En todo caso, isto non quere dicir lóxicamente que non haxa un apoio á conciliación, e, de feito, o Goberno autonómico, a través de diferentes consellerías (a de Emprego e de Política Social, Cultura e Presidencia), adica arredor de 14 millóns de euros a cofinanciar diferentes programas de madrugadores, de flexibilidade horaria, de conciliación para autónomos, diferentes programas que van orientados basicamente a favorecer a conciliación e o fomento da corresponsabilidade neste ámbito; digo e repito: 14 millóns de euros.

Por poñer un exemplo, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, convoca anualmente tres liñas de axudas de apoio ás medidas de conciliación: ás entidades locais, 6 millóns de euros en 2024; ás ANPA, 550.000 euros, tamén neste ano; e ás entidades de iniciativa social, 500.000 euros.

Neste sentido, son os concellos os que deciden que programas presentan para acceder a estas liñas de axudas, nas que tamén estarán incluídos os servizos de conciliación nos centros educativos, e insisto en que son de competencia municipal.

Vostedes afirman que os concellos non dispoñen de competencia nin recursos para desenvolver estes servizos, e isto é falso; os concellos teñen plena autonomía para poñelos en marcha; de feito, así o fan, e fano porque estamos ante os servizos máis vencellados ao ámbito social.

Podemos observar unha certa contradición no que vostedes din aquí neste hemiciclo e no que están plantexando nalgúns concellos. En Narón, en Compostela, vostedes fixeron mocións, neste caso aos grupos de goberno deses concellos, pedindo servizos de madrugadores e dicindo especificamente que son servizos municipais, tanto no ámbito do concello de Santiago como no ámbito do concello de Narón, que vostede por certo citou.

Vostedes din claramente que son servizos municipais. Piden e reclaman a xestión directa por parte do concello dos servizos de madrugadores e dalgún piden incluso a creación dun servizo municipal de conciliación. Claramente estalles dicindo e pedindo aos concellos —vostedes



como oposición nesas concellos — que sexan os que asuman ese servizo. Entón, eu preguntome: ¿en que quedamos? Os seus compañeiros nos concellos piden que sexan servizos municipais e pídenllo aos alcaldes e aquí pídenllo á Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Se o Partido Socialista entendese que estes servizos de conciliación deberían ser servizos educativos complementarios, hai moi pouco tempo tiveron a oportunidade de modificalos, de metelos así na propia lexislación orgánica, e non o fixeron.

Miren, esta é unha iniciativa caducada, na que xa nin de acordo se poñen vostedes, e por iso nós presentamos a seguinte emenda de substitución: o Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia, a través das liñas de axuda convocadas anualmente pola Consellería de Política Social e Igualdade, a apoiar os concellos galegos para que, no ámbito das súas competencias, impulsen programas de conciliación para as familias (madrugadores escolares, servizos de aula matinal e almorzo).

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Boa tarde. Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Din que non hai peor cego que o que mirou a realidade e decidiu pechar os ollos; é inútil explicar tamén cando o outro decidiu non entender; ou hai unha terceira frase que tamén di: «estúpido é saber a verdade, mirar a verdade, pero seguir crendo as mentiras.» Ben, estas son frases que reflicten a intervención do conselleiro de Educación, o señor Román Rodríguez, no pasado pleno, na interpelación que xerou precisamente esta moción, e á que hoxe tamén se suma a señora Vázquez cos mesmos argumentos; evidentemente, non teñen outros.

E, pola miña parte, dende logo, non vou caer dentro da última destas frases. E se as súas señorías do Partido Popular queren mirar de fronte a verdade e esconder logo a cabeza, como as aves-truces, pois adiante, porque hai que esconderse para crer o que tan firmemente asegura o conselleiro, e hoxe a señora deputada, hai apenas dúas semanas, onde nomeaba a normativa estatal, que di que os servizos complementarios son competencia da Xunta de Galiza, evidentemente, engadindo que os de conciliación terían que ser asumidos polos concellos e ademais que isto debe ser regulado cunha lei orgánica, no que vostede tamén insistiu. Pois nada máis lonxe.

Pois se falamos disto, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu preámbulo, como un dos principios fundamentais, a exixencia de proporcionar unha educación de calidade para todas, para todas, ao tempo que debe garantir a igualdade efectiva de oportunidades, prestando así os apoios necesarios.

Non especifica nin cales son nin cantos, pero sobre todo non é excluín-te nin pechada a novos posibles servizos. Esta normativa aínda permanece en vigor na actualidade. Neste



século a nosa sociedade pois ten evolucionado na convicción de que é preciso mellorar a calidade da educación —todos estaremos de acordo niso—, pero tamén que ese beneficio debe chegar a todas as persoas sen exclusións de ningún tipo. Os servizos de transporte escolar, de comedor e de aula matinal, dado o seu carácter complementario e compensatorio, contribúen a garantir o exercicio, o dereito á educación de todo o alumnado en condicións de equidade.

A este respecto, se lembramos a intervención do conselleiro, dicía que Galiza pois estaba á fronte do resto das comunidades autónomas do Estado polo maior gasto nos servizos tanto de transporte escolar como de comedor. Iso é normal se pensamos na dispersión xeográfica que temos na maior parte do noso territorio, que é fundamentalmente rural. Está claro que se queremos que as nosas nenas e nenos poidan asistir aos centros educativos tendo en conta os horarios laborais das súas nais e pais, pois debemos facilitar eses servizos.

Por outra banda, os cambios acaecidos na sociedade e no propio sistema educativo e a realidade actual galega conlevan unha crecente demanda á Administración educativa de actuacións tendentes a posibilitar a conciliación da vida laboral coa familiar, facilitando así a incorporación tanto de homes como de mulleres ao mundo do traballo en igualdade de condicións. A última enquisa de poboación activa, de 2024, que marca o INE, di que o 14,27 por cento das persoas están inactivas, así como 158.200 persoas en toda Galiza, e son pola súa dedicación aos labores domésticos e coidados a menores; o 89 por cento desta cantidade de persoas son mulleres, unha cifra moi significativa, e o 11 por cento son homes. Polo tanto, é necesario tomar medidas para que estas persoas, sobre todo as mulleres, poidan incorporarse ao mercado laboral.

Non podemos manter unha situación de agravio comparativo entre as familias dos 113 concellos que asumen a xestión deste servizo con aquelas doutros concellos que non o fan, por distintos motivos. E eses 14 millóns de euros dos que falaba a señora Vázquez, e que tamén recordou hai dúas semanas o señor Rodríguez, que dixo que investían en conciliación a través de distintas axudas, pois ben podían servir aquí de impulso para a creación das prazas que son necesarias en todos, en todos os centros educativos onde hai demanda e onde son precisas, incluso con copago, como acontece por exemplo co servizo de comedor escolar; neste momento ninguén exige que este servizo vaia ser de balde.

Así que non deben pechar os ollos. Regulen esta necesidade básica coa finalidade de adecuala ao marco normativo estatal e ás necesidades concretas das familias galegas, así como ás características específicas do sistema educativo do noso país, especialmente ás condicións da xornada escolar, aos distintos horarios nas escolas e tamén á oferta de actividades formativas complementarias, que incrementa o tempo de permanencia do alumnado nos centros educativos máis aló do seu horario lectivo.

O Partido Popular no Goberno da Xunta pode facelo, claro que si. O problema é que non quen, vostedes non quen facelo. Que este servizo o paguen as familias xunto coas ANPA ou os concellos é mellor para vostedes, mentres continúan así desviando fondos ao sector do ensino privado, que ese é o seu principal obxectivo.



Temos claro que non é función das ANPA ter que xestionar comedores escolares nin tampouco as aulas matinais, nin madrugadores, nin o servizo de almorzos, sen entrar xa nas responsabilidades de todo tipo que asumen ao facelo, responsabilidades civís, legais ou administrativas. Como tampouco parece acaído que haxa unha diferenza de prezos nestes servizos, dependendo de cada centro educativo ou de cada concello incluso. Aínda máis prexudicadas son tamén as familias máis vulnerables, que no ámbito privado non teñen a posibilidade de taxa reducidas.

Entendemos que xestionar toda esta engrenaxe de servizos complementarios non é doado. Por iso para vostedes é cómodo que o fagan pois dende o ámbito local, pero os concellos deben centrarse en asumir as súas competencias propias. Ademais, as condicións destes servizos —como no caso da xestión a través das ANPA— deben ser uniformes para calquera familia en calquera lugar xeográfico do territorio galego, para que exista precisamente esta igualdade de condicións para todas e todos.

É vergoñenta, dende logo, a emenda que presenta o Partido Popular a esta moción, que non pretende mudar nin un ápice a situación actual nin asumir as súas competencias. Dende o Bloque Nacionalista Galego imos mirar de fronte esta necesidade, como non pode ser doutro xeito, situados sempre ao carón de todas as galegas e galegos para mellorar a súa vida. Polo tanto, apoiaremos os acordos propostos nesta iniciativa, xa que sería un paso importante para as persoas que precisan compaxinar a vida laboral e familiar coas escolas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señora Vázquez, eu procuro escoitar e aprender, sobre todo se se escoita dun conselleiro da Xunta de Galicia. Polo tanto, loxicamente, esta intervención está condicionada á resposta que fixo o conselleiro a outra interpelación e non se parece practicamente en nada á miña intervención do outro día. Lamentablemente, no seu caso non podo dicir o mesmo. Porque busque no vídeo onde citei eu a Narón hoxe; en ningún caso, citeino a outra vez. Polo tanto, creo que hai que tratar de aprender e sobre todo aquí hai que tratar de escoitar e responder ao que se di.

Vostede dime que a Xunta de Galicia gasta 14 millóns de euros. ¿En todas as políticas de conciliación gasta 14 millóns de euros?, ¿en todas? Gasta máis. Cincocentos cincuenta mil euros nas ANPA, pero resulta que están excluídas as actividades vinculadas coa alimentación. Polo tanto, madrugadores, que hai un almorzo, están excluídos desta axuda. Polo tanto, non hai axuda para iso.

Di que eu non tiven en conta que estas son competencias dos concellos. Revise o que acabo de dicir, pois dixen tres veces que eran competencias non-exclusivas dos concellos —así, textualmente—. E tamén dixen que non nos empeñamos esta vez, xa que xa non dixen que eran como o servizo educativo complementario; implanten madrugadores como servizo edu-



cativo complementario. Vexamos: ¿que intervención escoitou vostede de min esta tarde? Non se corresponde para nada co que eu dixen. Repito: teñen as ferramentas, teñen a estrutura. Por certo, respecto da emenda —xa a vou contestar agora—, por suposto que non imos aceptar a emenda, porque o que tratamos precisamente é de facer que a Xunta de Galicia sexa consciente de que os servizos de madrugadores non poden ser só un tema social, teñen que ter tamén un compoñente educativo. Despois a Xunta decidirá onde van os fondos.

E, por certo, di que a lei non permite que estas competencias se fagan. Vou ler unha páxina web (*O señor Abalde Alonso amosa un documento.*) —a min encántame cando fan así, pero non se ve nada e, polo tanto, non o vou facer—, (*Risos*) que di: «*Objeto...*» —porque está en castelán— «*...se trata de un servizo complementario enmarcado en las líneas de apoyo a la familia y conciliación de la vida laboral. El servicio se llama programa madrugadores y tardes en el cole para el curso 24-25*». ¿Sabe de que comunidade autónoma é? Dunha moi roxa, moi roxa: Castela e León. Os seus compañeiros de Castela e León teñen este servizo como servizo complementario educativo desde o ano 2009. Non vaian por aí dicindo que somos os mellores, os maravillosos, porque resulta que ao mellor nos equivocamos. E despois de tanto cacarexar aquí —aproveito que está aquí o conselleiro— que iamos ter a matrícula gratuíta en todo o sistema universitario, acabámonos de enterar que é gratuíta o noventa e nove por cento (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ben. (*Risos.*) Por certo, como en Andalucía, que me negaron que non era igual.

Polo tanto, aquí estamos sempre, conselleiro, co «case», e eu quero para Galicia o máximo. Polo tanto, imos manter esta proposta para que realmente os servizos de madrugadores sexan considerados uns servizos complementarios e educativos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate sobre as mocións, procedemos á súa votación.

Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

(*O señor Pazos Couñago pide o uso da palabra.*)

Perdón. ¿Si, señor Pazos?



Déanlle voz ao escano do señor Pazos, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Para pedir, se é posible, a votación separada dos dous puntos que conforman a iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Paréceme que non vai ser.

O señor PAZOS COUÑAGO: Bueno, ¡vamos! (Risos.)

O señor PRESIDENTE: Dixo que non.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galega, por iniciativa de D^a Noa Olalla Prezas Bergantiños, sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Abalde.

Non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.



Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino. Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que a cidade da Coruña albergue a futura sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, unha vez constituída a Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA) polo Goberno do Estado na súa sede de A Coruña, creados os seus órganos e nomeado o director, se proceda a reformular a estratexia galega de IA e os plans e programas de desenvolvemento da IA na nosa comunidade de forma que nos permita aproveitar a oportunidade da existencia da AESIA na Coruña e crear o ecosistema que facilite a implantación de empresas tecnolóxicas e retención e atracción de talento en Galicia.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio García Comesaña, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débeselle engadir un segundo punto á parte resolutiva co seguinte texto:

«2. A dirixirse ao Goberno de España para que posibilite a representación das Comunidades Autónomas, nomeadamente da Xunta de Galicia, nos órganos de goberno da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial, sen prexuízo da representación do Goberno de España.»



A proposta de acordo orixinal será o novo punto 1 da parte resolutiva.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde.

En primeiro lugar, gustárame expresar no nome do Grupo Parlamentario Popular a nosa en hora boa pola designación da cidade da Coruña como a sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial. Unha candidatura que, como todos vostedes saben, foi plenamente respaldada de xeito inequívoco e claramente impulsada pola Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

En maio do ano 2022, o Parlamento de Galicia, esta casa, aprobaba por unanimidade un acordo polo que se instaba a Xunta Galicia precisamente a impulsar esas actuacións necesarias para promover que a Comunidade Autónoma de Galicia presentara unha candidatura para albergar esa futura sede. A verdade é que, en cumprimento dese acordo, o Goberno galego impulsou esa candidatura, que acadou un amplo apoio de todo o sistema sanitario, e quixera aproveitar aquí a ocasión para tamén darlle as grazas ao reitor da Universidade da Coruña por aquel entón por ese apoio do ámbito universitario, pero tamén no ámbito empresarial ou no ámbito social, ata sumar máis de oitenta cartas de adhesión. O que finalmente levou en decembro do ano 2022 a ser seleccionada efectivamente polo Goberno de España e acoller así na cidade da Coruña a sede desa axencia.

A verdade é que a persoa que defendeu esa moción, a miña compañeira Noelia Pérez e o Grupo Parlamentario Popular, daquela e agora seguimos preocupados pola intelixencia artificial, por esa vertixinosa velocidade que leva o seu desenvolvemento, tanto que está levando ao propio Parlamento Europeo a publicar o regulamento. O regulamento será publicado no vindeiro 12 de xullo no *DOE* e estará ademais publicado e entrando en vigor o 1 de agosto, co cal hai vinte e catro meses para poñer en marcha todos os mecanismos da axencia reguladora e para efectivamente cumprir ese compromiso adquirido de que Galicia, e nomeadamente a cidade da Coruña, sexa a sede efectiva desa primeira autoridade nacional de supervisión desta innovadora tecnoloxía.

O Grupo Popular acolleu con entusiasmo e acolle con entusiasmo a iniciativa, pero realmente no pasado mes de abril, meses despois da publicación no *BOE* do Decreto 729, que establecía o Estatuto da Axencia Española de Supervisión e fixaba un prazo de tres meses daquela para nomear o consello reitor e unha data tope do 30 de decembro de 2023 para ter nomeado o director e ese consello reitor, vendo —insisto— no mes de abril que isto non avanzaba, este grupo parlamentario propuxo esta PNL para reclamar do Estado a constitución efectiva desta axencia.

Curiosamente, esa mesma semana que este grupo plantexaba esa PNL apareceu o ministro Escrivá na cidade da Coruña co delegado do Goberno e anunciou as funcións da axencia



—que, insisto, estaban xa publicadas dende había case un ano no *BOE*—, presentou o logo —moi importante— e tamén dixo que empezaría a ter plantilla nos vindeiros meses. Este anuncio, por certo, fíxose sen ningún tipo de representación autonómica, pese a que a Xunta leva meses reiterando o seu ofrecemento a colaborar e mostrando sobre todo a súa posición a favor de que as diferentes comunidades autónomas participen de forma activa na xestión desta axencia. Neste sentido, xa no mes de marzo do ano 2023, a Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial recibiu da man do director da Amtega, no nome da Xunta, esa firme convicción de que as comunidades autónomas deben formar parte dos órganos de goberno da Axencia Española de Supervisión e que siga a considerar que a participación das comunidades autónomas é fundamental en tanto en canto moitas das competencias das comunidades autónomas, por exemplo, educación, sanidade, emprego e política social, entre outras, son áreas definidas como de alto risco na aplicación da normativa europea. E, polo tanto, consideran —neste caso a Amtega e moitas das comunidades autónomas— que é importante a participación das comunidades autónomas neses órganos de goberno da axencia.

En Galicia, ademais, ten avanzado moitísimo, como todo o mundo sabe, e todo o mundo arrimou o ombro para que iso fose así, no caso da Xunta de Galicia co nodo GalicIA ou tamén coa Estratexia galega de intelixencia artificial ata o período 2020-2030. E non só iso, senón tamén que está desenvolvendo unha regulación específica e elaborando unha lexislación propia sobre o uso da intelixencia artificial no sector público autonómico. Este marco legal mostra a nosa dedicación a garantir o uso ético e razoable e seguro da intelixencia artificial, ou tamén o compromiso de facer de Galicia unha rexión pioneira nesta tecnoloxía, promovendo incentivos económicos e fiscais para atraer e fixar empresas especializadas.

A nosa visión, dende logo, é clara sobre a intelixencia artificial, ten ademais obtido recoñecementos de distintas institucións comunitarias. E insistimos na nosa opinión de que é importante que as comunidades autónomas, en xeral, e en particular Galicia, formen parte dese consello reitor ou calquera outra fórmula que se considere oportuna.

Isto ademais establéceo o propio articulado dos estatutos da axencia, nos que se fala de cooperación e coordinación administrativa coas administracións públicas; tamén se fala da posibilidade de facer acordos e convenios. E vendo o artigo 8, por exemplo, nos principios da acción da axencia, fálase da eficacia na súa actuación ou da eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, á parte da imprescindible cooperación institucional. E isto foi trasladado polo conselleiro de Facenda en xuño deste ano, hai un par de semanas, na reunión da Conferencia Sectorial que abordou os aspectos da transformación dixital, e insistíuselle —como digo— en que as comunidades autónomas teñen que participar na xestión directa e activa da gobernanza desta importante axencia reguladora, que —como dicimos— se vai instalar na Coruña. Non o fixo soamente o conselleiro de Facenda galego, senón que o fixeron a maior parte de representantes autonómicos —como dicía—, que lle trasladaron ao ministro o seu malestar polo feito de que as comunidades autónomas non participasen na Estratexia española de intelixencia artificial. E, nese sentido, o conselleiro insistiu en que as comunidades autónomas deben participar e ser tidas en conta na posta en marcha desta estratexia.



Como digo, Galicia está apostando claramente por esta axencia; xa o fixo na candidatura —e volvo agradecer a participación nela de todos aqueles que participaron activamente na defensa da candidatura—, que finalmente conseguiu os seus obxectivos, pero tamén, como dicía hai un momentinho, o está a facer nesa lexislación específica que vai cristalizar en breves fechas no Consello da Xunta, aprobando nas vindeiras semanas o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia, que, tras someterse á aprobación deste Parlamento, por suposto, será a primeira lexislación deste tipo que se adopte nunha rexión europea. *(Aplausos.)*

Fórmulas para que participen as comunidades autónomas no Consello reitor ou noutros órganos creados hai múltiples, e exemplos temos varios: a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Axencia Española do Medicamento, nomeadamente co Comité de Seguridade do Medicamento; a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), que tamén ten un consello reitor no que forman parte as comunidades autónomas... É dicir, hai varios exemplos. Non entramos, evidentemente, en cales, pero si insisto en que é importante que as comunidades autónomas participen no goberno da Axencia.

Neste caso, nós, sobre a proposta orixinal, engadimos un texto insistindo nesta posibilidade, e recollemos a emenda do Partido Socialista, á que lle fixemos algunha proposta de adición. E, dende logo, pedimos aos grupos parlamentarios —a todos— o apoio para que, como dicía, esta axencia non soamente estea implantada na Coruña —que xa está—, senón que, ademais, as comunidades autónomas formen parte dos seus órganos de goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes de novo.

Ben, eu, cando vin a orde do día, dixen: *¡Dios mío!*, ¿a que vén esta proposta neste momento? Porque nese momento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro!, nese momento, estaba anunciado xa o nomeamento do director da Axencia; que, por certo, o director da Axencia ten rango de director xeral, pero foi nomeado por un sistema absolutamente novidoso, que supón a presentación do currículo, e, sobre ese currículo, sen criterios absolutamente en ningún caso políticos, senón de mérito e capacidade, se selecciona o responsable que vai ser o director da Axencia.

Polo tanto, o primeiro que se me ocorreu foi dicir: señores do Partido Popular, a AESIA —parece ser que se di en castelán— xa está aquí, xa está constituída; xa o Goberno de Pedro Sánchez cumpriu coa Coruña e cumpriu con Galicia. Por certo, recoñezan —polo menos neste caso— que o Goberno do Estado si que cumpriu con Galicia.

A pasada semana —repito— o Goberno asinou o nomeamento do seu director, e o ministro estivo na Coruña para firmar coa alcaldesa da Coruña, con Inés Rey, a cesión do espazo da



Terraza como sede da AESIA. Por certo, a elección dese edificio foi un dos grandes acertos da candidatura da Coruña para conseguir, finalmente, este éxito para A Coruña e para Galicia. E aquí quero resaltar o papel fundamental que xogou a alcaldesa da Coruña na consecución desta axencia. Ela foi a que, nunha xuntanza co presidente do Goberno central, con Pedro Sánchez, cando foi a reunión bilateral de España e Alemaña, directamente lle dixo que lle pedía o apoio para a candidatura da Coruña para a AESIA; explicitamente, directamente, e foi o que saíu na prensa. E, por certo, así foi.

Non quero entrar no percorrido —que se comentou aquí— da xestión da candidatura da Coruña para, digamos, ser a candidatura galega para a AESIA, porque aí hai unha serie de cuestións vinculadas fundamentalmente ao funcionamento do Nodo, como a falta de decisión por parte da Xunta de Galicia inicialmente para decidirse por cal das distintas candidaturas que se presentaban ou o funcionamento do propio Nodo de Galicia IA; exposición de motivos que, como sempre, ten moitas lagoas, moitas inexactitudes, e o Partido Popular, como sempre, se olvida de cousas que son moi importantes.

Eu podo dicilo porque estaba alí. Eu estaba en todas esas xestións como reitor da Universidade da Coruña, pero formaba parte do Nodo, formei parte do equipo redactor da Estratexia de intelixencia artificial, a pesar de que son biólogo. Pero, ben, non vou entrar, neste caso, neste debate, que sería para outras cuestións. A realidade é que a AESIA xa está na Coruña, que a AESIA xa está aquí, en Galicia. E, como dicíamos, é unha axencia que é absolutamente pioneira en Europa. As súas funcións son claves para avanzar cara a unha IA que sexa confiable, ética e todo o que isto supón.

Vai xogar un papel fundamental de supervisión. Por iso, é moi importante que teña independencia suficiente para facer a supervisión sobre aquelas entidades que van utilizar a intelixencia artificial. E non só van ser as empresas; as administracións tamén van ser usuarios de intelixencia artificial. Por iso, é necesario que se module a forma en que as administracións e, nomeadamente, as administracións autonómicas que están neste momento despregando unha serie de ferramentas de utilización da intelixencia artificial dentro dos seus sistemas de servizo, nomeadamente a sanidade, a educación... Polo tanto, é moi importante que se manteñan separados os procesos de supervisión dos procesos de execución. Creo que é fundamental o desenvolvemento desta axencia precisamente para iso, para o que dicíamos, para que haxa unha intelixencia artificial responsable, transparente, humanista, sostible e que axude a acurtar as distancias, as diferenzas, e non a incrementalas.

Vou dicir brevemente as cinco funcións que ten a Axencia, porque iso nos vai permitir entender de que se trata: fundamentalmente, actuar como un laboratorio de ideas sobre a intelixencia artificial; desenvolver funcións asignadas —como dicía o representante do Partido Popular— ao regulamento da IA europea; a coordinación coas institucións europeas —é dicir, traballar cara a fóra—; o desenvolvemento das funcións asignadas polo Regulamento europeo de intelixencia artificial aquí en España; a promoción da innovación, e despois tamén participar no debate internacional sobre a IA, onde se establecerían estándares globais.

Eu estou seguro de que no desenvolvemento da Axencia se terá en conta nalgún momento a necesaria coordinación coas comunidades autónomas, pero, iso si, en pé de igualdade; todas



as comunidades, exactamente igual. Polo tanto, creo que xa a propia axencia vai tomar esas decisións no momento en que empece a funcionar.

Aquí estamos no Parlamento de Galicia e teremos que ver que é o que fixo Galicia, que é o que fixo o Goberno de Galicia, mentres se estaba, digamos, decidindo e mentres se estaba traballando para que a AESIA viñese aquí a Galicia. Pois teño que dicir que moi pouco, que Galicia fixo moi pouco. A Estratexia de intelixencia artificial de Galicia é anterior e nin se modificou a constitución e a presenza da AESIA aquí, e xa levan tempo para que iso sexa así. Os plans de implantación de intelixencia artificial nas distintas consellerías seguen igual que no ano 2022, seguen igual que antes da creación da AESIA na Coruña. Os programas e liñas de axuda á implantación de solucións baseadas na IA están exactamente igual, máis alá da citada Lei galega de intelixencia artificial, que cita nun parágrafo a existencia da AESIA, pero que non se reflicte despois no articulado desta lei. E, por suposto, non hai ningunha acción específica que facilite a creación dun ecosistema que permita que as empresas tecnolóxicas —algunhas de moi gran tamaño— poidan asentarse, ubicarse na Coruña, aproveitando que aquí está o regulador, o supervisor e que, ademais, esas empresas nos axudarán a reter e a atraer talento.

Polo tanto, en definitiva, máis alá de declaracións formais, en ocasións baleiras, a Xunta de Galicia pouco fixo para conseguir a AESIA na Coruña. Todos recordaremos o papel do Partido Popular cando se estaba discutindo a reclamación da alcaldesa de Granada, do Partido Popular. O Partido Popular estatal, e tamén aquí en Galicia, púxose de costas para intentar, de paso, aproveitar para criticar o Goberno de Pedro Sánchez, cando a decisión xa estaba tomada.

Polo tanto, creo que é necesario que o Goberno da Xunta de Galicia se poña a traballar, se poña a crear e a consolidar ese ecosistema que permita aproveitar a grande oportunidade de que a AESIA está aquí.

Como noutras moitas ocasións, a Xunta pon deberes aos demais para agochar que, nalgúns casos, fai pouco. Neste caso, os deberes dos outros están feitos. Espero que a Xunta faga os seus.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Abalde.

Ten a palabra o señor Ojea, polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

A elección da sede da AESIA no seu momento provocou unha gran protesta social na cidade de Ourense, como recordarán, porque a cidade de Ourense, e concretamente o Concello de Ourense, facilitou unhas instalacións bastante pertinentes. Hei de ir ver —que non teño o gusto de coñecelas— as instalacións ás que se referiu o señor Abalde na Coruña. Cando teña ocasión, visitareinas para ver se, en efecto, son mellores que as que ofrecía o Concello de



Ourense. E non soamente as instalacións que ofrecía o Concello de Ourense, senón que, ademais, no que eran as bases da convocatoria, a provincia de Ourense estaba mellor posicionada de xeito obxectivo se se tiñan en conta os parámetros de despoboación, de falta de asentamento doutras entidades semellantes, e todo o tema da España vaciada, que había que volver encher, etcétera.

Naquel momento houbo unha gran protesta social, mesmo nos medios de comunicación, por que a Xunta se decantase pola cidade da Coruña ante as facilidades e a opción obvia para nós, que era a provincia de Ourense e a cidade de Ourense en concreto.

Lamentamos moito naquel momento —xa o dixemos, e seguímolo repetindo— que a Xunta non aproveitase a oportunidade para revertir a situación de discriminación que desde sempre denunciámos cara á provincia de Ourense. E hoxe entereime —porque, claro, eu non o sabía— de que quen defendeu esa proposta aquí foi, precisamente, a señora Noelia, unha deputada de Ourense. Non sei se é que o partido lle fixo pasar ese suplicio como unha forma de... Vostedes saben que os grupos desean esas formas de sacrificio, de automutilación, para ser aceptados. Non sei se o Partido Popular lle dixo: tes que demostrar que es dos nosos e no Parlamento defender a opción da Coruña en vez da opción da cidade de destino. Digo eu se sería unha desas probas de ingreso nos grupos que se lles fan; probas de ingreso que saben moi ben os sociólogos e os antropólogos que se fan. Digo eu, ¿non? «*Aparta de mi este cáliz*».

A realidade é que agora a sede como feito consumado... Dáme a impresión, polo que dixo o señor Abalde, de que a Xunta a verdade é que tampouco fixo gran cousa por que fose en Galicia, máis que posicionarse de xeito verbal. Non sei se interpretei ben. Dáme a impresión de que foi o señor Abalde, na súa condición naquel momento de alto cargo da universidade, o que, ao mellor, desde a cidade da Coruña, presionou. Pero, ben, está claro que a Xunta non fixo gran cousa para que fose Ourense a sede, e, polo visto, a verdade é que tampouco —se non interpreto mal as palabras do señor Abalde— tirou gran cousa por Galicia, máis máis alá dun posicionamento mediático puramente verbal.

A cuestión é que, efectivamente, dentro do malo, o mal menor é que sexa A Coruña e non sexa Granada ou outra cidade de España. Se esa é a disxuntiva entre unha cidade galega e unha cidade non galega, pois benvido que sexa A Coruña como mal menor; como mal menor visto desde a óptica dun ourensán.

E unha vez que o feito consumado, o *fait accompli*, é que se vai para A Coruña, pois, loxicamente, apoiaremos todo o que sexa posible, o que demanda o Partido Popular, aceptando xa ese feito, pero recordándolle unha vez máis que, nesas entidades asociadas que poden vir e nesas empresas, non entendo moi ben a relación causa-efecto que pode haber entre o asentamento de empresas e a Axencia, que é unha entidade de control, porque ben sabemos que son empresas que gardan moi pouca relación co asentamento territorial pola cuestión... Pero, ben, se dalgunha maneira, mediante algunha relación causa-efecto que se me escapa, a presenza da Axencia pode atraer empresas do ámbito, pois perfectamente, e se poden ser na provincia de Ourense, tanto mellor.



Como sei que me vai dicir o Partido Popular que gañaron as eleccións e ese é o argumento que lle vale para todo —digo que gañaron as eleccións en Ourense tamén—, voulles contar un chiste, unha piada, como din os portugueses —quédanme tres minutos—, porque aquí se nomearon hoxe moitos personaxes históricos: Anatole France, Otto von Bismarck, Abraham, Lincoln... Alguén nomeou tamén un economista... Foi Keynes, que dixo que se retorcíaa, si. Entón, vou nomear a frase dun humorista, Jardiel Poncela, que di que «*el humorismo es una planta ligera con raíces profundas*». Entón, vuelle contar un chiste: unha vez unha señora maior xogou á lotería e tocoulle o gordo, e, entón, alá van os periodistas todos a entrevistala. E preguntáronlle: ¿e vostede como fixo para comprar ese número? E dixo: pois, mire, moi fácil: sumei o ano de nacemento do meu pai, que foi no 30, o ano do nacemento do meu avó, que foi no 15, e deume 46, e comprei o número. E dille o periodista: pero iso non dá, esa conta non está ben feita. ¡Ah!, ¿quen o vai saber mellor vostede ou eu, que foi a min a quen me tocou a lotería? (Risos.)

Entón, aquí pasa algo parecido: ¿quen gañou as eleccións? Ese argumento válelles absolutamente, ao mellor, para argumentar en contra de calquera cuestión concreta. E digamos que non é homoxéneo o feito de gañar as eleccións co feito de discutir acerca do estado dun paritorio ou dun quirófano; quero dicir, fai falta unha homoxeneidade. A xente que estudou contabilidade sabe que «*lo exigible a corto plazo debe contrastarse con lo liquidable a corto plazo y que lo exigible a largo plazo contrasta con lo liquidable a largo plazo*». E aquí pasa o mesmo, os argumentos xenéricos do estilo de «gañamos as eleccións», non se poden contraponer contra cuestións concretas que se discuten en moitos casos. Dígollo para poñer a venda antes de ferida, porque me van dicir: despois de que fose elixida A Coruña como sede da AESIA, en Ourense volvemos gañar. A min particularmente, e creo que a moitos ourensáns, ese argumento, non nos convence.

¡Noraboa para A Coruña! Parécenos moi ben esa emenda que se fai de que atrae outra clase de cousas. E aproveitei para darlle un pouco un tirón de orellas á Xunta de Galicia e para lembrarlles que «*el sur también existe*», Ourense tamén existe. Para outra vez, a ver se poden tirar un pouquiño máis pola provincia.

Moitas grazas. (Aplausos.)

(Murmurios.) (Risos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Eu recoñezo abertamente que, cando limos esta proposición non de lei, pensamos que estabamos asistindo a unha nova lección práctica do «Manual de sobrevivencia do Goberno do PP», asinado por parte do Grupo do Partido Popular, de: se hai un problema, estratexia



mímame (minimiza, manipula e mente), e, se non hai un problema, estratexia do barbeito: que aren outros, que nós nos sentamos a mirar, a contemplar e a criticar. E nesas é nas que estamos aquí hoxe tamén outra vez: pasando o tempo, a enredar desde a bancada popular como comentaristas, criticando o que non fan outros para disimular o que non fai o Goberno galego, que é o que nos cómpre aquí realmente.

¿E cal é a maneira de tapar o que non fai ou desfai o Partido Popular desde o Goberno da Xunta? Algo moi evidente: invisibilizalo, e invisibilizalo nesta Cámara, e poño un exemplo. Neste período de sesións tan breve, de dez proposicións non de lei que defendeu o Partido Popular aquí, nove foron demandas ao Estado e houbo unha soa demanda ao Goberno da Xunta de Galiza. Unha de dúas: ou ben o Grupo Parlamentario Popular non confía nas capacidades do seu partido para gobernar, ou moito se esforzan en tapar as eivas dese «doce-partito» de consellarías que non gobernan nin saben funcionar para a maioría. (*Aplausos.*)

Vostedes —non o esquezan—, igual ca nós, son deputados e deputadas e podían representar o pobo galego, que demanda o dereito a unha sanidade pública de calidade, mais vostedes escolleron aquí sempre falar de Euskadi. Vostedes poderían demandarlle á Xunta que defenda un trato xusto e equitativo para Galiza na negociación do novo sistema de financiamento, pero escolleron falar de Cataluña e de independentismo. Vostedes poderían terlle demandado á Xunta medidas que garantan o acceso real á vivenda que lle poñan fin á manipulación informativa e á represión laboral da CRTVG ou que anulen a prohibición de aprender en galego na escola, mais vostedes escolleron sistematicamente atacar o BNG. E ¿por que será que escollen nos debates nesta Cámara atacar o BNG? Pois, evidentemente, porque son cada vez máis conscientes de que somos a forza líder da oposición, o goberno alternativo en construción, a única forza que medrou nas pasadas eleccións en porcentaxe de votos e en número de escanos... Si, si, miren, miren perfectamente a composición da Cámara, porque saben que o noso compromiso é con Galiza, para Galiza e desde Galiza, e que somos coherentes aquí, neste Parlamento, no Congreso, no Senado e no Parlamento Europeo; nese Parlamento Europeo onde xa está a traballar desde o minuto un a nosa compañeira e eurodeputada Ana Miranda. (*Aplausos.*) Lamentamos o profundo desgusto que isto lles causou ao Partido Popular, mais realmente o que lles doe é que canto máis contenta está a sociedade galega apoiando o BNG, máis enfadados están no Partido Popular. ¿E como non se van enfadar os galegos e as galegas, incluso agora os deputados e deputadas, neste momento do rexouba vendo como traballan e como actúan nesta Cámara?

Esta PNL foi rexistrada o 3 de abril. Daquela, é certo que podía ter sentido reclamar que se puxese en marcha a AESIA na Coruña, mais, desde logo, a pouco que lésemos a prensa nas últimas semanas vimos que esta é unha iniciativa inicial —porque agora a transformaron— extemporánea. Efectivamente, temos que remontarnos ao 5 de decembro de 2022 para iniciar este percorrido de ubicación da AESIA na Coruña; e tamén nese momento xa anunciaban para 2023 o seu funcionamento. Efectivamente, en xuño de 2024 non está funcionando de forma plena. Si é certo que se deron pasos importantes que o Partido Popular ten que ter lido na prensa, igual ca nós: a aprobación dos estatutos, a constitución do Consello Reitor, o nomeamento do director, o convenio entre o Concello da Coruña e o Estado para acceder ao edificio da Terraza como sede; o anuncio do proceso de selección de persoal —entre 70 e 80 persoas— e un plan de acción para os dous vindeiros anos.



¿Hai demora? Claro que si; evidentemente, si. ¿Precisamos cambiar de marcha e acelerar este proceso para que a AESIA estea en funcionamento? Claro que si. Aí estará sempre a favor o BNG, como estivemos dende o comezo. Se cadra, hai alguén que axudou tamén inicialmente a ralentizar un pouco este procedemento e que cómpre lembrar, porque ¿que fixo, efectivamente, o Partido Popular dende o Goberno local de Granada? Boicotear, denunciar o proceso, crear inseguridade xurídica e deslexitimar unha decisión tomada con criterios; con criterios que, efectivamente, non lle gustaron ao Partido Popular, porque nunca lle gusta nada que non saia da súa man, e con declaracións —como lembrarán— como «unha traizón a Granada», que incluso mantiveron despois da sentenza do Tribunal Supremo.

Dende logo, foi unha mágoa non lle ter escoitado ao Partido Popular galego defender A Coruña como sede diante dos seus compañeiros andaluces. Non lles escoitamos poñer en valor o ben posicionada que está a área metropolitana da Coruña no ámbito do sector TIC. Si, escoiten, a Área Metropolitana da Coruña, esa que sistematicamente un día tras outro e un ano tras outro o Partido Popular segue a boicotear. ¿E por que está ben posicionada? Son 700 empresas. Aínda está a área vinculada co sector TIC, que representan case o 30 por cento do total de Galicia. Son máis de sete mil empregos, que representan o 40 por cento do emprego do sector; unha cidade das TIC en marcha, unha Facultade de Informática de referencia e, se se me permite, cun premio nacional entre o seu cadro de persoal como a catedrática Nieves Brisaboa e con centros de investigación vinculados ás TIC, como o CITIC.

No BNG —téñano claro sempre, señorías do Partido Popular— defendemos AESIA como polo de atracción de empresas do sector TIC, a favor do impulso dos traballos de alta cualificación, da retención do talento e do reforzo con recursos materiais e humanos dos centros de investigación das nosas universidades públicas. Vostedes —volvérono demostrar hoxe aquí— son máis de defenderen os consellos de administración das macrocelulosas de enclave, extractivistas, de arrase colonial e espoliador, como Altri, ou de reactivar a mina de Touro, con todo tipo de beneficios, pola porta grande e a alfombra vermella. Vostedes tamén —volvérono demostrar— son máis de defenderen a privatización dos servizos públicos, comezando pola educación ou pola investigación, como acaba de confirmar o último informe da Airef. Galiza é a comunidade do Estado que menos inviste en servizos públicos fundamentais. Este é o grande logro do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Dámoslle a benvinda ao Partido Popular, ao seu interese pola posta en marcha da AESIA —aínda que chegaba algo tarde na redacción desta iniciativa; agora, insisto, modificada—, como exemplo, ademais, de algo moi importante, que é da necesidade de descentralizar organismos dependentes do Estado, máis aló do furado de Madrid. Non sabemos se lle pediron para isto permiso á súa xefa, a señora Ayuso, quen dixo no seu día que descentralizacións como a da AESIA eran «una majadería y un ataque directo a la capital de España».

Parabenizamos, pois, este exercicio de defensa do descentralismo, señorías do PP. De aí ao independentismo só lles queda un verán.

E remato xa. Poderían vostedes hoxe aproveitar esta iniciativa para exixirlle ao presidente Rueda que rectifique, que cumpra a palabra que deu no comezo desta lexislatura de centralizar as competencias de I+D+i na Axencia Galega de Innovación. Poderían aproveitar esta



iniciativa para exixirle ao Goberno galego que desenvolva a Estratexia galega de intelixencia artificial, presentada en 2021, e da que ninguén nunca máis soubo nada. Poderían pedirle ao Goberno que garanta os dereitos lingüísticos da cidadanía velando pola presenza viva e interactiva do galego nos procesos vinculados á intelixencia artificial, e poderían pedirle tamén o reforzo de recursos humanos e materiais para os centros de investigación vinculados ás universidades, como o CITIC ou o Citius.

Mais vostedes hoxe volveron demostrar aquí que prefiren enredar e disimular á última hora cunha autoemenda, agora transaccionada, querendo ser parte dos órganos de goberno da AESIA. De o quererem facer, xa o poderían ter feito durante todo este tempo, porque non precisan da aprobación desta Cámara para iso. Para querer activar a cogobernanza, primeiro hai que ter proxecto de goberno e, sobre todo, e máis importante, querer gobernar para mellorar a vida das persoas desde a política da intelixencia natural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Señorías, efectivamente, creo que xa o expliquei. En abril de 2024, hai uns meses, a Axencia non estaba constituída. Aínda que os estatutos están publicados en setembro do ano pasado, non se dera ningún paso. Vostede, señora Queixas, di que estaba constituído o Consello Reitor. Mentira, o Consello Reitor non está constituído. Estamos a día de hoxe cunha proposta de nomeamento. Por certo, señor Abalde, está moi ben que o proceso de elección do director sexa así. Gustaríanos que fose así tamén o proceso de elección da sede. Confiamos en que si, máis alá de que vostede diga que foi a señora Inés Rey a que o conseguiu e lle sacou o compromiso ao señor Sánchez. Entendemos que hai un proceso de baremación e que, froito dese proceso, o alcalde socialista —que non do PP— de Granada, non estivo de acordo... ¡Home!, si, si, quen puxo o recurso foi o alcalde socialista de Granada, que despois perdeu as eleccións, curiosamente, e seguiu o do PP, pero quen puxo o recurso foi o alcalde socialista. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Bueno..., pero o Partido Socialista.

En todo caso, eu si que quero reivindicar aquí unha cuestión da que vostede formaba parte. Creo que é un dato importante, máis alá da bronca. Eu entendo, señora Queixas —e incluso, señor de Democracia Orensana—, que hai que aproveitar o tempo. Eu fixen un plantexamento positivo. Creo que entre todos os galegos conseguimos un fito importantísimo, que é que a Axencia estea aquí. A Axencia está aquí por todo o que hai en Galicia, polo que hai na área metropolitana da Coruña. Por certo, non estamos en contra da Área Metropolitana da Coruña, señora Queixas, estamos en contra da forma de levala a cabo, pero da Área, non; e probablemente tamén sumando o que hai en Santiago e incluso o que hai en Ourense. Fíxose un esforzo. Houbo un grupo independente —do que vostede forma parte— que valorou as opcións e apostou claramente por unha proposta, por unha proposta técnica. Polo tanto, non digamos agora que a Xunta non fixo. Creo que a Xunta fixo



un esforzo grandísimo en coordinar todo iso. A carta, o requisito do Goberno para poñer a Axencia era que fose co apoio da Comunidade Autónoma. Galicia posicionouse claramente, primeiro coa intelixencia artificial en Galicia, e, segundo, coa cidade da Coruña. A señora Rei ten o mérito de ofrecer o edificio da Terraza, pero, desde logo, o mérito —e iso apuntábo tamén a señora Queixas— está nesas máis de setecentas empresas da área metropolitana que teñen o 50 por cento da facturación das TIC, non da señora Inés Rey, que tamén. *(Aplausos.)*

Polo tanto, eu creo que vou tratar de recuperar o espírito construtivo desta PNL, que era unha PNL de que «isto non se pon en marcha». Púxose en marcha curiosamente a semana pasada —xa o dixen antes—, agora está en marcha, e o que pedimos é que siga na boa marcha, no que estaba inicialmente plantexado, que é que Galicia e o resto de comunidades autónomas sigan tendo capacidade de decisión no devir da Axencia, porque —como dicía— todo o que se está xogando na Axencia é moi importante para todo o Estado, e especialmente para as unidades autónomas. Están en xogo a educación, a sanidade, o emprego ou a política social. Por iso cremos que as comunidades autónomas teñen que estar nos órganos de goberno da Axencia.

E, dende logo, como ata o de agora, damos total apoio ao que está facendo o Goberno e a Xunta no caso da intelixencia artificial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

O señor GARCÍA COMESAÑA: Si, acéptoa.

Teño que agradecer, neste caso na emenda do Partido Socialista, esa flexibilidade para chegar a un acordo. Espero tamén que o Bloque e Democracia Ourensana se sumen a ela e poidamos ter, unha vez máis, por unanimidade, un acordo deste Parlamento en materia de intelixencia artificial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? (A señora Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.) Déanlle voz ao escano da señora Noelia Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Eu quería pedir a palabra, segundo o artigo 76, por alusións e xuízos de valor.

O señor PRESIDENTE: Ten un breve turno.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Eu quería dicirlle ao deputado do Grupo Mixto que eu aquí defendín que a AESIA viñese para Galicia, e esa batalla gañámola as galegas e os galegos grazas a este grupo que represento nesta Cámara.



En todo caso, se Ourense perdeu unha oportunidade ou non e se a candidatura de Ourense fose tan potente, el debería facerse a pregunta de que responsabilidade tiña nese tema e non vir a este salón de plenos dicir o primeiro que se lle ocorre, a botar balóns fóra e a nomear outras persoas que non tiveron nada que ver con ese tema en Ourense. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gabriel Alén Castro e nove deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que, en colaboración con concellos e deputacións, desenvolva o Plan Pistas Abertas, orientado a poñer á disposición de clubs e familias as instalacións deportivas escolares

O señor PRESIDENTE: Presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que en colaboración cos concellos e deputacións desenvolva os seguintes plans:

«Plan de Pistas Abertas» co fin de poñer a disposición dos clubs e familias as instalacións deportivas escolares e así contribuír a fomentar a práctica de exercicio físico, así como a un aproveitamento máis eficiente dos recursos e instalacións das administracións públicas, asumindo o custo de apertura, da súa limpeza e mantemento.»

«Plan de Infraestruturas deportivas» co fin de desenvolver as actuacións necesarias para a renovación das instalacións deportivas, e acometer a construción de novos equipamentos, nos concellos que sexa necesario.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Iago Suárez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto na parte resolutiva:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a evitar que a prestación dos servizos de conserxaría e limpeza derivados do plan de pistas abertas recaian nos Concellos. Para isto, a Xunta de Galiza fi-



nanciará na súa totalidade o desenvolvemento do plan e sufragará todos os gastos derivados da aplicación deste; e ademais:

- *Levará a cabo as actuacións necesarias para garantir o mantemento das instalacións deportivas dado o desgaste que previsiblemente van sufrir polo desenvolvemento do plan de pistas abertas.*

- *Publicará canto antes o Censo de Infraestruturas Deportivas prometido polo Goberno galego.»)*

O señor PRESIDENTE: Para defender esta proposición ten a palabra o señor Prieto Perille. Cando queira.

O señor PRIETO PERILLE: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Con toda seguridade, señorías, se en algo concordamos todos os grupos políticos con representación nesta Cámara é no convencemento de que fomentar a práctica deportiva é un obxectivo de máxima utilidade pública. Atreveríame a dicir que é un obxectivo de máxima prioridade para a nosa sociedade, tanto para a do presente como para a do futuro, pero temos que ir a moito máis alá, para iso nos elixiron os galegos.

O deporte en xeral, tanto individual como colectivo, outorga ás persoas unha infinidade de beneficios tanto físicos como sociais e de integración. A actividade física realizada xunto con outras persoas dános esa oportunidade de interactuar, de relacionarnos e de aprender leccións de vida. O deporte é o medio apropiado para conseguir valores a nivel persoal e social, afán de superación, integración, respecto, captación de regras, traballo en equipo, etcétera. Ademais, o deporte tamén leva aparellados beneficios en materia de saúde e benestar para a nosa sociedade.

No Partido Popular sempre tivemos claros estes beneficios e, por iso, desde a súa acción de goberno, desde a Xunta de Galicia, sempre se apostou por favorecer a práctica deportiva desde as idades máis temperás ás máis avanzadas, promovendo iniciativas innovadoras, dignas de eloxio e que están incrementando a práctica deportiva na nosa comunidade durante os últimos anos. Son medidas como o Bono Deporte, do que os nenos e as nenas de Galicia con licenza deportiva en cada modalidade deportiva se puideron aproveitar para a compra de material deportivo, o pago de cotas, etcétera; e tamén os adultos, tanto os que practican deporte federado como non federado. Ou medidas como o Bono Actívate, destinado a que aqueles maiores —que desde o Partido Popular coidamos, e moi ben— que tamén practican deporte teñan unha axuda.

A estas dúas iniciativas súmanse programas xa consolidados como o Plan Xogade —un plan que parece que agora ninguén fala del, pero imos pasar agora mesmo uns datos que seguramente son bastante anecdóticos—, dirixido a nenos e a nenas de entre 6 e 16 anos para que non teñan que pagar seguro deportivo nos seus clubs ou nas súas federacións deportivas, senón que llelo paga este plan. Por certo, en Cataluña e no País Vasco os nenos pagan unha cota de 70 ou 60 euros, por exemplo nunha categoría cadete, o que significa que un club ten



que pagar 1.400 euros por unha categoría cadete. En Galicia, os clubs, os nenos ou os pais pagan cero euros en cotas nos de 6 a 16 anos. *(Aplausos.)*

Falamos tamén de iniciativas como o Plan Galicia Saudable, dirixido a apoiar a actividade física en distintos segmentos da poboación, e que foi un dos proxectos pioneiros en materia deportiva do Partido Popular.

En definitiva, somos a envexa doutras comunidades, que ven en Galicia unha referencia en materia de investimento para o deporte nos diferentes programas e unha referencia no seu esforzo investidor en infraestruturas deportivas. De feito, neste 2024, a Xunta manterá o seu compromiso coa mellora da dotación de distintos equipamentos e coa creación e a mellora de infraestruturas deportivas. Deste xeito, investirá un millón cincocentos mil euros para o financiamento da Cidade do Deporte de Ferrol; un millón cincocentos mil euros para continuar coas obras do parque acuático de Monterrei; e un millón catrocentos mil euros para o módulo cuberto de atletismo en Ribeira, entre outras moitas actuacións. Ademais, a Xunta publicará de novo subvencións por un importe de case seis millóns de euros para crear e mellorar infraestruturas deportivas de titularidade municipal e para dotalas de equipamento, ao que hai que engadir apoios directos ás federacións deportivas galegas de diferentes modalidades. En total, señorías, falamos de dezasete millóns e medio de euros en obras e infraestruturas. Isto é apostar pola mellora e as novas infraestruturas deportivas para as galegas e os galegos que practican deporte.

Este compromiso non só vén desde a Secretaría Xeral para o Deporte, senón tamén desde outras consellerías, como a de Educación, que a través do Plan Arquitectura Pedagóxica —que xurdiu durante a pandemia— está a facer unha importante aposta pola mellora dos centros educativos para que sexan máis confortables e eficientes enerxeticamente, e tamén para lograr un uso polivalente dos espazos dispoñibles. Moitas desas melloras realízanse nas instalacións deportivas e supoñen melloras para facilitar a práctica de exercicio físico tanto na sesión de educación física como nos períodos de lecer, ou incluso para os adestramentos e competicións fóra do horario lectivo.

Señorías, agora queremos dar un paso máis, queremos favorecer as condicións para que a poboación galega goce dunha vida máis activa desde a infancia ata a vellez. Tamén queremos que se poida facer un aproveitamento efectivo de todo ese gran potencial que representan as infraestruturas e as instalacións deportivas dos centros educativos. Galicia ten, na actualidade, mil seiscentas infraestruturas nos centros educativos; temos un tesouro de infraestruturas deportivas en centros educativos, dos que, agora mesmo, está sen explotar case o oitenta por cento. *(Aplausos.)*

Agora, para facelo realidade, tamén hai unha cuestión que non debemos de negar: en moitas das cidades, os concellos non son capaces de atender a alta demanda de instalacións deportivas, tanto por motivos orzamentarios como pola falta de espazo e polo volume de practicantes, que, ano tras ano, se está incrementando. Hai que ter en conta que Galicia ten na actualidade máis de trescentas noventa mil licenzas deportivas. Na súa maioría, son nenos que practican deporte, que adestran durante a semana, que compiten durante a fin de semana e que teñen moitas dificultades. Atendan a este dato: só en tres disciplinas deportivas



en espazo cuberto —balonmán, baloncesto e fútbol sala— se disputan máis de mil cincocentos partidos durante a fin de semana. Temos unha gran problemática e queremos formar parte da solución: horarios moi difíciles para a conciliación familiar, franxas horarias complicadas para os máis pequenos, partidos entre semana e que anulan adestramentos, a imposibilidade de facer outros deportes pola concentración de horarios, atropelamento e pouca marxe entre a competición.

Analizada esta situación e incidindo no compromiso polo deporte, pola práctica de exercicio físico, dende o Partido Popular presentamos como un dos nosos compromisos electorais —e ímolo cumprir— o Plan de Pistas Abertas, que busca poñer á disposición de clubs e incluso das familias as instalacións deportivas escolares. Esta idea exige estudala con obxectividade e precisa de disposición de colaboración para tratar todos os aspectos relacionados coas instalacións; aspectos tan concretos como quen abre as instalacións, quen se encarga do seu mantemento, quen de coordinar os horarios para que non interfiran nas actividades escolares, como asegurar os deportistas ante calquera incidencia que poidan sufrir, etcétera. Sería inxusto e irresponsable pensar que esta situación se resolverá de forma espontánea. Por iso, dende o Partido Popular, pedíremoslle á Xunta de Galicia que lidere este programa, para o que é imprescindible —insisto— a colaboración doutras administracións, nomeadamente, os concellos.

Trátase, polo tanto, dun compromiso de goberno do máis alto nivel que facilitará a transversalidade entre a Secretaría Xeral para o Deporte, a propia Consellería de Educación e os concellos galegos. A disposición da Xunta debe ser ceder o uso das instalacións deportivas dos centros educativos da súa competencia e encargarse da súa conservación e do seu mantemento ante o incremento do uso destas instalacións que este plan implica. Sabemos que está disposta a facelo e que pon de manifesto a súa vontade de dar solución a este problema; pero tamén teñen que implicarse os concellos afectados e, se cabe, outras administracións, como poden ser as deputacións provinciais. Neste senso, cremos que un foro ideal para articular todo este programa sería negociar coa Fegamp un convenio marco no que se establezan as condicións que se deberán cumprir polas partes para que a propia Fegamp inste os concellos a sumarse a este tipo de acordo que redundará en beneficio de toda a cidadanía.

Señorías, é certo, xa existen concellos que a través de diferentes fórmulas realizan esta apertura das instalacións fóra do horario escolar, pero non queremos que nin alcaldes nin alcaldesas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRIETO PERILLE: ...de calquera grupo político... Queremos facer un modelo capaz de chegar a todos os concellos galegos, dos máis grandes aos máis pequenos. Os nenos e as nenas de Galicia son a nosa materia prima máis valiosa.

Para finalizar, vou dicir unha frase, neste caso do Partido Popular, moi sinxela: o Partido Popular non quere pavillóns pechados, o Partido Popular quere pavillóns cheos de vida, cheos de enerxía, cheos de deporte e cheos de nenos e de nenas.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señor Prieto, a verdade é que a exposición de motivos desta iniciativa parece un pouco os mundos de Yupi do deporte galego. É unha situación que é bastante contraditoria e que distorsiona un pouco a realidade das políticas de deporte neste país.

Falaban vostedes do Bono Deporte. Ao Bono Deporte, a verdade —como lle dicía o outro día ao director xeral, o señor Lete—, imos darlle unha oportunidade, porque foi o primeiro ano e, entón, sempre é moi mellorable. É moi mellorable porque a verdade é que si que é necesaria unha axuda para todos aqueles nenos e nenas federados, porque a realidade é que é un custo elevado a compra do material deportivo para a práctica do deporte en moitas ocasións. Pero este «café para todos» pois non funciona; haberá que volver convocar este bono, pero en función dos recursos de cada un, non ponderar o mesmo.

Ademais, unicamente foi para unha franxa de idade, que é entre os 6 e os 16 anos, deixando moita xente moza discriminada sen outra medida alternativa que lle impulse a práctica deportiva. E isto a pesar de que temos estudos recentes. Podería sinalarlle aquí a enquisa sobre hábitos deportivos dos españois do Centro de Investigacións Sociolóxicas, ou, centrado en Galicia, a do Clúster galego da industria, do deporte e o benestar do ano 2022. Todos estes estudos conclúen que a poboación galega practica unha actividade moi sedentaria, practica unha porcentaxe moi baixa de actividade física. Incluso os datos do INE do ano 2022 dicían que o 30,5 por cento da poboación galega se declara sedentaria.

Con todo isto, entendemos que as medidas que están a tomar dende a Xunta de Galicia non atallan os principais problemas que marcan estes estudos, sobre todo —como lle dicía antes— enfocado á mocidade, porque ademais os datos do INE din que a mocidade entre 16 e 24 anos son as persoas que maior elevado índice de abandono da actividade deportiva teñen.

Por outro lado, falaba vostede dese Bono Actívate para esa franxa de idade de maiores de 65 anos. Moi ben, unha axuda universal —anunciábaa a Xunta— de 100 euros para esta franxa de idade. Anunciábaa e —repito— segue nese eido aínda, porque é un anuncio, non está materializado. Despois, ¿que nos vén dicir isto? Que tanto a primeira medida como a segunda tiñan un fin electoralista; imos ver que pasa agora, que xa volveron gañar as eleccións.

Vostede falaba agora ao terminar a súa intervención e dicía que o Partido Popular ten unha frase que era: «Queremos pavillóns cheos de nenos e cheos de xente». Iso tampouco se corresponde moito coa realidade do investimento da Xunta de Galicia en materia deportiva.



Voulle falar dese goberno que vostedes tanto demonizan, dese goberno de Emilio Pérez Touriño do ano 2009. No ano 2009, as federacións deportivas recibían da Xunta de Galicia 9,5 millóns de euros, o 0,8 por cento do orzamento; no ano 2024 reciben 7,2 millóns de euros, o 0,04 por cento do orzamento.

Tamén, ese goberno diabólico de Emilio Pérez Touriño, en relación coa promoción do deporte, investía 41,2 millóns de euros, o 0,35 por cento do orzamento. No ano 2024, no que estamos agora, se descontamos da totalidade do orzamento o que se destinou este ano ao Bono Deporte, é moi inferior, porque é o 0,27 por cento do orzamento o que se dedica á práctica do deporte. Polo tanto, a diferenza é notable e a Xunta de Galicia non só reduciu en números absolutos o total da partida dirixida ao deporte galego e ás federacións deportivas, senón que tamén esta partida perdeu peso en relación cos orzamentos totais.

As axudas aos concellos son moi mellorables tamén e, sobre todo, a discrecionalidade e a transparencia coas que se dan estas.

O Plan da arquitectura pedagóxica, un plan, iso si, escrito nun papel que o soporta todo.

Si que concordamos nesa medida que propoñen vostedes, nesa medida de abrir as instalacións escolares para a práctica de deporte para os clubs e as familias; é máis, no concello de Pontevedra levamos isto no noso programa electoral, pero en relación coas instalacións municipais. Cremos que estes espazos están desaproveitados durante moito tempo e que sería un bo recurso para axilizar e facilitar a práctica deportiva —como dicía— naqueles lugares onde se carece doutras instalacións, pero para complementar estas.

Nós coa redacción desta iniciativa —vostede aclarábao agora na súa intervención— sospeitamos que isto é un «invitar a café da Xunta, pero que paguen outros». A realidade é que a apertura, o mantemento e a limpeza destas instalacións tiña que asumilas a Xunta e, se vostede di que a Xunta lidere e que colaboren outras administracións, pois sóanos un pouco raro. Por iso, presentamos esta emenda, porque si que entendemos que deben ser abertas, pero que o seu titular, polo tanto, a Xunta de Galicia, asuma estas competencias. Vostede falaba de chegar a un acordo coa Fegamp e nós compartimos tamén ese aspecto.

Tamén, por outra banda, en relación coa nosa emenda, nós entendemos que, en moitas ocasións, estas instalacións tampouco cumpren as características necesarias que ten que ter unha instalación deportiva. Refírome a características de accesibilidade, de universalidade, de seguridade ou de sustentabilidade. Polo tanto, entendemos que é necesario —ademais disto— e entendemos e defendemos, dende o Grupo Socialista, que esta debe ser unha medida totalmente complementaria e que non debe suplir a necesidade de construír aquelas dotacións deportivas en moitos territorios do noso país que levan demandando a construción e a mellora das súas instalacións durante moito tempo.

Polo tanto, é necesario que o Goberno galego faga un balance da situación na que se atopan as instalacións deportivas neste país e, despois, unha posterior planificación orzada e cun límite temporal. Sabemos que aquí o orzamento é limitado e non se poden cubrir todas as necesidades que demandan os concellos, pero, por iso, é necesaria unha planificación que



permita colocar a curto e a medio prazo todas aquelas obras, todas aquelas actuacións de mellora urxentes en moitos concellos da nosa contorna.

Podía citarlle moitas demandas históricas nalgúns concellos, como o espazo deportivo de Bertamiráns, a terminación do polideportivo de Barbadás, a cuberta do pavillón de Caldas de Reis, o pavillón de Dodro, o motopark de Entrimo, o Club Náutico de Pontecesures, etc., etc., etc. O Goberno da Xunta ten que dar resposta a esta e a outras necesidades —como dicía— creando novas instalacións, mellorando as existentes e adoptando esta medida como complementaria á anterior.

Dicía eu que vostede falaba das obras que se van levar a cabo, das actuacións que veñen rexistradas no orzamento; a verdade é que a nós tampouco nos deixa moi claro na memoria do orzamento o que se vai levar a cabo legalmente, porque o que din é: «continuarase a optimización da rede actual e investirase na construción de novas dotacións», pero sen especificar cales.

Polo tanto, nós entendemos que o Goberno da Xunta non pode suplir a falla de infraestruturas deportivas coas instalacións de centros escolares; estes últimos deben ser lugares para a práctica deportiva, pero complementarios ás infraestruturas axeitadas. Polo tanto, entendemos que, señorías do Partido Popular, se realmente vostedes teñen vontade de que esta iniciativa sexa a de ampliar as dotacións deportivas para que cheguen a máis persoas, para que se poidan beneficiar os nenos, as nenas e os clubs e para levar a cabo a práctica do deporte, nós ímola apoiar, sempre tendo en conta que a xestión destas debe ser consensuada —como dicía— coa Fegamp e a Xunta de Galicia debe asumir a apertura, o mantemento e a limpeza delas. Porque xa sabemos como están de afogados os concellos, con todas as competencias impropias que están a asumir, para que aínda por riba lles botemos outras.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, estamos de acordo, por fin. Aquí, os tres grupos estamos de acordo en que, efectivamente, a práctica do deporte, o exercicio físico é unha cuestión fundamental que se debe promover en todas as institucións nas que sexa posible. Estamos de acordo, por tanto, en que a nosa xente, os nosos veciños e veciñas, especialmente a mocidade, mais tamén as persoas maiores de 65 anos, deben, activamente, facer exercicio físico e practicar deporte. Non hai dúbida. Xa non só por saúde puramente física. O deporte é tamén saúde en moitos outros sentidos, axuda na saúde mental, na socialización, e crea un sentido de pertenza moi proveitoso, especialmente nos deportes de equipo.

Quen participamos do mundo do deporte sabemos moi ben todo isto. Os equipos de calquera disciplina deportiva crean este sentido de compañeirismo, moi difícil de conseguir noutros ámbitos da vida que non sexan o deporte, aínda que tamén se pode conseguir.



Partimos, por tanto, desde unha base de consenso. Espero que todas as señorías esteamos de acordo en que o deporte está ben e que, por tanto, hai que promovelos.

Aquí, non obstante —sinto ter que dicilo—, é onde ao mellor discrepamos un pouco. A campaña de actividade lúdico-deportiva Xogade ten uns obxectivos moi ambiciosos cos que todo o mundo pode estar de acordo, entre eles fomentar a práctica da actividade física como hábito saudable e necesario na sociedade actual e posibilitar que os nenos e as nenas se divirtan realizando actividades físicas. Ese é un dos obxectivos de Xogade: posibilitar que os nenos e as nenas se divirtan. Claro, eu estou de acordo, pero ¿como? Ten que haber medidas concretas, ten que haber algunha maneira de que isto se efective; se non, será simplemente un brindado ao aire.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, temos propostas —levabámolas no noso programa electoral— e medidas concretas para acadar estes obxectivos tamén concretos. A creación dun servizo de orientación e de promoción da actividade física, coordinado entre a Consellería de Sanidade e a Secretaría Xeral para o Deporte, a Consellería de Política Social, a Fegamp e as deputacións. Este plan debería ter un carácter local ou comarcal e dirixiríase, preferentemente, á poboación maior de 65 anos cunha vida sedentaria que, por prescrición médica, dos servizos sociais ou por propia vontade, queira mellorar a súa saúde e condición física.

Unha cuestión que nós tamén reclamamos no noso programa é o traspaso de todas as competencias deportivas, o que implica o traspaso de funcións e servizos das deputacións á Administración galega. Eu sei que a Xunta de Galiza non é moi amiga de reclamar competencias, pero, neste caso, se cadra, pois habería que facelo. Ou o que é moi importante, sobre todo nesta iniciativa, impulsar a colaboración cos concellos para implantar un modelo que vertebre as actuacións conxuntas en materia deportiva para garantir a existencia de escolas deportivas municipais e a participación dos centros de ensino no deporte en idade escolar, pero, evidentemente, non a calquera prezo.

Esta iniciativa que vostedes chaman «Plan de pistas abertas» —diciáo tamén a señora Castro— é o clásico caso de: «invito eu, pero pagas ti; deixo que invite eu, pero paga vostede.» Si, claro, nós estamos de acordo con que se abran as instalacións deportivas nos concellos que teñen certo desuso, sobre todo no verán, claro, pero, ¿quen vai pagar a limpeza?, ¿quen vai pagar o servizo de conserxería que vai ter que estar alí tamén presente?, ¿quen vai facer o mantemento? Coñecendo o Partido Popular —*spoiler*—: os concellos. Coma sempre e outra vez máis os concellos, outra vez ateigados de competencias que non lles corresponden e outra vez os concellos tendo que pagar por servizos que desta vez impulsa a Xunta de Galiza. «Convido eu, pero paga ti».

Vostedes instan, na súa iniciativa, a que, en colaboración cos concellos e coas deputacións, se desenvolva este «Plan de pistas abertas». Claro que si, colaboración institucional, pero sempre tendo un contacto directo en todo momento cos concellos, que son as institucións máis achegadas ás persoas e as que, en moitos casos e tamén moitos concellos do Partido Popular, acaban sufrindo ter que dar estes servizos que moitas veces non poden.



Nun territorio do Estado que a vostedes lles gusta moito: Cataluña —pola cantidade de veces que vostedes a mencionan aquí, entendo que lles gusta bastante—, xa existe unha iniciativa similar, chámase *Patis Oberts*. A diferenza desta iniciativa promovida polo Partido Popular, alí si que está ben feita e ben consensuada; *Patis Oberts* encádrase nunha estratexia de empregar o público como elemento de reequilibrio social e vai máis alá das instalacións deportivas, abrindo tamén outras instalacións ao público, como poden ser as casas da música ou outro tipo de instalacións para que se usen durante épocas onde, ao mellor, non teñen tanto uso.

O que aquí fai o PP non é nada novo, é gobernar a medias. Xa llelo temos dito: non chega con facer que se fai, hai que facer; non chega con facer que se goberna, hai que gobernar. Hai que traballar. E por iso lles pedimos que teñan en conta a nosa emenda. Vendo —ou escoitando, mellor dito— a intervención do señor Prieto, non vexo eu ningún problema para que o Partido Popular acepte a nosa emenda. Nós, ademais de que se abran os centros deportivos para que se usen en épocas onde están máis desusados, pedimos que se evite que esta prestación dos servizos de conserxería e de limpeza, derivados do plan, recaian nos concellos, algo moi sinxelo. Para isto, a Xunta de Galiza debería financiar na súa totalidade o desenvolvemento do plan, así como sufragar todos os gastos derivados da aplicación deste.

Ademais, a Xunta de Galiza debería levar a cabo as actuacións necesarias para garantir o mantemento das instalacións deportivas, dado o desgaste que previsiblemente van sufrir polo desenvolvemento deste plan.

E, por último, pero non menos importante, que a Xunta de Galiza, dunha vez por todas, publique o censo de infraestruturas deportivas, prometido hai bastantes anos e que o Partido Popular e a Xunta de Galiza seguen sen publicar; seguimos sen ter un censo de infraestruturas deportivas que prometeu o Goberno galego, da man do seu secretario xeral para o Deporte, o señor Lete.

Por iso, espero que aquí o señor Prieto e o Partido Popular tomen en consideración esta emenda, porque cremos que vén a mellorar unha iniciativa que, efectivamente, pode ser necesaria e pode ser moi positiva para moitas zonas do país, onde, ao mellor, a xente nova ou a xente máis maior non ten un lugar para desenvolver actividades deportivas, pero, de novo, non pode ser un novo caso de «a Xunta de Galiza promove cousas que ao final acaban sen poder pagar». Gobernen en serio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, señor presidente.

Os portavoces do Partido Socialista e do BNG, dalgunha maneira —como adoitan dicir os galegos—, «sacáronme a palabra da boca» porque, en esencia, pensara en dicir iso mesmo,



e con certo coñecemento de causa, porque no Concello de Ourense, precisamente hai algún tempo e durante algún tempo mantivemos un servizo así en colaboración coa Xunta, pero, ao final, pasado un tempo —en que se mesturaron outras circunstancias derivadas da covid etcétera—, vimos que era inasumible; e se era inasumible para o Concello de Ourense, ¿que non será para os concellos rurais?

Efectivamente, o fácil é abrir a cancela. Abren a cancela e, ¡alá!, que xoguen aí os rapaces; e os rapaces van xogar igual, aínda que a cancela estea pechada, porque, sobre todo nós, nos lugares do rural, todos fomos nenos e todos saltamos por arriba do muro do instituto ou do colexio nun sábado ou nun domingo para xogar, ou a nosa nai non daba feito a remendar os setes do pantalón, cando saltabamos unha tela metálica desas.

Quero dicir que o fácil é abrir a cancela e, despois, ¡claro!, ¿quien contrata os conserxes?, ¿quien contrata a limpeza?, ¿quien contrata o seguro por se pasa algo etcétera, etcétera, señores do Partido Popular? Se se fan cargo, fáganse cargo de todo. E —volvo repetir— falo con coñecemento de causa porque no Concello de Ourense xa pasamos, precisamente, por iso, e démonos conta de que é a Xunta —a administración rica, a administración que ten os cartos— que ten que asumir os gastos. É moi fácil abrir a cancela.

A instalación está máis ou menos feita. Loxicamente ten que cumprir todos os requisitos de seguridade, de accesibilidade etcétera, etcétera, e logo, se se van xogar ou se se van adestrar partidos de índole federado ou de índole profesional, xa para iso haberá que engadir as características que exixen esa clase de encontros profesionais. En todo caso, asuman o resto dos servizos que fan falta, porque, sobre todo nos concellos do rural, sería algo inasumible na maior parte deles ou alteraría de tal xeito as súas arcas municipais, que terían que deixar de dar outro tipo de servizos. Efectivamente, entendemos que o servizo é importante, o servizo é fundamental.

O ser humano é un ser que xoga. Un coñecido investigador, Huizinga, propuxo que, en vez de *Homo sapiens*, nos chamásemos *Homo ludens*, con ese famoso ensaio dese famoso escritor. Entón o ser humano é un ser que xoga, sobre todo os nenos; os adultos practican deporte etcétera, etcétera. E, sobre esas instalacións, é unha verdadeira mágoa que estean durante tanto tempo —agora empeza o período de vacacións do verán—, en moitos casos, teoricamente, pechadas; digo teoricamente porque, na práctica —como dicía ao principio—, a vida é algo máis rica do que escriben os papeis do dereito, e os rapaces, como poidan xogar, usan as instalacións, pero de xeito irresponsable, incluso moitas veces por parte dos pais, desgraciadamente, porque se pasa algo, se se mancan, ¿quien se fai cargo?, etcétera, etcétera. En resumo, señores do Partido Popular, parécenos moi ben a idea, pero parécenos mellor as emendas, sobre todo a última, que ampliaba o espectro de competencias que a Xunta tería que asumir; e eu engadiría unha máis, por poñer algún exemplo máis, que é a dos seguros. E, seguramente, na práctica van aparecer moitos máis problemas, como nos pasou a nós cando fixemos e aguantamos uns cuantos meses con ese programa, pero non é nada doado para os concellos. Entón, asuman, con todas as responsabilidades, a idea que propoñen e, por completo, as competencias.

Grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Prieto Perille.

O señor PRIETO PERILLE: Boas tardes de novo, señorías.

Penso que os datos son os que, dalgunha forma, fan reflexionar, polo menos, se son sincero con eles.

O presuposto de deportes da Xunta de Galicia —como vostedes saben— ascendeu e incrementouse nun 36 por cento. Estes son datos, polo cal o medible non é interpretable. Eran 44 millóns de euros, e agora 56 millóns de euros; iso é unha realidade e está en presupostos.

Despois, canto ao outro apartado, os investimentos en obras, parece que pensan que a Xunta de Galicia tampouco fixo investimentos, non fixo novas obras, novas reformas de infraestrutura, pero foron 17 millóns e medio de euros, polo tanto, con estes dous datos penso que está clara a aposta da Xunta de Galicia, neste caso, polo deporte.

En relación coas emendas, non imos aceptalas, neste caso. As propostas eran «optimizar as infraestruturas existentes e ofrecer aos cidadáns o acceso a dependencias deportivas das que non dispoñen no día de hoxe», pero o esforzo do Plan pistas abertas non pode ser unha decisión unilateral da Xunta, xa que require a colaboración das distintas administracións. Non hai que esquecer que a Xunta xa pon á disposición os pavillóns deportivos nos diferentes concellos de Galicia. A realidade demostra que vostedes non coñecen a orixe deste grave problema; a realidade demostra que vostedes non coñecen o gran problema dos clubs para programar os seus adestramentos e as súas competicións en moitos dos concellos, nalgún deles en que vostedes tamén gobernan; os feitos demostran que non escoitan os seus alcaldes e alcaldesas que teñen acordos porque saben a gran problemática das instalacións deportivas para os seus clubs; os feitos demostran que a vostedes impórtalles pouco eses nenos e nenas que teñen que adestrar pouco tempo e en malas condicións e que teñen dificultades para competir a fin de semana; a realidade demostra que vostedes non queren colaborar e intentar xestionar e chegar a un grande acordo entre todos os grupos parlamentarios, entre as diferentes forzas políticas, a través da Fegamp, nesta problemática que avanza ano tras ano.

Repítolles de novo, temos 1.600 instalacións deportivas en centros educativos. Temos un tesouro que nós estamos explotando. Teñen que falar máis cos seus alcaldes ou alcaldesas. Eu tamén teño coñecidos dos seus grupos políticos, algúns deles dicíanme: «pide a berros esta medida», «entende que este plan é bo para todos e tamén comprende que ten que ser a través dun acordo entre as diferentes administracións», dado que as entidades deportivas —dicíame este alcalde, dun do seu grupo— se lle botan enriba porque non teñen onde realizar a súa actividade. E non son alcaldes nin alcaldesas do Partido Popular; son alcaldes dos seus grupos políticos.

Co seu voto favorable ou sen el este Parlamento vaise facer eco desta demanda e pedir á Xunta que lidere unha fórmula para, en cooperación cos concellos, sacar o máximo aproveitamento posible ás infraestruturas deportivas escolares da nosa comunidade, porque



—insisto— nós non queremos pavillóns pechados, senón cheos de actividade, vida, cheos de deporte e cheos de nenos. Temos un tesouro nas nosas mans e debemos aproveitalo.

Gustaríanos contar co seu apoio e, se non o temos, farémolo evidentemente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para lle dar pulo á promoción do deporte feminino

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(*O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Raquel Arias Rodríguez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.*)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1º. A, de conformidade co artigo 178. 2 e) da LEI 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, atribuír regulamentariamente ao Observatorio da Imaxe da Muller as seguintes funcións relacionadas co deporte feminino:

- a) Fomentar a participación das mulleres na práctica de actividades físico-deportivas.*
 - b) Promover un cambio nos modelos de referencia do deporte feminino.*
 - c) Facilitar o acceso das mulleres aos diferentes niveis de intervención e xestión deportiva.*
 - d) Desenvolver estratexias que garantan o acceso igualitario á participación e á práctica de actividades físico-deportivas.*
 - e) Establecer vías de comunicación e colaboración entre entidades e institucións relacionadas co mundo do deporte;*
 - f) A erradicación da discriminación por razón de xénero neste ámbito.*
- 2º. A que se dirixa ao ente público de Corporación Radio e Televisión de Galicia para que execute, entre outras, accións que promovan:*
- a) Lograr unha maior visibilidade das competicións e o deporte*



feminino na programación e nos informativos.

b) Reforzar a formación de todos os profesionais da Corporación en materia de igualdade e perspectiva de xénero.

c) Promover a adscrición interna do persoal con formación e/ou experiencia acreditada no campo do deporte feminino aos servizos de deportes, respectando na selección a normativa laboral vixente.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2024.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, señor presidente.

Señor Prieto, a verdade é que que nos diga que non sabemos dos clubs deportivos e de como funcionan, cando eu teño dúas fillas federadas que compiten a nivel galego ou cando o voceiro do BNG é presidente dun club deportivo, pois a verdade é que é bastante gracioso; ao mellor é que non coñece vostede as competencias impropias que están a asumir todos os concellos e aos cales non lles gustaría cargar tamén coa limpeza e co mantemento das instalacións escolares. E non sei con que concello falaría vostede para que estea de acordo con isto e para que queira financiar isto.

Pero bueno, sigamos falando de deportes. No pleno anterior falabamos das seleccións nacionais, das seleccións autonómicas, e eu remataba a miña intervención felicitando todos eses deportistas galegos que ían participar nas olimpíadas de París, por medo a que non volvésemos a falar de deportes ata esas datas, pero a verdade é que isto está a ser un asunto prioritario nos últimos plenos. Eu non sei se é ese espírito da Eurocopa, que nos está chegando a todos os partidos, ou que é, pero está ben falar de deporte.

No Grupo Socialista, por suposto, pensamos que o deporte é prioritario. O noso secretario xeral e presidente do Goberno, Pedro Sánchez, dicía o outro día nunha entrevista que instaba a converter o deporte no que debe ser, e dicía: «nunha auténtica política de Estado». E nesa liña tamén estamos nós.

O pasado 10 de abril coñeciamos o resultado dunha enquisa do Centro de Investigacións Sociolóxicas, que era a quinta Enquisa da serie de hábitos deportivos; nesta enquisa saíu á luz un dato alarmante en relación co deporte feminino, que se refería a que só o 8,8 por cento das mulleres ten licenza federativa, fronte ao 21,15 por cento dos homes. Isto significa que, en España, a pesar dos avances en materia de igualdade no deporte as disciplinas con modalidade federada seguen a ser predominantemente masculinas, pero isto tamén se extrapola a Galicia. O Anuario de estatísticas deportivas, elaborado polo Ministerio de Cultura no ano 2022, dicía que Galicia contaba cun total de 281.561 deportistas, das cales só o 23,76 por cento eran mulleres.

Esta cifra, a verdade, é que é máis rechamante nalgúns deportes que noutros, por exemplo, no fútbol. Ese é o deporte con maior número de licenzas femininas, é dicir, unhas 6.606 fichas en Galicia, pero soamente son o 7 por cento por cento das fichas totais dos futbolistas



galegos e das futbolistas galegas. Aínda que hai outras modalidades en que si que existen máis licenzas de mulleres, esas son minoritarias; e, por exemplo, serían disciplinas como a ximnasia ou o baile deportivo. Pero naqueles deportes, cuxa práctica está máis estendida, seguen a predominar os homes respecto das mulleres; falamos tamén de baloncesto, en que só o 32,33 por cento das licenzas son para mulleres ou incluso noutras federacións. En total, reflectía esta estatística que só o 19 por cento, facendo un cómputo xeral, constituía as licenzas das mulleres. A natación, pola contra, é o único deporte en que si hai paridade.

E isto, ¿que demostra? Pois que as mulleres aínda estamos lonxe de ocupar o espazo que nos pertence. O principio de igualdade entre mulleres e homes é un mandado exixido por un gran número de normas vixentes na actualidade. No noso territorio temos que falar desa Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de homes e mulleres; esta lei fala do compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, e atribúe o máis alto grao de efectividade a este dereito constitucional como unha competencia da Comunidade Autónoma. Pois ben, isto vén estender o artigo tres desa Lei do deporte, do ano 2012, a Lei do deporte galego, que fala do impulso da participación da muller nos ámbitos da actividade deportiva, pero esta Lei de igualdade vai un pouquiño máis aló e fala de que a Xunta ten que promover a igualdade entre mulleres e homes na actividade deportiva. Como dicía antes na miña intervención —e recalco agora—, o papel aguanta todo porque, dende a entrada en vigor desta lei no ano 2023, non vemos ningún tipo de medida da Xunta que nos permita afirmar que está cumprindo co establecido na mesma.

Miren, os orzamentos para o ano 2024 no contemplan ningún tipo de partida para o impulso do deporte feminino. Polo tanto, todo o establecido na lei queda en declaracións de vontade. É máis, o Grupo Socialista presentou unha emenda, unha emenda transversal a estes orzamentos do ano 2024 —como xa viñemos facendo outros anos— cunha partida de 1,5 millóns destinada ao impulso do deporte feminino e rexeitada pola Xunta. Esta emenda si que nos permitiría dar cumprimento a eses artigos 71 e 72 da lei 7/2023, do 30 de novembro —esa Lei de igualdade efectiva entre homes e mulleres—, establecer esas obrigas e comprometer orzamentariamente esas obrigas que establece a Administración autonómica; obrigas como a creación e a adaptación das infraestruturas e dos servizos para promover o acceso igualitario á práctica deportiva.

Falaba eu antes dunha das miñas fillas. A outra, que xoga ao fútbol, en moitas ocasións —xa o dixen nalgunha comisión—, non ten vestiario na maioría dos campos de fútbol. Para poder mudarse ten que esperar a que rematen os seus compañeiros ou, no peor dos casos, turnarse tamén cos árbitros para utilizar o vestiario dos árbitros. Polo tanto, na maioría dos casos ten que esperar.

A concienciación tamén é moi necesaria; moi necesaria porque a pesar de vivir no ano 2024 sorprendentemente hai moitas persoas aínda que pensan que existen deportes de nenos e deportes de nenas. Polo tanto, potenciar as mulleres na actividade física e deportiva tamén é importante. Tamén son necesarios uns órganos de goberno nos clubs deportivos cunha presenza equilibrada de mulleres e homes que poida dar esa perspectiva máis igualitaria, a xestión dos mesmos, ou unha formación en igualdade ao persoal técnico deportivo.



Por outra banda, tamén apostamos pola necesidade de reforzar a imaxe da muller no deporte a través dos medios de comunicación. Se, ao final, os referentes deportivos son masculinos, os comentaristas das competicións son homes ou a publicidade sempre ten referentes masculinos desvincúlase as mulleres do deporte. E tamén no deporte profesional. Se vemos na televisión ou na radio públicas que sempre están retransmitidas as competicións masculinas e que as femininas aparecen —no mellor dos casos— nun horario residual e se vemos que sempre abren as seccións do telexornal os deportes masculinos, ao final, estamos falando dun deporte de primeira e dun deporte de segunda.

Por iso plantexamos unha actuación transversal que acade ese impulso ao deporte feminino por parte da Administración, porque nós entendemos que a igualdade queda moi bonita no papel, pero tamén hai que executala. Para iso, establecemos unha proposición que conta cunha serie de medidas. Recibimos unha emenda do Partido Popular coa que non temos problema de chegar a unha transacción e asumir parte dela porque, como dicía antes, é necesario dar un impulso no noso territorio ao deporte feminino. Para iso, esperamos a colaboración de todos os grupos.

Polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

O impulso da participación da muller no deporte, así como a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, son os elementos vertebradores de todas as políticas deportivas da Xunta de Galicia. Así o recolle a propia Lei do deporte, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e así se segue recollendo nunha lei moi recente —a lei da que falaba xa a señora Castro—, que é a Lei para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, aprobada no pasado mes de novembro. Esta última é unha lei coa que Galicia volve ser pioneira, situándose á vangarda da loita contra calquera discriminación contra a muller en calquera esfera da vida; tamén é unha lei que leva unha mención expresa do deporte e, nomeadamente, do deporte de competición. Mais é tamén unha lei aprobada só cos votos do Partido Popular, porque o PSOE e o BNG racharon coa unanimidade que había neste Parlamento en relación aos temas de igualdade. Iso foi o que pasou o pasado mes de novembro. (*Aplausos.*) E iso a pesar de que nós recolleamos as 63 emendas que presentaban os grupos Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Por certo, señora Castro, entre esas emendas non había ningunha que fixese referencia ao que hoxe piden vostedes na súa iniciativa, e o Bloque Nacionalista Galego nin sequera presentou ningunha emenda que tivera que ver co deporte feminino.

A Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes — á que o PSOE e o BNG non votaron a favor — adica os artigos 71 e 72 especificamente á igualdade no deporte. Esta lei, adica, ade-



mais, un terceiro artigo, o 178 —un artigo ao que o PSOE non presentou alegacións—, a recoller a creación do Observatorio da imaxe da muller, que ten unha visión transversal e que, por suposto, vai falar —porque ten que ser así e porque a ten que preservar— sobre a igualdade no deporte feminino. Nós estamos dispostos a que se inclúa isto no acordo. A Lei 7/2023, da que estamos falando, inclúe, ademais, un capítulo relativo á igualdade de xénero e aos medios de comunicación.

En conclusión, todo o que hoxe pide o Partido Socialista xa se inclúe nunha lei á que, hai sete meses, non votaron a favor; ese é o resumo desta iniciativa. (*Aplausos.*) Claro que temos que seguir avanzando, claro que non é suficiente onde estamos e claro que o queremos facer xuntos, por iso, precisamente, presentamos a emenda. Pero os datos obxectivos amosan un importante crecemento da presenza feminina no deporte galego. Así, se falamos de licenzas deportivas femininas, no 2009 representaban o 18 por cento do total e, actualmente, representan o 26,3 por cento. En canto ás deportistas galegas de alto nivel, no 2011 había 95 mulleres, que representaban o 28,5 por cento do total, e hoxe hai 470 mulleres, que representan o 38,6 por cento do total; é dicir, incrementou moito o número e incrementou tamén a porcentaxe. Sen dúbida, estes resultados son froito do traballo das deportistas, das asociacións deportivas e das familias, pero tamén da Xunta de Galicia e das medidas que se están poñendo en marcha.

Aquí falabamos de deporte nos colexios, e imos falar do Programa Xogade. Cando este programa empezou, no ano 2014, o 26,9 por cento eran nenas; e agora son o 38 por cento. En canto a equipos, hai 9.125, dos que o 39 por cento son masculinos, o 38 por cento son femininos e o 23 por cento son mixtos. No Plan Corresponsables, na última edición, o 44 por cento son nenas. E no Plan de patrocinio de equipos de alta competición, a primeira vez que se fixo, no ano 2010, había 84 equipos, dos que 30 eran femininos. Neste momento, hai 228 equipos, dos que case a metade son femininos. Patrocinio especial tamén hai nestes momentos para os equipos de alta competición femininos, ao que se adhíren 34 equipos cun orzamento de 0,8 millóns de euros. Ademais destas medidas, a Xunta asina anualmente coas federacións deportivas galegas varios acordos, entre eles, por exemplo, a adhesión ao Manifesto pola igualdade no deporte, ou exíxelles ás federacións que teñan igualdade á hora de conceder premios, de facer os calendarios oficiais ou de outorgar as axudas económicas.

Falaba vostede tamén dos medios de comunicación e dos medios públicos de comunicación, que teñen certa cadencia a desprestixialos —non sei por que— ou a non poñer en valor o que están facendo, e creo que neste tema en concreto temos que estar orgullosos do que está facendo a Televisión de Galicia. Van xa cinco anos consecutivos nos que a CRTVG é distinguida polo indicador Ardán de «Empresa igual en xénero» do Consorcio da Zona Franca de Vigo, ao que se presentan 35.000 empresas, e só o 4 por cento obtén este distintivo. Ademais, dá cobertura a toda a actualidade que xeran as deportistas galegas e foi, por iso, premiada co Premio do Deporte Feminino Galego pola Asociación de Mulleres Deportistas Galegas. Segundo un estudo da consultora Barlovento, que collía os anos 1999–2019, a CRTVG foi a canle autonómica que máis falou de deporte feminino e, neste ano 2023 —que acaba de rematar—, houbo 1.200 novas —foi o ano que máis houbo— referentes ao deporte feminino, sen ter en conta as retransmisións ou as reportaxes emitidas. Foi tamén a Televisión galega a primeira canle de televisión en ter unha muller presentando a sección de deportes nos seus



informativos. A formación en igualdade non se dá só para os que traballan nos deportes, senón para todo o persoal da Corporación.

Hai que seguir avanzando, estamos de acordo, pero non podemos dicir que non se está facendo nada, porque a maioría das propostas que traen hoxe aquí chegan tarde, xa se están facendo. Aínda así, nós, como sabemos que hai que seguir avanzando e queremos facelo xuntos, presentamos a nosa emenda e aceptamos esa idea de intentar chegar a unha transacción.

Agora, presidente, antes de rematar, permítame só 20 segundos para algo que sei que van apoiar todas as señorías, que é desexarlle moita sorte para mañá ás Guerreiras Laranxas, que van desfrutar e intentar revalidar, por sexto ano consecutivo, o título de Liga. As Guerreiras Laranxas recibiron nos dous últimos anos o galardón de mellor club do mundo, facendo que o club Pescados Rubén Burela de Fútbol Sala se converta nun exemplo, non só no deportivo senón tamén na igualdade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Ojea, ¿vai facer uso da súa quenda de palabra? *(Negación.)* Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente. Vaime permitir unha pequena mención á anterior PNL.

Señor Prieto —con todo o respecto e todo o cariño—, non se poden traer as réplicas escritas da casa. *(Risos.)* ¡Non se poden traer as réplicas escritas da casa! A señora Castro e mais eu falamos de certas cuestións, e vostede traíao lido da casa... Non pode ser. En ningún momento cuestionamos a utilidade do programa, sempre dixemos que o iamos apoiar, pero simplemente que o queríamos mellorar. Se se trae da casa, non se pode. Eu creo que a Presidencia debería prohibir que se traian as réplicas escritas da casa. *(Murmurios.)*

Por certo, ¿sabe quen sabe moito de instalacións deportivas? O señor... *(Murmurios.)* ¡Que barullo! *(Unha señora deputada: Hai que ir ao tema.)* ¡Vou agora ao tema! ¡Non se preocupen! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro que si! Miren, ¡que falen as señorías do Partido Popular de ir ao tema ten traca! ¡Home! ¡É o que me faltaba! *(Aplausos.)* ¡Ir ao tema! Claro que si, imos falar de ir ao tema. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Vostede vaia ao seu, que, se non, aquí non...

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ¡Home!, claro que vou ir ao meu. Non se preocupe.



O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ¿Sabe quen sabe moito das instalacións deportivas? O señor Louzán, e se non pregunten en Moraña. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Non se pode falar. Hai que aprender o Regulamento. (*Murmurios.*)

O Programa Xogade —que mencionou a señora...— (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Así non se pode, señora Prado; un pouquiño de silencio, educación e respecto, ¡home! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non o compliquemos agora. Estamos rematando xa.

Imos con calma todos, por favor. (*Murmurios.*)

Non interrompan; se non, xa sabe que despois isto é recíproco. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio!

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Señora Arias, mencionou vostede o Programa Xogade. O Programa Xogade non empezou no 2014. o Programa Xogade —e aquí agora vou facer unha cousa que eu critiquei noutras intervencións, vou falar do Bipartito— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) foi impulsado polo Bipartito, co BNG na Secretaría Xeral para o Deporte, claro que si. (*Aplausos.*) En todos os... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si que nacera. De todos os modos, Paula Domínguez —«Pauleta»—, Teresa Portela, Xisela Aranda, Alessandra Aguilar, Vanessa Sotelo, Ana Peleteiro ou Marta Brañas son só algúns nomes de mulleres, de deportistas galegas, que levan o nome do noso país polo mundo adiante e que son un verdadeiro orgullo para nós. Todas elas son deportistas de elite, indubidablemente, que tiveron un camiño bastante máis complicado que os homes e que, por iso, merecen o maior dos nosos recoñecementos.

Un dos principais obxectivos que temos como país e como sociedade é, sen dúbida, lograr a verdadeira igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida, tamén no deporte, e, para iso, é imprescindible abordarmos este tema. O deporte foi historicamente unha actividade da que as mulleres foron a miúdo excluídas debido a certos comportamentos da sociedade dos nosos días. Isto provocou que, aínda hoxe, persistan grandes desigualdades entre homes e mulleres no deporte profesional e no amateur, tanto en termos económicos como laborais ou mediáticos. A isto engádese a falta dunha educación con perspectiva de xénero, o que fai que en pleno 2024 aínda sexan necesarios grandes esforzos para rematar con esta situación. Son situacións que se dan no día a día na actualidade. Aínda hoxe recibimos o comunicado do Club de Balonmán Reconquista de Vigo, feminino, que ten que renunciar ao ascenso por causa de non haber financiamento suficiente e por causa de que a súa directiva non se preocupou o suficiente pola súa situación. Estes son casos que pasan no día a día e que pasaron mesmo hoxe.

Así mesmo, seguimos a presenciar numerosos ataques ao colectivo LGBT, que tamén se manifestan no sector deportivo, xa sexa a través de agresións verbais ou, incluso, en moitos casos, lamentablemente, físicas. Esta grave realidade impide que moitas persoas poidan



vivir con normalidade debido á súa orientación sexual ou á súa identidade de xénero. Ademais —xa se falou aquí por parte da señora Arias—, a actual Lei do deporte de Galicia, do 2 de abril de 2012, apenas contempla as medidas concretas para combater a desigualdade e a LGBTfobia no deporte, o que evidencia a urxente necesidade dunha actualización e dunha reforma lexislativa.

Por certo, por se non a leron, a Lei do deporte de Galicia, do 2 de abril de 2012, en máis de cen páxinas só fai unha mención do deporte feminino; así que leccións, ningunha. (*Aplausos.*) Concretamente, di: «Os poderes públicos deben artellar plans, medidas, programas e protocolos de actuación no ámbito deportivo destinados a eliminar calquera tipo de discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual, así como ditar todas aquelas medidas de prevención e actuación que, por tales motivos, poidan conducir a situacións de discriminación, abusos, violencia ou acoso sexual». Por iso nos parece correcta a proposición non de lei do Partido Socialista e estamos en disposición de apoiala, porque tamén se introduce unha cuestión que non é menor, como é a cobertura do deporte feminino na radio e na televisión públicas galegas. Aínda que sabemos do uso tremendamente partidista que fai o Partido Popular da CRTVG, nós non desistiremos de reclamar e de loitar sempre por unha CRTVG ao servizo de Galiza e non ao do Partido Popular.

Non obstante, desde o Bloque Nacionalista Galego, cremos que o tema é o suficientemente importante como para ir un paso máis alá. Cremos que se debe dar un paso máis alá no deporte feminino que unha PNL. Por iso anunciamos hoxe aquí que está rexistrada unha proposición de lei de modificación da Lei, do 2 de abril de 2012, do deporte de Galiza, que traeremos a debate a este Parlamento. Trátase dunha proposición de lei con actuacións e obxectivos concretos que mellorarían, sen ningún tipo de dúbida, a situación actual do deporte feminino no noso país. Desde o BNG, propoñemos a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte e do punto lila en espazos competitivos para facilitar a denuncia de condutas machistas ou LGBTfóbicas. Tamén introducimos unha cuestión tremendamente importante e que non se comenta en moitas ocasións, como son os plans de coordinación familiar ou o plan para a maternidade das deportistas, e, claro que si, a creación das seleccións galegas femininas en todas as categorías, sen ningún tipo de dúbida. É dicir, señorías, apostamos por ir máis alá e legislar en serio sobre un tema que ben o merece.

As nosas deportistas —dicíao ao principio— son o noso orgullo e levan o nome do noso país polo mundo adiante. É labor deste Parlamento que debatamos en serio sobre a súa situación e que deseñemos medidas concretas e non brindes ao aire.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda para o grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas.



Señora Arias, a verdade é que o papel o aguanta todo. Vostede falaba desa lei do ano 2023 e dicía que nós non votamos a favor. Non votamos a favor porque era unha lei de mínimos, pero unha lei de mínimos que vostedes nin sequera cumpren, como dixeran a outra vez tamén en relación á lei de carácter medioambiental. E non cumpren porque, aínda que si que é verdade que todo o que pedimos está na lei, ata o de agora vostede non foi quen de sacar peito de ningunha medida que fixera o Goberno da Xunta para dar cumprimento aos artigos 71 e 72 desa lei. *(Aplausos.)* Limitouse a dicir que é unha lei moi boa e que xa se estaba a facer, pero non deu ningún exemplo. ¿Por que? Porque na realidade no orzamento do ano 2024 non existe ningunha partida destinada ao impulso do deporte feminino, como tiña que existir, de cumprirse a lei. Por iso nós, nesta iniciativa, o que pretendemos é que se cumpra a lei e que se faga un plan cuadrienal no que se establezan as medidas ou a estratexia a levar a cabo para o cumprimento destes artigos 71 e 72 da lei, para impulsar, na realidade, non no papel, o deporte feminino. Porque entendemos que o Goberno galego ten que axudar as mozas e as mulleres a acceder ás disciplinas deportivas para que poidan practicalas en condicións de igualdade.

Sacaba peito dese Programa Xogade, que tiña na actualidade o 38 por cento das mulleres inscritas nel, pero é que somos o 52 por cento da poboación; polo tanto, non creo que sexa unha porcentaxe para sacar peito.

Falabamos tamén da necesidade de visibilizar nos medios públicos o papel das mulleres. O outro día viamos como Vero Boquete comentaba a Eurocopa, e a verdade, aínda que é un feito que parece unha minucia, é moi relevante, porque transmite que as mulleres tamén sabemos de fútbol. Por iso temos que potenciar as grandes deportistas, que, ademais, temos moitas no noso territorio. Dende o PSdeG así o fixemos e demos este ano os premios Maruja Vázquez Suárez a Vero Boquete e Paula Dapena, porque cremos que son un referente para poder pasar esa barreira do sete por cento de mulleres federadas na práctica deportiva do fútbol no noso territorio.

Como dicía, na realidade non existe neste momento ningún tipo de planificación global, e iso é o que pedimos. Esperamos que poidamos chegar a unha transacción que poida aprobar esta iniciativa, porque, como dicía o voceiro do BNG, potenciar o deporte feminino é unha necesidade urxente. Falaba o voceiro do BNG tamén dunha lei do deporte galego. É necesaria unha lei do deporte galego, porque a actual é do ano 2012. Temos que regular unha lei que estea á altura da nova Lei estatal do deporte, que utilice o deporte para vencer o odio e a discriminación e como medida de accesibilidade para todo o mundo e tamén como medida para a saúde. Falaba anteriormente tamén na anterior iniciativa da práctica deportiva e da importancia que ten para loitar contra o sedentarismo e como medida preventiva para a saúde, e eu concordo.

Polo tanto, espero que exista un consenso e que, por fin, todos poidamos traballar, polo menos no eido do deporte feminino, na mesma liña, pero —como dicía— non no papel, senón con orzamento e medidas reais.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.



Son dúas propostas moi interesantes, e nós tamén deberíamos de telas en conta, porque botamos moito tempo sentados. (*Murmurios.*) Si, moito tempo sentados. No próximo período de sesións vai vir o profesor Juanatey e vainos pór a todos a andar outra vez, como nos puxo na pasada lexislatura. Temos que mover o índice de masa corporal, porque cando nolo empece a medir xa veremos o que saca de aí. (*Murmurios.*) Xa veremos. Pero, ben, esa xa é outra cuestión.

Pois nada, ata mañá. (*Murmurios.*)


Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e tres minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonso, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

